



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 150

Sesión plenaria
21 de novembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 57950 (11/PNP-004663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na erradicación da violencia sexual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

4.2 58152 (11/PNP-004684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de resolver os problemas xerados polo proceso de transición derivado do peche da central térmica das Pontes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

4.3 60354 (11/PNP-004865)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de que o Parlamento de Galicia exprese o seu rexeitamento a calquera tipo de amnistía, lembre o necesario compromiso dos poderes públicos co imperio da lei e anime á adopción de acordos de Estado

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 570, do 27.09.2023

4.4 61288 (11/PNP-004954)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que posibilite que a industria electrointensiva, como é o caso de Alcoa en Galicia, poida ser competitiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 25.10.2023

4.5 61472 (11/PNP-004973)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co obxecto de afrontar a crise de produción de castaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023



4.6 61808 (11/PNP-005007)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as accións que no contexto actual debe impulsar o Goberno galego en relación coa violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

Punto 5. Interpelacións**5.1 58611 (11/INT-002734)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis**

Sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

5.2 61714 (11/INT-002857)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis**

Sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

5.3 61795 (11/INT-002862)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre o estado da produtividade das rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 62223 (11/POPX-000123)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre os pasos que deu o Goberno galego nesta lexislatura para avanzar en materia de igualdade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

6.2 62224 (11/POPX-000124)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas que prevé impulsar para reducir o impacto da débeda xerada polo seu goberno nas contas públicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 56641 (11/POP-008773)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis

Sobre cales foron as actuacións realizadas polo Goberno galego para a mellora da dotación e das condicións laborais dos cadros de persoal dos consorcios provinciais de extinción de incendios e salvamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 543, do 11.08.2023

7.2 62221 (11/PUP-000375)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego orientadas a mellorar a prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

7.3 56782 (11/POP-008820)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co remate da vía de alta capacidade da costa norte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 543, do 11.08.2023

7.4 60145 (11/POP-009412)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do traballo desenvolvido polo Goberno central canto á emisión dos informes e das autorizacións para executar infraestruturas hidráulicas en dominio público marítimo-terrestre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 570, do 27.09.2023

7.5 57143 (11/POP-008937)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e dez deputados/as máis

Sobre a situación en que se atopa o proxecto de Altri, en Palas de Rei (Lugo)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 548, do 22.08.2023

7.6 61944 (11/PUP-000372)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre as accións que o Goberno galego pensa realizar en defensa das persoas afectadas pola decisión da compañía Air Nostrum de denegarlles o embarque no aeroporto de Peinador o pasado 4 de novembro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023



7.7 61122 (11/POP-009529)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as peticións dos sindicatos relativas aos dereitos laborais do persoal docente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

7.8 61438 (11/POP-009574)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre as solucións que pensa ofrecer o Sergas para dispor dun servizo de interrupción voluntaria do embarazo e garantir este dereito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

7.9 62153 (11/PUP-000374)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e dous deputados/as máis**

Sobre a modificación da composición do Consello Agrario Galego a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2024

Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os pasos que deu o Goberno galego nesta lexislatura para avanzar en materia de igualdade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé impulsar para reducir o impacto da débeda xerada polo seu goberno nas contas públicas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de que o Parlamento de Galicia exprese o seu rexeitamento a calquera tipo de amnistía, lembre o necesario compromiso dos poderes públicos co imperio da lei e anime á adopción de acordos de Estado. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 26.) e *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 29.)

Nova intervención do señor Pazos Couñago (P). (Páx. 31.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que posibilite que a industria electrointensiva, como é o caso de Alcoa en Galicia, poida ser competitiva. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candía López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 37.) e Sr. Castro García (BNG). (Páx. 41.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co obxecto de afrontar a crise de produción de castaña. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candía López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 46.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Armada Pérez (P). (Páx. 48.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Lourenzo Moura (BNG). (Páx. 52.)

A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 54.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as accións que no contexto actual debe impulsar o Goberno galego en relación coa violencia machista. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 59.) e Sra. Pérez López (P). (Páx. 62.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 65.)

Votación das proposicións non de lei

A señora presidenta (Candía López) dálle a palabra á señora Díaz Varela (S) para que explique o acordo ao que se chegou na proposición non de lei presentada por ela e pola señora Otero Lago (S). (Páx. 67.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na erradicación da violencia sexual: aprobado por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 68.)



O señor Rodríguez Pérez (P) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por puntos da proposición non de lei presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Fernández Alfonzo. (Páx. 68.)

Votación dos puntos 1 e 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de resolver os problemas xerados polo proceso de transición derivado do peche da central térmica das Pontes: aprobados por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 68.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, agás os puntos 1 e 2, sobre as medidas que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de resolver os problemas xerados polo proceso de transición derivado do peche da central térmica das Pontes: rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 69.)

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de que o Parlamento de Galicia exprese o seu rexeitamento a calquera tipo de amnistía, lembre o necesario compromiso dos poderes públicos co imperio da lei e anime á adopción de acordos de Estado: aprobada por 40 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 69.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que posibilite que a industria electrointensiva, como é o caso de Alcoa en Galicia, poida ser competitiva: aprobada por 59 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións. (Páx. 69.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co obxecto de afrontar a crise da produción de castaña: rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 70.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as accións que no contexto actual debe impulsar o Goberno galego en relación coa violencia machista: rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 70.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza). (Páx. 74.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza). (Páx. 79.)



Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro e doce minutos.

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candía López) somete á aprobación da Cámara o aprazamento da interpelación que figura en segundo lugar na orde do día. (Páx. 81.)

O señor Álvarez Martínez (S) pide a palabra e intervén para opinar sobre esta cuestión. (Páx. 81.)

A señora presidenta (Candía López) anuncia unha suspensión da sesión e que se retomará ás catro e trinta e cinco minutos. (Páx. 82.)

Suspéndese a sesión ás catro e quince minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e cinco minutos.

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado da produtividade das rías galegas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 82.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 85.)

Réplica da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 91.)

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre cales foron as actuacións realizadas polo Goberno galego para a mellora da dotación e das condicións laborais dos cadros de persoal dos consorcios provinciais de extinción de incendios e salvamento. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 94.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 95.)

Réplica do autor: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 97.)

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego orientadas a mellorar a prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 100.)

Réplica do autor: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 102.)



Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Eduardo Ojea Arias, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co remate da vía de alta capacidade da costa norte. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 105.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 107.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do traballo desenvolvido polo Goberno central canto á emisión dos informes e das autorizacións para executar infraestruturas hidráulicas en dominio público marítimo-terrestre. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 109.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación en que se atopa o proxecto de Altri, en Palas de Rei (Lugo). (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 113.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 116.)

Pregunta de D. Moisés Rodríguez Pérez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións que o Goberno galego pensa realizar en defensa das persoas afectadas pola decisión da compañía Air Nostrum de denegarles o embarque no aeroporto de Peinador o pasado 4 de novembro. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez López (P)*. (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 118.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez López (P)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 120.)



Pregunta de D^a María Cristina Fernández Davila e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante as peticións dos sindicatos relativas aos dereitos laborais do persoal docente. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 124.)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as solucións que pensa ofrecer o Sergas para dispor dun servizo de interrupción voluntaria do embarazo e garantir este dereito. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 127.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 128.)

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a modificación da composición do Consello Agrario Galego a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2024. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 130.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 131.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 132.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 132.)

Remata a sesión ás sete e dez minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Bo día.

Reanudamos a sesión plenaria. Prego silencio aos señores e ás señoras deputados. Empezamos coas preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os pasos que deu o Goberno galego nesta lexislatura para avanzar en materia de igualdade

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten tres minutos.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor presidente da Xunta de Galicia, pero tamén señor presidente do Partido Popular de Galicia, se o señor Baltar fose membro do Partido Socialista de Galicia, cargo público, onte pola tarde tería presentada a súa dimisión, con base na aplicación do noso código ético. ¿Que vai facer vostede, como presidente do Partido Popular de Galicia, con respecto a este asunto? (*Aplausos.*)

Ontes pola tarde, no contexto da substanciación dunha moción por parte do deputado Julio Torrado, produciuse un lamentabilísimo incidente cando el fixo unha referencia dobremente acertada ao asasinado ministro Ernest Lluch. En primeiro lugar, porque falaba dun tema de sanidade e el era ministro de Sanidade e, en segundo lugar, porque era o aniversario do asasinato desta persoa. Instantes despois de que se producise un certo altercado, francamente penoso, logo dunhas afirmacións dalgúns deputados do Partido Popular, o Partido Popular de Galicia publicaba un chío en perfecto castelán, onde di: «Diputados del PSOE en Galicia hablando de Lluch con melancolía impostada, mientras aplauden los pactos de Sánchez con Bildu.» Señor presidente do Partido Popular de Galicia, ¿que valoración fai vostede desta atrocidade? (*Aplausos.*)

Mire, o Partido Socialista de Galicia leva anos traendo a esta Cámara, en numerosas ocasións, iniciativas e propostas para mellorar en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero contra as mulleres en Galicia. Coma sempre, atopámonos coas negativas por parte do Grupo Parlamentario Popular. Negativas e votacións en contra que advirten de que para o Partido Popular o avance nesta materia non semella ser unha prioridade.

Voulle formular unha pregunta que lle formulei ao seu predecesor con escaso éxito, posto que non ma respondeu. Señor Rueda, ¿é vostede feminista? Porque, francamente, vendo as políticas, cústame pensar que o sexa. Este é un mes negro en violencia contra as mulleres e cómpre reflexionar sobre os datos alarmantes que temos nesta comunidade autónoma, con dúas mulleres asasinadas no que vai de ano, ou case un doce por cento de incremento en denuncias con respecto ao ano anterior. E hai moitos tipos de violencia contra as mulleres: temos as máis recoñecidas, as que recoñecemos todos, como son a física, a sexual, a psicolóxica; e outras menos recoñecidas pero existentes, como poden ser as relacionadas coas novas tecnoloxías, pero tamén a violencia económica.



E aquí é onde as políticas do Partido Popular, señor Rueda, fallan na prevención. Porque a prevención non consiste soamente en facer campañas de baixo impacto, como se demostrou, con andainas ou con cursos escolares. Ou, como por exemplo, algo que perpetúa a violencia económica contra as mulleres, que son as verdadeiras damnificadas desa axuda de cinco mil euros, porque as vai converter en coidadoras non cualificadas e sen ningún tipo de dereito social.

Onte aprobamos neste Parlamento, aprobaron neste Parlamento, unha nova lei de igualdade que, lamentablemente, non acerta no compromiso que deben ter todos os poderes públicos con este asunto. Pero, é máis, nos orzamentos da Xunta de Galicia advírtese...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...Sexa un pouco flexible, como é o señor Santalices, que non nos limita o tempo. Porque isto non son preguntas orais. Con respecto aos orzamentos da Xunta de Galicia, tamén se advirte o escaso interese, porque vostedes practicamente se dedican exclusivamente a administrar o que lles vén doutras administracións. Como, por exemplo, a partida para a conciliación laboral e persoal, que xestionan un noventa por cento de fondos transferidos á Administración autonómica ou o Programa de protección e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que o setenta por cento provén doutras administracións.

Señor Rueda, tendo en conta estas tres realidades que lle acabo de expoñer, preguntolle: ¿que pasos reais e efectivos deu o Goberno galego nesta lexislatura para avanzar en materia de igualdade?

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Álvarez.

Para dar resposta, ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Álvarez, bos días.

Curioso é o código ético que teñen vostedes, eh. Se a un senador o imputan ten que dimitir; se a un alcalde o condenan, pode seguir sen ningún problema. Esa é a enorme diferenza... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non. Señor Álvarez, que lle pasen ben os papeis, que llos pasen completos, porque se non entra nesas incoherencias.

Por certo, mire, vostedes pactan con Bildu. Bildu non condena o terrorismo. *(Murmurios.)* Non sabemos o que pactaron, iso si, pero isto é o que hai. Bildu non condena os que asasinaron e vostedes pactan con Bildu. Señor Álvarez, xa que trae o tema... *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Comprendo que lle fastidie moito que llo



recordemos, pero é así. E mentres sexa así haberá que recordarllo, para a súa vergoña, moitísimas veces.

Mire, preguntábame se son feminista. Que manía teñen vostedes de querer ser superiores nestes temas e de poñer etiquetas e, a partir de aí, xulgar. Hai cousas que a política non debería impregnar e vostedes impregnan todo coa política. Ese mandamento do señor Sánchez de levantar un muro ideolóxico contra os que non pensan coma vostedes, vostede cumpreo a raxatabla, como todo o que vén de Madrid.

Pero, claro, cando se fai política con estas cousas vense as incoherencias e tamén as inconveniencias. «*Te deseo suerte y valentía para incomodar a los amigos de cuarenta y cincuenta años del presidente. A mi me echaron por hacer lo que vine a hacer, que es defender el feminismo y a las mujeres*». ¿Dáse conta, señor Álvarez, de que vostedes disto deberían dar moi poucas leccións? ¿Dáse conta de que deberían intentar ver que aquí, máis alá da política de partido, da política ideolóxica —vostede facíame unha pregunta como presidente do Partido Popular en Galicia, que o son, e polo tanto voulle responder como presidente do maior partido de Galicia—, que non debería facer política coa igualdade das mulleres, señor Álvarez? Síntoo moito, síntoo moito. (*Aplausos.*)

E se quere facer política faga política da boa, como intentamos facer nós. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) Si, xa sei que a vostedes todo o que non lles gusta lles provoca risa, pero este é un tema moi serio. Polo tanto, creo que tan cerca do 25-N deberíamos falar en serio de todo isto. E, por suposto, facer balance. Vostedes están na oposición desde hai moito tempo e nós levamos uns cantos anos no goberno. Polo tanto, temos que dicir o que fixemos nun tema tan importante.

O primeiro, dedicarlle moitos máis cartos que vostedes: catro veces máis. Xa sei que non é só cuestión de recursos, pero tamén é cuestión de recursos. Home, cando se inviste catro veces máis en promover a igualdade e loitar contra a violencia machista, os resultados vense. En 2012, constituída a Rede de Entidades Locais contra a violencia de xénero. En 2013, personación da Xunta nos procedementos penais en casos de morte por violencia machista. En 2014 constituíuse o Observatorio galego e púxose en marcha o Centro de Recuperación Integral das Mulleres que, por certo, vostedes non o querían. No 2016 lanzouse un programa pioneiro de apoio á inserción laboral de mulleres vítimas de violencia machista. En 2017, primeira comunidade en formar o persoal autonómico en igualdade e prevención contra a violencia machista. En 2019, bonos de alugueiro social estendidos ás vítimas de violencia machista. En 2021 nas leis galegas recoñécense novas tipoloxías de violencia machista, como a de xénero dixital ou a violencia vicaria. No 2023 apróbase o II Plan galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade; mil cen millóns de euros. Plan transversal; I Plan de igualdade da Administración autonómica. Acabamos de aprobar onte —vostedes non foron capaces de votar a favor— a Lei de igualdade entre mulleres e homes. Seguimos dando pasos decididos, señor Álvarez.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Si, señora presidenta, remato xa.



Hai moitos datos, pódollos dar na segunda parte. Vostede coñéceos de sobra. Non mos vai recoñecer. Vai dicir que non é así e, se son así, vai dicir que tiñan que ser doutra maneira. Porque a ideoloxía é o que o impregna todo en asuntos serios. Afortunadamente, nós non somos iguais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de réplica, señor Álvarez. Ten vostede dous minutos.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Bueno, pois ben.

Falo para a sección non-Vox do Grupo Parlamentario Popular. ¿Vostedes de verdade se senten cómodos e cómodas con este chío, falando de «melancolía impostada»? ¿Vostedes de verdade cren que isto é aceptable? Francamente, con respecto ao autor ou autora intelectual desta atrocidade, só teño unha valoración culinaria: «*Me gusta la fruta*». (*Risos.*)

Mire, señor presidente, fala vostede de que multiplicaron por catro os fondos propios e non é certo. Multiplicaron por catro nada, porque no último goberno do señor Pérez Touriño había corenta millóns de fondos propios para estas políticas; vostedes teñen de fondos propios dezaseis, o resto son fondos alleos á Comunidade Autónoma. (*Aplausos.*)

Veñen vostedes aquí cun descaro sen precedentes, pretendendo dar leccións de igualdade, de loita contra a violencia de xénero e dicindo que non se pode facer política. Ata onde eu sei, este é o Parlamento de Galicia e, polo tanto, aquí faise política. (*Aplausos.*) Ningunha lección nos poden dar. ¡Ningunha! (*Aplausos.*) Cando vostedes, o Partido Popular, obvian se lles convén a violencia de xénero para pactar con Vox, dicindo que a violencia de xénero é unha obviedade. Non é unha obviedade. O que é é unha desgraza, unha traxedia social e cultural. Cando o Partido Popular non condena manifestacións do señor Núñez Feijóo dicindo que un determinado individuo en Valencia tivo un divorcio duro e «*conllevo un abuso verbal hacia su mujer*». (*Aplausos.*) Vostedes non están en condicións de dar ningunha lección a este partido en materia de igualdade e de loita contra a violencia machista.

A lei que aprobamos onte non vai ser unha lei eficaz, por moito que xa fora anunciada a bombo e prato polo señor Núñez Feijóo no seu momento. Vostedes, que fan campañas infames coma esta, señor Rueda, (*O señor Álvarez Martínez amosa unha fotografía.*) na que se corresponsabiliza unha muller dunha posible agresión que poida sufrir. ¡É inadmisíble, señor Rueda! (*Aplausos.*) Mire, leccións, ningunha. ¡Leccións, ningunha! (*Aplausos.*)

Vou rematar, señora presidenta. Miren: «*cuando llegaron ellas, para asaltar el cielo, habían perdido tanto que perdieron el miedo. Y, de camino a casa, no quieren ser valientes. Sólo quieren ser libres*». E este si, Ismael Serrano. (*Aplausos.*) Esta muller desta fotografía quere ser libre para correr pola mañá, pola tarde ou pola noite. ¡Cando lle pete! (*Aplausos.*) Con mallas de deporte ou sen mallas de deporte. Señor Rueda, aposte vostede pola igualdade e pola prevención contra a violencia de xénero.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Álvarez.

Ten novamente a palabra o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señora presidenta.

Señor Álvarez, sexa serio. ¿Quere que me dirixa á sección non-Bildu do seu partido? ¿Quere que pregunte se hai algún deputado ao que lle repugna pactar cunha organización política que non é capaz de condenar ningún asasinato, incluído o asasinato do señor Lluch? ¿Quere que faga todo iso, señor Álvarez? Se quere, facémolo; xogamos a ese xogo.

Eu non lle dixen que non se viñese aquí facer política. O que lle dixen é que non se debían poñer os planteamentos ideolóxicos —os seus— por enriba de todos os demais, que é o que vostede fai. E, se non concordan, pois entón as cousas non se fan ben, baixo ningún concepto.

Mire, xa lle dixen que non o ía convencer. Teño moitos datos. ¿Que é iso de que «non, é que os cartos que nós manexamos non son nosos porque nos veñen de fóra»? (*Murmurios.*) Unha vez que entran nos orzamentos da Xunta, son orzamentos para todos os galegos, que somos tamén responsables de como os manexamos. E por iso respondemos. E agora resulta que non, que hai cartos con pedigree, que veñen dun sitio ou veñen doutro. ¡Vaia maneira de xestionar que teñen vostedes! Deus nos libre de que teñan que encargarse de xestionar cartos que son duns ou que son doutros. Son de todos os galegos e xestiónaos a Xunta de Galicia, señor Álvarez.

Mire, poderíalle dicir tantas cousas de como encaran vostedes todo o que ten que ver coa igualdade e coa violencia machista, que prefiro resumirlo no seu presidente Sánchez. Despois de dicir que era o goberno máis feminista, o goberno que máis cousas maravillosas fixo pola igualdade das mulleres nestes cinco anos, en canto puido librouse da ministra que levaba eses temas, señor Álvarez. (*Aplausos.*) Polo tanto, xa me dirá vostede como se compaxina facelo todo ben nesa materia e cargarse a que estaba facendo as cousas ben, teoricamente, que onte xa nos deu en vivo e en directo unha exhibición da coordinación que había dentro dese goberno en temas tan importantes. Botárona por defender as mulleres, por facer as cousas ben en materia de feminismo. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso nos explicou, señor Álvarez. Isto é o que hai. (*Murmurios.*)

Mire, dá igual que agora mesmo o desemprego feminino en Galicia... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

(*O señor presidente da Xunta de Galicia fai unha pausa.*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.



Dá igual —dicía—, dálles igual a vostedes, que o desemprego feminino agora mesmo estea en mínimos dende que hai rexistros. Dá igual que o número de mulleres que cotizan á seguridade social sexa un trece por cento superior ao ano 2009, cando estaban vostedes. Dá igual que sexamos a segunda comunidade con máis proporción de mulleres entre as profesionais por conta propia. Dá igual que a fenda salarial en Galicia estea por debaixo da media europea. Dá igual que fagamos un esforzo pioneiro en conciliación e educación infantil, que vostedes acaban de prometer —a ver se o fan— estendela a toda España e, polo tanto, tamén colaborar en Galicia. Dá igual que leve xa tempo aplicado en Galicia. Dan igual as casas niño, dan igual os bonos concilia, dá igual practicamente todo.

A súa bagaxe —e teño que dicírllelo así— é botar cando puideron, non antes, a que se estaba encargando destas políticas dentro do seu goberno, deixarnos centos de delincuentes sexuais na rúa —que diso xa é mellor non falar na véspera do 25-N— e politizar e ideoloxizar o máis importante. Eu alégrome de ser un goberno que fai todo o contrario, que inviste moitísimo máis cartos que vostedes, porque lle damos moitísima máis importancia. Se resulta que non son nosos pois, oia, mire que listos somos que, collendo os cartos dos outros, dedicámolos ao que hai que dedicalos.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, presidente.

Continuamos.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé impulsar para reducir o impacto da débeda xerada polo seu goberno nas contas públicas

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta por tres minutos ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Señor Rueda, hoxe imos falar da débeda. Eu xa lle adianto que para o BNG endebedarse non é negativo. Depende de como e, sobre todo, de para que, porque é certo que este é un recurso moi importante que se pode utilizar para xerar riqueza e emprego.

Pero vexamos que pasou coa débeda pública en Galiza. O Goberno do Partido Popular triplicou a débeda pública até os 14.156 millóns de euros, se sumamos as colaboracións público-privadas; nada menos que 5.243 euros por habitante. Nunca, señor Rueda, nunca na historia deste país tiveramos tanta débeda. Esa é a herdanza do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Pero o grave é que o Partido Popular triplicou a débeda pública mentres recortaba en sanidade, en educación e en servizos públicos. Triplicou a débeda mentres non era capaz de



construír nin unha soa residencia pública. Triplicou a débeda mentres dinamitada a política social de vivenda. E triplicou a débeda mentres desaparecían miles de postos de traballo na pesca, na industria ou no agro do noso país. ¿E sabe que se preguntan os galegos e as galegas? ¿En que gastou estes cartos, señor Rueda? ¿En que gastou estes cartos?

Pero é que hai unha segunda cuestión que é moi importante, e é con quen temos contraída esta débeda. Porque o seu goberno decidiu renunciar aos fondos públicos do Estado a través do FLA e preferiu endebedarse coa banca privada, que, como todo o mundo sabe, é unha ONG que sempre está velando polo interese xeral.

Eu non sei, señor Rueda, se vostede tivo a oportunidade de ler este informe do BBVA, «Endebemento das comunidades autónomas», de setembro de 2023. Recomendollo. Recomendolle que o lea, porque ¿sabe que explica este informe? Explica que as comunidades autónomas que, como Galiza, renunciaron a acudir ao FLA o que teñen é que están pagando máis pola débeda, un punto porcentual máis. É dicir, que o Partido Popular tomou unha decisión que ten consecuencias moi graves para este país. Estamos pagando máis pola débeda; concretamente, até mil catrocentos millóns de euros máis desde o ano 2012, simplemente porque o Partido Popular decidiu darlle cartos e ganancia á banca privada. A consecuencia é que triplicaron a débeda mentres estaban recortando en servizos públicos e, ademais pagamos máis, até mil catrocentos millóns de euros.

É impresionante, señor Rueda, un negocio redondo para a banca que acaban pagando os galegos e as galegas. Así é como goberna o Partido Popular. (*Aplausos.*) Vou rematando. E fíxese se era así que até o señor Montoro —o señor Montoro, non a señora Montero— no seu momento lles dixo que ían pagar máis e que era un erro o que estaban facendo.

Por iso eu hoxe quero preguntarlle, señor Rueda, se vai realmente aproveitar o acordo do BNG para negociar unha redución desta débeda ou simplemente vai perder esta oportunidade porque non tolera que ese acordo o negociase o BNG e non vostede.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Fai o que di a banca privada pero non lle pida os cartos á banca privada. (*Risos.*) Ese é o seu resumo, señora Pontón. ¡Menuda autonomista é vostede! ¡Menuda nacionalista! Resulta que había que ir ao FLA, que che quitaba toda capacidade de xestión, que te interviña directamente e non che deixaba facer nada. ¿Vostede está de acordo con iso? Está ben sabelo. Mire, hai unha película que se chama *As dúas caras da verdade*. Recomendolla tamén moito, para que me diga cal é a súa verdade.



Agora resulta que hai que reducir a débeda. Vostede di: «non, eu non digo que non». Non, vostede sobre a débeda xa dixo todo: que había que endebedarse, que non había que endebedarse, que había que pedirlle á banca privada, que non había que pedirlle á banca privada, que había que seguir os datos da banca privada porque eses si que son fiables... ¿En que quedamos, señora Pontón?

Resulta que cando vostede nos chamaba «apóstolos do austericidio», defensores da tacañería de non endebedarse, resulta que o que estaba facendo ¿era eloxiarnos, entón? (*Murmurios.*) Eses eran eloxios, era o que había que facer. ¿A quen creo eu? ¿Á Ana Pontón —xa estaba vostede, xa levaba moitos anos— de hai trece ou catorce anos ou á Ana Pontón de agora? ¿Cal é neste momento a súa posición? ¿Que teño que facer? ¿Que temos que facer? Mire, o que temos que facer é o que estamos facendo, que é ser un goberno responsable e que se endebeda.

Claro, vostede cos datos xa sabemos o que hai; a súa manipulación e a súa parcialidade lévaa sempre a contar o que lle interesa, non a contar a historia de verdade. Aínda que cite as súas grandes fontes, que son as brancas privadas, citaas parcialmente para que non se lle estropee o conto. Que se non, claro, tería que dicir a verdade e a verdade é que vostedes en catro anos que estiveron —porque non estiveron máis, que se non ¡meu Deus, o que pasaría aí!— incrementaron a débeda un vinte e tres por cento. ¿Sabe que é o que fixemos nós? ¿Cal foi o noso ritmo de crecemento durante catorce anos? Un seis por cento. Vostedes un vinte e tres por cento en catro anos; nós un seis por cento durante todos estes anos. ¿Quere outro dato? Vostede xa estaba votando os catro orzamentos do Bipartito. ¿Sabe en canto se endebedaron en catro anos? En catro mil millóns. E iso que era época de bonanza e iso que era a época onde había moitos ingresos públicos sen necesidade de endebedarse. ¿Sabe vostede que foron a terceira comunidade autónoma que máis incrementou a débeda nunha soa lexislatura, señora Pontón? ¿Sabe vostede que nós somos a comunidade autónoma que en catorce anos menos incrementou a débeda? ¡Menos! (*Aplausos.*) ¡Claro! Claro que nos endebedemos, como absolutamente todas as comunidades autónomas. Moitísimo menos que a maioría, moitísimo menos que todas esas que vostedes acaban de rescatar e que me temo que serán as únicas rescatadas, señora Pontón, co seu apoio.

Mire, vostedes conseguiron deixarnos por enriba da media de débeda sobre PIB; hoxe estamos 6,5 puntos por debaixo. ¿Quere máis datos? No ano 2009, cando saíron do goberno, Galicia era a quinta comunidade con máis débeda per cápita; hoxe somos a cuarta comunidade con menos. Máis datos: dous mil cincocentos millóns de facturas sen pagar nos caixóns en catro anos que, por suposto, houbo que pagar. Vostedes dixeron no ano 2011 que fixar na Constitución a regra de estabilidade orzamentaria era un disparate que só favorecía os usureiros. Tamén dixeron que o FLA era un instrumento recentralizador de Rajoy, unha receita da Troika e unha volta de torca centralista antisocial. O FLA, que nos acaba de dicir que tiñamos que pedir. (*Aplausos.*) ¡Señora Pontón! ¡Señora Pontón!

Mire, maldita hemeroteca e maldito *Diario de Sesións*, sobre todo en cousas tan serias e, sobre todo, cando falta coherencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica ten novamente a palabra a señora Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Rueda, por moito que vostede se enfade e se altere nestas preguntas, (*Protestas.*) xa lle digo que nós imos seguir denunciando a súa mala xestión, tamén en materia de débeda. Unha xestión nefasta, señor Rueda. ¿Sabe por que? Porque, mire, vostedes déixannos un problema de débeda pública sen precedentes, 14.156 millóns de euros en catorce anos. ¿E vén aquí dicirnos que a culpa é do Bipartito? Señor Rueda, por favor, ¡un pouco de seriedade e pónase a traballar! (*Aplausos.*)

Mire, eu xa lle anuncio que, se o próximo ano teño a confianza dos galegos e das galegas para ser a súa presidenta, unha das primeiras medidas que tomaremos será unha auditoría da débeda pública de Galiza. Queremos saber con quen temos esa débeda e en que condicións. Porque, fronte á súa opacidade, nós ímoslle dar transparencia a este país. (*Aplausos.*) Porque é moi evidente que vostedes, señor Rueda, tomaron decisións en contra de Galiza única e exclusivamente por propaganda política e, ademais, para beneficiar a banca. Porque, dígame, señor Rueda: ¿que comunidade autónoma desapareceu por acudir ao FLA? Díganos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Perdón! Creo que hai algunha deputada do PP que tamén quere participar, eu pídlle, presidenta, se lle pode dar tamén o turno.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Non pode, señora Pontón. Non se pode.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Pois dígame, señor Rueda. O que lle ten que explicar vostede aos galegos e ás galegas é por que; por que vostedes preferiron acudir á banca privada, cun sobrecusto de mil catrocentos millóns de euros desde o ano 2012. E fíxese se é así que até o está recoñecendo a propia banca privada nos seus informes. É que están recoñecendo até os bancos que as condicións que ofrecía o Estado eran moito mellores que as condicións que puxeron eles sobre a mesa. ¿Cal é o resultado desta nefasta xestión? Que hoxe a débeda representa o dez por cento do orzamento. O ano que vén imos dedicar a pagar débeda mil cincocentos millóns, o dez por cento do orzamento. É, despois de sanidade e educación, a terceira partida á que máis cartos se lle dedican na Xunta de Galiza.

E o que vostede non respondeu — non sei por que, señor Rueda — é que vai facer nun asunto tan importante. O BNG puxo sobre a mesa unha posibilidade, un acordo que abre unha porta para solucionar o problema que creou o Partido Popular. Nós o que queremos saber, señor Rueda, é se vostede vai negociar no tempo que lle queda como presidente unha quita da débeda si ou non. Porque o que resulta clamoroso é velo a vostede, que non consegue nada para Galiza, día si e día tamén criticar o acordo que conseguiu o BNG, que entre outras cuestións establece igualdade de trato na quita da débeda. ¡Igualdade de trato, señor Rueda, claro que si! (*Aplausos.*)

E é que, ademais, estamos facendo o traballo que non fai vostede. E creo que este é un tema o suficientemente serio, porque o seu conselleiro de Facenda viña dicirnos este luns que



Galiza non necesitaba reducir a súa débeda. E a min sorprendeume moito esta afirmación. Dígoo porque neste Parlamento hai pouco menos dun mes aprobamos unha proposta que transaccionamos co Partido Popular desde o BNG...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...na que dicíamos que, no caso de condonación de débeda das comunidades que se adherisen ao FLA, se compensase equitativamente as comunidades que non o fixeron. É exactamente o que conseguimos no acordo de investidura do BNG.

O que hoxe teñen que dicirnos é se realmente, señor Rueda, vostede vai poñerse a traballar para defender que este país teña unha redución de débeda ou simplemente por sectarismo político vai estar nesa posición na que está, que é de oposición a todo e de oposición en contra de Galiza. Temos un goberno que lle está facendo oposición a Galiza.

Dende logo, señor Rueda, é importante que nos aclare isto, porque non é unha cuestión menor. ¿Vai solicitar esa condonación da débeda si ou non? É fácil, responda. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Ten a palabra novamente o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Pontón, eu non me enfado; abúrrome. Xa llo dixen o outro día. Abúrrome da cara dura que lle botas vostede dando datos. Ao primeiro —está no *Diario de Sesións*—, vostede dicía que o FLA era un desastre, a Ana Pontón do ano 2012. A Ana Pontón do ano 2023 só se parece á do ano 2012 en que di a todo que non e en que segue na oposición. Iso é no único no que se parecen. *(Aplausos.)*

A vostede dálle todo igual. Colle o micrófono e di cousas nos tres minutos, ou nos que teña, para ao final facer a pregunta que intenta facer sempre. Pero para ter unha resposta sería o plantexamento ten que ser serio, ou polo menos non mentireiro. Pero, ¿que di vostede de que o FLA tiña unhas condicións moito mellores que aquelas coas que se podía financiar a Xunta de Galicia? No ano 2012 o tipo de interese do FLA era o 5,5 e nós financiámonos, grazas a non ir ao FLA, ao 4,8, señora Pontón. Pero, ¿que está vostede dicindo?

É que é facilísimo contar cousas que non son certas en absoluto. Vén aquí falar das cifras e mestura o principal cos intereses e di que temos que devolver todo á mesma vez. ¿Se alguén pide unha hipoteca ten que devolver toda a hipoteca o primeiro ano? Iso é o mesmo que está dicindo vostede, señora Pontón. Exactamente o mesmo. *(Aplausos.)*

O seu mantra consiste en dicir que nos endebemos durante estes anos. Por suposto que si, como todo o mundo, pero moito menos que a inmensa maioría das comunidades autónomas. Xa llo dixen: somos a cuarta que acudimos menos á débeda de dezasete. Xa lle



dei antes as cifras. Vostedes en catro anos bateron todos os récords. É que tampouco teño, afortunadamente, para Galicia outra cousa coa que comparar con catro anos. Vostedes disparáronse. É que estaríamos a ese ritmo —que xa é dicir— peor que a Cataluña que vostedes acaban de salvar, señora Pontón. Peor aínda. Que acaban de salvar iso e nada máis, non se engane. Eses traxes a medida... Vostedes —xa llelo digo moitas veces— teñen o enorme mérito xa non só de ser os únicos nacionalistas que non lle sacan nada a Pedro Sánchez, senón que agora son os únicos nacionalistas que lle axudan a Pedro Sánchez a pagar as súas hipotecas cos nacionalistas que de verdade lle sacan algo, señora Pontón. E esta é a única realidade. *(Aplausos.)*

¿Saben en que se parecen todos eses ricos que seguen pagando o imposto do patrimonio aos que vostedes se refiren todo os días? Toda esa xente que ten moitos ingresos, ¿sabe en que se parecen aos que teñen uns ingresos tan baixos que non teñen que pagar o IRPF? ¿Sabe en que se parecen todas esas persoas que teñen moitas propiedades, que teñen moito patrimonio, a esas persoas que teñen moi poucos recursos e que hai que axudar a través das axudas de inclusión social? ¿Saben en que se parecen os nenos e nenas que acaban de nacer esta mañá ás persoas de máis idade que viven en Galicia? Vostedes igualáronos a todos. Todos lles deben catrocentos euros ao independentismo catalán grazas ao seu apoio, señora Pontón. Grazas ao seu apoio.

Mire, agora vénme aquí criticar a política de endebedamento da Xunta de Galicia. Sempre lle digo: tan bravos coa Xunta e tan mansos con Madrid, señora Pontón. Acaba de investir o Goberno a cambio de nada. Xa verá como o tempo me dá a razón. ¡Que pena! Iso si, a cambio de que lle dea moito a outros e llo quiten a Galicia. ¿Sabe que ese goberno que acaba de investir se endebedou tres veces máis que as comunidades autónomas? Trinta e tres por cento, ese goberno que vostede defende; once por cento, a media das comunidades autónomas.

E se quere ir ao caso de Galicia, non chegamos ao nove por cento. Polo tanto, menos que a media das comunidades autónomas. Todo iso a vostede dálle igual, porque hai que intentar vender o invendible: que vostede fixo un pacto que non consiste en nada, que lle falan dun tratamento análogo. Non foron capaces de poñer unha cifra como lle puxeron a Cataluña. Esa vaise pagar e aquí non van facer absolutamente nada. Eses traxes a medida, señora Pontón, que se fan noutros sitios co seu apoio, a Galicia non lle teñen por que convir.

Afortunadamente temos unha política económica, con moitos conselleiros e conselleiras do Partido Popular durante estes anos que decidiron non hipotecar as xeracións que teñen que vir despois. Decidiron facer uns servizos sostibles; uns servizos públicos que se puidesen soportar, señora Pontón.

Polo tanto, se vostede se conforma con migallas que deixan os outros, se vostede agora ten que facer aquí preguntas para intentar que eu lle dea unha resposta que lle branquee a vostede o desastre de acordo que non consiste en nada que fixo, eu dígolle unha cousa: vostede acaba de contribuír a que non todos os españois sexamos iguais. Vostede acaba de contribuír a poñer a unas comunidades, que teñen hipotecado o señor Sánchez, por encima das demais. Eu dígolle aquí, con toda a solemnidade e como presidente dos galegos, que non



queremos ser máis que ninguén, pero dende logo non imos ser menos. E se vostede, coa súa colaboración, quere que os independentistas cataláns e outros sexan máis, alá vostedes. Non sei se son os seus socios, os seus aliados, os seus xefes... Xa non sei que pensar.

Aquí, dende logo, os galegos somos libres, temos unha boa xestión económica e non imos deixar que nos hipoteque un nacionalismo que non sabe a onde vai.

Moitísimas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas, presidente.

Continuamos coa orde do día. Avanzamos no apartado de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de que o Parlamento de Galicia exprese o seu rexeitamento a calquera tipo de amnistía, lembre o necesario compromiso dos poderes públicos co imperio da lei e anime á adopción de acordos de Estado

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formulala ten a palabra don Alberto Pazos Couñago, do Grupo Parlamentario Popular, por tempo de dez minutos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

Señorías.

De entre as moitas medias verdades e abertas falsidades vertidas polo candidato á presidencia na pasada sesión de investidura houbo unha que me chamou poderosamente a atención. Afirmaba o señor Sánchez: «*Hemos ganado posiciones en todos los rankings de calidad democrática*». Unha afirmación flagrante, obxectiva e comprobablemente falsa, xa que dende a chegada de Pedro Sánchez ao goberno España experimentou unha moi importante caída en todos os ránking de calidade democrática. Así o acredita unha simple comprobación dos tres ránking citados recentemente —e habitualmente, ademais— polo señor Sánchez. O ránking V-Dem: o nivel máis baixo de puntuación de toda a nosa historia constitucional. Freedom House: pasamos do posto dezaioito co Goberno de Mariano Rajoy ao posto corenta con Pedro Sánchez. Ránking de The Economist: perda de catro postos e, aínda máis grave, a perda da condición de «democracia plena».

A democracia española é menos democracia desde que Pedro Sánchez chegou á presidencia do Goberno. Hai moitas razóns que explican este fenómeno, pero sen dúbida unha das máis importantes son os seus reiterados esforzos por colonizar as institucións de todos, especialmente as que teñen que ver coa xustiza, diluíndo a separación de poderes imprescindible para a pervivencia de toda democracia. Exemplos disto hai abondo. O nomeamento como fiscal xeral de Dolores Delgado, ministra de Xustiza no Goberno Sánchez,



cuestionado pola práctica totalidade das asociacións de xuíces e fiscais. As mesmas asociacións que cuestionaron o seu ascenso á máxima categoría da carreira fiscal e o seu nomeamento como fiscal de sala, onte anulados polo Tribunal Supremo pola visible e innegable desviación de poder presente neste caso e practicada polo seu sucesor. As declaracións de membros do Goberno ou dos seus socios políticos cualificando —ou máis ben descualificando— os xuíces de «machistas», de «fachas» ou de «golpistas con toga» polo simple feito de aplicar a lei.

O intento de modificación das maiorías necesarias para renovar o Consello Xeral do Poder Xudicial, unicamente parado pola presión das institucións europeas. A limitación á carta da capacidade de cubrir vacantes nos órganos xudiciais dese mesmo consello; prohibindo calquera nomeamento, primeiro, ou permitindo, despois, só os nomeamentos no Tribunal Constitucional, para poder elevar ao mesmo a un exfiscal xeral do Estado designado por un goberno socialista, un que gustaba de manchar as togas co po do camiño, a un ministro de Xustiza do Goberno do señor Sánchez e a unha ex alto cargo do gabinete do propio presidente.

O último e máis grave ataque á independencia xudicial consumouse nos pactos alcanzados por Pedro Sánchez para garantir a súa investidura, renunciando aos seus compromisos, renunciando á súa propia palabra e renunciando aos seus propios principios. Uns pactos nos que o Goberno humilla a democracia española, asumindo a existencia no noso país da prevaricación xudicial con fins políticos —o tan mencionado estes días *lawfare*— e asumindo unha amnistía mil veces negada por Pedro Sánchez e polos seus ministros.

Eu renuncio a repetir as mil declaracións de distintos membros do Goberno nese sentido, porque consumiría integramente o tempo da miña intervención, pero creo que todos conservamos na memoria as declaracións do propio Pedro Sánchez: «O independentismo pide a amnistía, algo que este Goberno non pode aceptar, porque non ten cabida na Constitución e tamén por convicción política e persoal.» As pasadas conviccións do presidente do Goberno coincidían cos informes —ata nove— realizados polo seu goberno para conceder indultos aos separatistas cataláns. Informe do indulto do señor Oriol Junqueras i Vies: *«Ha cumplido ya tres años y siete meses de su pena de privación de libertad, un efecto de la sentencia que ni se puede ni se pretende borrar. La concesión de la gracia traerá consigo la consecuencia propia de todo indulto particular, esto es, la de excepcionar cumplimiento de la pena indultada o conmutada, pero con la persistencia del delito; persistencia que, en caso de reiteración delictiva, llevaría consigo la apreciación de los antecedentes penales, a diferencia de la amnistía, claramente inconstitucional, que se reclama desde sectores independentistas, el indulto no hace desaparecer el delito»*. Firmaba o señor Campo, entón ministro de Xustiza e hoxe membro do Tribunal Constitucional.

Coincidían tamén as conviccións do presidente cos informes realizados polos letrados do Congreso e incluso coincidían —¡sorpréndanse!— coas propostas que hoxe traemos para a súa aprobación neste pleno. Eran outros tempos. Eran os tempos nos que a cesión de Rodalies á Generalitat *«no tenía ningún encaje legal posible»*, afirmaba a ministra. Eran os tempos nos que a ministra de Facenda afirmaba que o presidente da Xunta se inventaba posibles condonacións de débeda a Cataluña. Eran os tempos en que falar de mediadores



internacionais ou da internacionalización do conflito era inadmisibile salvo que foses independentista. Eran os tempos en que falar de bilateralidade España-Cataluña en materia de financiamento era un exercicio de insolidariedade inaceptable, porque todos os que estabamos aquí —¡todos!— defendiamos que o financiamento autonómico era unha cuestión de todos e que todos deberiamos de participar da súa negociación en pé de igualdade. Eran os tempos en que os socialistas defendían as mesmas cousas que defendemos os que hoxe recibimos o cualificativo de «fachas». (*Aplausos.*)

Certo é que houbo honrosas excepcións dentro do socialismo. Houbo excepcións como, por exemplo, dous referentes do socialismo tradicional como o señor González e o señor Guerra: «*No podemos dejarnos chantajear por nadie, y mucho menos por minorías en vías de extinción. No puede haber amnistía*». Enseguida saíu responderlle o señor Puigdemont, nun tuit que eu creo que queda para a vergoña de moita xente: «*Hay políticos que cuando hablan sube el precio del pan y otros que suben el precio de la cal viva. Por el momento, parece que ha habido un repunte en el interés español por el óxido de calcio*». ¿Sabem o que fixo o PSOE? Chamar desleais a González e Guerra e calar ante os insultos do prófugo independentista. (*Aplausos.*)

Señorías, os pactos asinados co independentismo son unha emenda á totalidade da traxectoria política do Partido Socialista ao longo de todo o período constitucional; un cambio de paradigma no que calquera principio ideolóxico queda supeditado a un único principio: o poder a calquera prezo. Incluso escoitamos recentemente que calquera prezo é barato para impedir o goberno da dereita. Son afirmacións sorprendentes, porque é tanto como negar a alternancia política e negar a alternancia política é o mesmo que negar a democracia mesma.

Asumen vostedes a linguaxe perversa do independentismo, axeónllanse ás exixencias dos señores Junqueras e Puigdemont e incluso valoran poñer escolta policial a un prófugo da xustiza que prometeron poñer á disposición dos xuíces. Na moral líquida do actual socialismo cabe todo, ata pactar cos herdeiros de Le Pen en España. Dicía o señor Sánchez, «a primeira representación política da xenofobia e o racismo en España»; afirmábo sobre Junts. ¡Que cousas hai que ver, señorías! Abrazan a ultradereita para impedir o goberno da dereita! (*Aplausos.*) Afortunadamente, aínda dispoñemos de institucións fortes, de asociacións independentes e dunha sociedade civil disposta a levantar a voz ante o atropelo democrático que se nos pretende impoñer.

A lista de comunicados criticando esa lei de impunidade que vostedes chaman de amnistía é interminable. Por citar algúns: Asociación Profesional de la Magistratura, Asociación Judicial Francisco de Vitoria, Juezas y Jueces para la Democracia, Foro Judicial Independiente, un montón de tribunais superiores de Xustiza —entre eles o de Galicia—, Asociación de Fiscais, Unión Progresista de Fiscais, Asociación Profesional e Independente de Fiscais, Asociación de Avogados do Estado, ilustres colexios, funcionarios do Estado de todos os corpos... A lista é —volvo repetir— interminable.

Hoxe traemos unha proposición non de lei que, sen ningún xénero de dúbida, conta co respaldo maioritario da sociedade civil española e, con aínda menos dúbida, da sociedade galega. O que queremos é que a institución que representa a todos os galegos, este Parlamento, hoxe dea voz a esa inmensa maioría de galegas e galegos. Porque, señorías, hai



un feito incontrovertible: que 293 deputados da actual lexislatura concorreron ás eleccións asegurando que xamais respaldarían unha amnistía. Son 293 de 350; máis de catro quintas partes do total da Cámara, máis do necesario para unha reforma constitucional. O excepcional, o único, o que non ten precedentes é que 122 deses deputados renunciásen aos seus principios, aos seus compromisos e á súa palabra.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Hoxe veremos se eses 122 eran os únicos.

Máis nada, por agora. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Rolda de intervencións dos restantes grupos parlamentarios. En primeiro lugar ten a palabra o señor Álvarez por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día, señorías.

Señor Pazos, de verdade que lle agradezo o ton empregado durante a intervención; ton pausado, ton calmado para un asunto que, efectivamente, resulta conflictivo. ¿Pero onde está a orixe de todo este problema? Pois mire, a orixe resulta evidente que está nas expectativas electorais defraudadas do Partido Popular, primeiro nas eleccións municipais e despois nas eleccións xerais. (*Aplausos.*) Pasaron vostedes da frustración á rabia. Haberá que saber algún día cales foron as ofertas que lle fixeron ao Partido Nacionalista Vasco cando intentaban amañar, arreglar, concitar, atraer o seu voto. Pero tamén resultará interesantísimo saber cales foron as ofertas —discretas, iso si— que lle fixeron a Junts.

Hai un problema detrás de todo isto e é que vostedes están inflamando a sociedade con este asunto. Primeiro, porque me pregunto por que tardou tanto o señor Núñez Feijóo en condenar a violencia que se estaba a producir en determinadas manifestacións. Porque manifestarse é algo absolutamente lícito; destrozal, non. Tampouco, por certo, por parte dos independentistas cataláns. Mire, o señor López Miras dixo no primeiro momento que condenaba os actos violentos. Díxoo de xeito inmediato. É máis, dixo que non apoiaba as manifestacións non autorizadas, como foron ao principio, e que había que parar, porque isto ía acabar mal. Medalla de ouro para o señor López Miras. Pouco tempo despois, pronunciouse a señora Díaz Ayuso nos mesmos termos. Medalla de prata para a señora Ayuso. Cando xa a señora Ayuso lle tiña marcado o camiño ao señor Núñez Feijóo, como é habitual e estamos acostumados a ver, o señor Núñez Feijóo pronunciouse en idénticos termos. Medalla de bronce para o señor Núñez Feijóo. E o señor Rueda levou a medalla de chocolate, (*Risos.*) que é, como saben, a do cuarto clasificado, porque o fixo despois de que o señor Núñez Feijóo se manifestase sobre estes asuntos.

Pero miren, non pasa nada, porque vostedes xa nos teñen acostumados a este tipo de manifestacións cando barruntan que a sociedade, que España se vai romper en non sei cantos



anacos e non sei por canto os motivos. *(O señor Álvarez Martínez amosa unha fotografía.)* Esta é unha foto da manifestación contra a Lei do divorcio do ano 1981. *(O señor Álvarez Martínez amosa unha fotografía.)* Esta é unha foto da manifestación contra a Lei do aborto do ano 1984. *(O señor Álvarez Martínez amosa unha fotografía.)* Esta, contra a reforma da Lei do aborto do ano 2005. *(O señor Álvarez Martínez amosa unha fotografía.)* Esta, contra a Lei de matrimonio de persoas do mesmo sexo do ano 2004. *(O señor Álvarez Martínez amosa unha fotografía.)* Esta —que é máis chamativa—, contra a Lei Celáa, ¿verdade, señora Pomar? Nesta, como barruntaban que ía haber pouca xente, decidiron ir en coche para que aparentase máis. *(O señor Álvarez Martínez amosa unha fotografía.)* Esta, contra a Lei de eutanasia do ano 2023. *(O señor Álvarez Martínez amosa unha fotografía.)* E estas son as da Lei de amnistía, tamén deste ano 2023. Ese é o seu percorrido graficamente resumido.

Pero aquí hai unha senda que vai seguir o próximo Goberno do Estado durante os próximos catro anos, senda que supón o camiño do avance da maioría e do progreso. Porque as democracias teñen que dar resposta con seguridade ás duras realidades que enfrenta a xente e aos retos que enfrenta o mundo; retos como o cambio climático, a desigualdade crecente, pero tamén a onda reaccionaria. Desgraciadamente, a traxectoria do Partido Popular, logo dos seus pactos con Vox, non vai nese camiño. Seguimos asistindo con pasmo a novas sobremedidas que se están a aprobar no ámbito local e autonómico neses —eses, si— auténticos gobernos *frankestein*, polo medo que dan, polo temor que infunden.

Permítanme algunhas perlas. Aragón: comezan os trámites para derrogar a Lei de memoria democrática de Aragón. Cantabria: o Partido Popular sobe un vinte por cento os soldos da presidenta de Cantabria, dos seus conselleiros e altos cargos do Goberno. Comunidade Valenciana: o vicepresidente valenciano de Vox dispara o financiamento da tauromaquia nos primeiros orzamentos de Mazón. Andalucía —e esta é moi propia destas datas—: Partido Popular e Vox vetan a educación sexual nas aulas de Sevilla por «ser ideoloxía». *(Aplausos.)* Comunidade Valenciana: Partido Popular e Vox perdoan 230 euros en herdanzas ás rendas altas da Comunidade Valenciana. Cantabria: Partido Popular e Vox aproban que Cantabria outorgue bolsas para cursar bacharelato, ensinanza non obrigatoria, na ensinanza privada. Andalucía —ollo a isto—: o Partido Popular cede gratis o Alcázar de Sevilla para un acto da fundación FAES de Aznar, por consideralo de interese público. *(Aplausos.)* Comunidade Valenciana —é que hai de todo—: o Partido Popular e Vox suspenden en Elche todos os proxectos de fotovoltáica xa aprobados e tiran pola borda cen millóns de euros en investimentos. Comunidade de Madrid —e remato—: a Comunidade de Madrid denega a bolsa de comedor a nais solteiras por non constar o pai no libro de familia. *(Aplausos.)* A poucos días de acabar o prazo de corrección, decenas de familias monoparentais recibiron unha mensaxe: deben achegar —jollo a isto!— unha sentenza de divorcio ou un certificado de defunción dunha suposta parella para completar a solicitude. ¡Viva a liberdade! *(Aplausos.)*

¿Que lles indica o anterior? ¿Podemos falar dun Partido Popular parasitado por Vox? ¿Podemos dicir que están a piques de ser dificilmente distinguibles o un do outro? Miren, o Partido Popular, logo das eleccións do 28 de maio, tivo a oportunidade de decidir, de optar, de elixir que tipo de dereita europea quería ser. O señor Feijóo puido elixir entre ser como Ursula von der Leyen, como Emmanuel Macron ou como Donald Tusk; pero, levado por un incontrolable desexo de gobernar —dito sexa de paso, tamén polo instinto primario de



supervivencia política—, optou por afiliarse ao clube reaccionario de Trump, de Le Pen, de Orbán e de Santiago Abascal. *(Aplausos.)*

Fronte a estas opcións que cuestionan as institucións e as regras do xogo democrático —e aí desgraciadamente está o Partido Popular—, o obxectivo do presidente Sánchez é dedicar toda a forza do Estado a defender os valores da democracia e da igualdade, que son valores e principios que están na Constitución española que tanto aman e defenden. Para iso non se vai permitir nin un só retroceso, nin unha soa involución. Nin un paso atrás contará co beneplácito nin coa indiferenza do Goberno de España.

No bloque económico, hai unha serie de medidas para conseguir o pleno emprego no noso país. Ademais, desde a óptica da calidade do traballo aprobarase un novo estatuto dos traballadores e un novo salario mínimo interprofesional que supoña o sesenta por cento do salario medio. Recuperar o poder adquisitivo tamén é outro grande obxectivo do bloque económico, e para iso vaise estender —como xa se anunciou— a redución do IVE, o transporte público gratuíto para as persoas desempregadas e os mozos e a creación de mellores postos de traballo.

Outro aspecto tamén pertinente —e moi pertinente neste pleno e nestas datas— é que queremos que España siga sendo un referente internacional en igualdade. Aquí gustaríame ter tempo para falar desa loa a unha certa exministra do Goberno de España, que antonte facíao todo mal e agora resulta que o facía todo ben e era un referente. *(Aplausos.)*

Pero si, señor Pazos, hai outro grande obxectivo para o Goberno de España, que é a concordia. Xa o dixo o presidente Sánchez no seu discurso de investidura: na discordia non hai prosperidade. Por iso eliximos a concordia, eliximos a convivencia. Aquí sabemos todos que hai dous posibles modelos para resolver o problema independentista en Cataluña. O Partido Popular optou no seu momento pola vía da imposición e da crispación, co espectacular resultado dun récord no número de independentistas, rúas incendiadas e a maior crise territorial e institucional da nosa democracia. E o Goberno do Estado opta polo diálogo e a convivencia. É necesario e preciso aprobar unha lei de amnistía tramitada con luz e taquígrafos e total transparencia na cámara baixa. Unha lei plenamente constitucional e que é o mesmo camiño que transitaron —e miramos para eles con admiración— países como, por exemplo, o Reino Unido ou Francia.

Pero estamos a falar aquí dunha proposición non de lei que vostedes rexistraron hai dous meses a cegas, sen coñecer o contido, co único obxectivo de impedir a formación dun goberno que non estivese presidido polo Partido Popular. Pouco ou nada lles importa a vostedes transitar a senda do reencontro para garantir o interese xeral dos españois ao redor duns avances políticos e económicos que apoia a maioría da poboación. Temos que superar, señor Pazos, a fractura do 1 de outubro do ano 2017, porque estamos convencidos de que unha España unida é unha España mellor. E, polo tanto, compartimos o optimismo do presidente Sánchez á hora de seguir convencendo os cidadáns independentistas de que este país tamén é un bo país para eles.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Álvarez.



O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Remato, señora presidenta. Vostedes —e isto é moi triste dicilo— non son capaces de recoñecer que os seus remedios para Cataluña nunca foron adecuados. Non soportan esta realidade. E o que tampouco soportan vostedes —e isto si que lamentabilísimo— é isto, señor Pazos. (*O señor Álvarez Martínez amosa un gráfico.*) Agora llo explico. Desde logo, se le desde esa distancia o título sería admirable. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) A min custaríame traballo saber que hai un papel na man. ¿Saben que é isto, señoras e señores deputados? A evolución da preocupación pola independencia de Cataluña entre os tres primeiros problemas que sitúan os españois. Este pico que hai aquí supoño que non fai falta dicir a quen corresponde. (*Murmurios.*) Sabémolo todos. E esta situación de aquí —que se estivese dando unha clase de matemáticas diría que tende asintoticamente a cero, é dicir...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...que vai acabar en cero— é a realidade que conseguiu o Goberno do señor Sánchez. E iso, repito, tristemente é o que vostedes non soportan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Xosé Luís Bará.

O señor BARÁ TORRES: Temos que recoñecer que no BNG estamos fondamente preocupadas. Máis alá desta *performance*, desta simulación que fixo aquí o portavoz do Partido Popular, que lle quedou moi, moi traballada, estamos preocupadas pola deriva do Partido Popular, por esta tendencia á algarada, á bronca, ao exceso e á violencia. Preocúpannos estas milicias populares que están dirixidas, ademais, por personaxes moi singulares: no papel de Agustina de Aragón teñen a Esperanza Aguirre e, no papel do capitán Trueno, nada máis e nada menos que a José María Aznar. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Realmente é como para preocuparse. (*Murmurios.*)

E preocúpanos especialmente no caso galego. Porque a verdade é que a vostedes, que son a quintaesencia da prudencia, a quintaesencia da moderación e do sentidiño, pois é un pouco chocante velos así: alporizados, velos arrabeados, como o están nos últimos tempos. Anden con coidado, porque ao mellor dentro duns anos son vostedes os que teñen que pedir a amnistía. Como sigan así nesta deriva igual lles pasa algo deste tipo. (*Murmurios.*) Bueno, se teñen que pedir a amnistía non sería nada novo, porque o Partido Popular é o máis beneficiado por indultos e amnistías da historia de España. (*Murmurios.*) É o partido máis amnistiado e máis amnistiador. (*Aplausos.*) Son vostedes un exemplo nesta materia.

A pregunta que nos temos que facer é: ¿a que vén todo isto? ¿Cal é a causa deste estado de excitación do Partido Popular? Pois hai tres razóns principais. A primeira é a competición con Vox para liderar a oposición; ese espazo ultra, ese extremismo españolista. Vostedes



vense arrastrados a ese terreo, aínda que non se senten nada mal; a verdade é que lles están collendo gusto ás pancartas. En segundo lugar, vostedes ven un filón na confrontación e vana espremer ata as últimas consecuencias. Van utilizar todas as institucións que poidan para esta cruzada; é realmente patética esta utilización partidista das institucións por parte do Partido Popular. E a terceira razón, que é a principal, é que vostedes pretenden desviar a atención dos problemas, das preocupacións e dos resultados do seu goberno, que é un goberno nefasto para Galiza. Vostedes queren desviar a atención e crear unha cortina de fume para que non se fale da sanidade, para que non se fale da debacle industrial, para que non se fale da débeda. Como fixo o señor Rueda na súa non-resposta á proposta e á pregunta concreta que lle fixo Ana Pontón.

Pois miren, non se preocupen. Por moito que intenten desviar a atención, o BNG vai seguir traendo a este Parlamento os problemas, as preocupacións e as demandas da sociedade galega. (*Aplausos.*) Imos falar neste Parlamento —como facemos neste pleno— do transporte, do ensino, do rural, da depredación eólica, da precariedade laboral ou da situación crítica das nosas rías, por moito que lles pese.

Neste debate sobre a amnistía, resulta que o Partido Popular invoca a Constitución para opoñerse á proposta, á proposición de lei de amnistía. É unha invocación preventiva. Vostedes afirman con rotundidade absoluta —téñeno clarísimo— que esta proposición é contraria á Constitución. Agora o Partido Popular son os intérpretes da Constitución, o oráculo constitucional. Miren, na súa amada Constitución —non sei se está ben que llelo diga un perigoso nacionalista galego— en ningún sitio pon que sexa lícita ou non a amnistía; non se pronuncia sobre esa cuestión. Polo tanto, é interpretable cando menos; e cando menos posible desde o punto de vista xurídico e político.

A verdade é que, de todas as maneiras, o Partido Popular ten unha longa experiencia en materia de constitucionalidade das leis. Miren, vostedes opuxéronse ao divorcio, vostedes opuxéronse ao aborto, vostedes opuxéronse ao matrimonio entre persoas do mesmo sexo, vostedes opuxéronse á eutanasia... A realidade é que vostedes opuxéronse a todos e cada un dos avances democráticos e de dereitos nos últimos corenta anos. (*Aplausos.*) ¡Nos últimos corenta anos! (*Aplausos.*) Son a antítese da democracia, dos avances democráticos. Vostedes intentaron vetalos unha e outra vez no Constitucional e agora seguen na mesma, intentan de novo vetar avances democráticos.

Miren, a amnistía é un procedemento legal normal nas democracias liberais europeas. Na maioría delas utilizouse e séguese utilizando, aínda recentemente, en Alemaña, en Francia, en Irlanda, en Italia ou en Portugal, tanto se está como non recollido nas respectivas constitucións.

O problema é que a vostedes fállalles a memoria. Efectivamente, vostedes, o Partido Popular, e en xeral a dereita extremista que incendia as rías e as redes —e é unha auténtica ruindade, unha baixeza moral, unha indecencia o que fixeron vostedes onte; unha auténtica vergoña que aínda non retiraron e pedímoslles que o retiren, porque é indecente— foron os máis beneficiados das amnistías e dos indultos. O Partido Popular é o partido que aprobou máis indultos e amnistías. Entre elas, a amnistía fiscal do ano 2012 do señor Rajoy, que beneficiou



políticos e empresarios implicados en casos de corrupción. Voulle dar algúns nomes: por exemplo, a familia Franco, a familia Rato, a familia Bárcenas ou a familia Pujol. *(Aplausos.)* ¡Anatema! ¡A familia Pujol tamén beneficiada por indultos do Partido Popular! *(Aplausos.)* Estas son as amnistías e os indultos que lle gustan ao Partido Popular, pero curiosamente esta botouna abaixo o Tribunal Constitucional, o seu querido Tribunal Constitucional —agora querenlle menos—. Separación de poderes. ¡Están vostedes para dar leccións de separación de poderes co historial que teñen detrás! En fin, un pouco de prudencia e un pouco de sentidiño, señor Pazos.

Vostedes están nunha lóxica absolutamente perigosa. Vostedes teñen un único proxecto e o seu proxecto xa desde hai moitos anos é o «¡a por ellos!». Esa é a súa guía; o seu proxecto é o odio e a vinganza. E así non se constrúe unha sociedade democrática. O BNG vai votar en contra da súa proposta —como non podía ser menos— por reaccionaria, por regresiva, por partidista e porque intenta negar avances democráticos e solucións dialogadas, que son as que se precisan neste momento. *(Aplausos.)* O PP —e a dereita, en xeral— está nunha espiral autoritaria, extremista e trumpista. ¡De sentidiño, nada! Son vostedes a dereita máis reaccionaria dos últimos corenta anos.

Vostedes teñen un problema: téñenlle aversión ao pluralismo. Vostedes negan que se poida debater, que se poida falar por métodos, desde logo, democráticos e pacíficos de todo. Mesmo que se poida debater e discutir da unidade de España e dos dereitos nacionais de Cataluña, de Euskadi e de Galiza, incluíndo o dereito á autodeterminación, que é un dereito recoñecido no dereito internacional. *(Murmurios.)* ¿Cal é o problema para que se poida debater e discutir diso e defender esas ideas? Iso é verdadeiramente a democracia, o pluralismo, o debate sereno e democrático das ideas.

Teñen unha visión absolutamente ultra centralista, esencialista e dogmática da historia. Non entenden e non aturan que estamos nunha nova época, nun novo tempo, nun novo escenario político que, mal que lles pese a vostedes, está protagonizado polos nacionalismos soberanistas de Galeuska e no que o BNG ten tamén un protagonismo claro. Un BNG útil, un BNG construtivo e un BNG en positivo, que está facendo propostas de avance e de mellora para a sociedade galega, como nese acordo de goberno asinado co Partido Socialista, que é un acordo beneficioso para Galiza. E, se o BNG non estivese alí, non se falaría de Galiza. Vímolos claramente no debate de investidura. Foi o BNG quen puxo no debate as necesidades, as demandas, as preocupacións e os dereitos nacionais de Galiza. *(Aplausos.)* En definitiva, o BNG bogando a favor do país e vostedes ancorados no pasado, na reacción e na rabia.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.

Peche polo autor da proposición non de lei.

Ten novamente a palabra don Alberto Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señorías.



Señor Bará, claro que en democracia se pode falar de todo, utilizando métodos democráticos. ¿Parécelle moi democrático malversar capitais públicos? (*Risos.*) ¿Parécelle moi democrático agredir policía? Vexo que lles fai moita graza. Hai un que está en estado de paraplexía, é moi gracioso. ¿Parécelle democrático asaltar e rapinar comercios e incendiar as rúas? ¿Parécelle democrático negar vacinas, negar a vacinación a persoas polo mero feito de ser policía nacionais? Comprenderá que vostede e eu non temos os mesmos referentes democráticos. Pero eu non vou aceptar leccións de alguén que se fotografía con terroristas e que incluso contrata terroristas para que os asesoren nas institucións. (*Aplausos.*) Non son vostedes un referente.

Hoxe gañou vostede os aplausos, Señor Álvarez —créame que llo digo con total sinceridade—, porque era complicado retorcer tanto as palabras. A min, falando de palabras, vaime permitir que recorde unhas de Pilar Albizu, a nai de Joseba Pagazaurtundúa, que llas dirixía ao seu hoxe portavoz no Congreso: «*Patxi, ahora veo que, efectivamente, has puesto en un lado de la balanza la vida y la dignidad y en el otro el poder y el interés del partido. Ya no me quedan dudas de que cerrarás más veces los ojos y dirás y harás muchas más cosas que me helarán la sangre, llamando a las cosas por los nombres que no son, a tus pasos los llamarán valientes. Patxi, que solos estamos los que no hemos cerrado los ojos*». Nai de Joseba Pagazaurtundúa.

Citou vostede moitas... Primeiro aclárolle: este partido sempre, sempre, sen excepción condena toda violencia. Somos nós os que estamos esperando que condenen vostedes, por exemplo, a vandalización do coche do alcalde de Oroso, tatuado coa palabra PSOE —aínda non escoitamos a ninguén— ou... (*Protestas.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...o escrache que sufriu unha concelleira do Partido Popular de Pontearreas, chamada asasina diante do seu fillo na súa propia casa. Vostede citou moitas manifestacións, ensinou aquí moitas. O PP en relación a esta só convocou unhas concentracións. Por certo, foron exemplares; ninguén dos que alí participaron vai necesitar nunca dunha amnistía.

Falou vostede de concordia versus imposición. Eu recórdolle que cando foi aquela imposición e cando se aplicou o artigo 155 vostedes estaban do mesmo lado de quen lles fala. Hoxe cren moito na amnistía. Se tan convencidos estaban, ¿por que a esconderon? ¿Por que lle mentiron á xente? ¿Por que lles mentiron aos seus votantes?

Sinceramente, sabe que lle teño un grande aprecio persoal. Dígoo totalmente en serio. Téñolle un grande aprecio persoal e creo que é vostede unha persoa intelixente. ¿Non lle sorprende que hoxe defendan a amnistía os mesmos que querían anular a anterior lei da amnistía? Por certo, a única que houbo; o resto invéntanas vostedes. Houbo unha amnistía, que eu creo que si mereceu a pena, que buscaba protexer os demócratas que se dedicaran a atacar unha ditadura. Hoxe defenden vostedes unha amnistía para protexer os golpistas que atentaron contra a nosa democracia. Creo que hai unha diferenza moi notable. (*Aplausos.*)

Mire, eu defendo as ideas e os postulados exclusivamente do Partido Popular; non doutros partidos. Pero paréceme perigosa unha cousa. Eu creo que todos, todos os que estamos aquí,



todos os demócratas, temos algúns fitos na cabeza importantes. Un dos que marcou a nosa democracia sen dúbida foi a liberación de Ortega Lara. ¿Non lle parece un fito importante? Laméntoo. A nós, si. Aquel día todos recordamos aquela imaxe de Ortega Lara saíndo do zulo desencaixado tras un secuestro —o máis longo da historia da democracia— infame. O seus secuestradores, a pesar de que estaba alí a policía, negábanse a facilitar a ubicación do zulo. E cando lles dixeron «¿pero non entendedes que vai morrer?» eles dixeron: «*que se muera de hambre ese carcelero*». A min sinceramente paréceme que criminalizar un partido que non é o meu, pero que foi fundado por Ortega Lara, ao mesmo tempo que se pacta co mesmo partido que homenaxea os que quixeron deixalo morrer de fame naquel burato, é un erro na catadura moral de calquera que se chame demócrata. (*Aplausos.*) Con eses están pactando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Homenaxes organizadas por Bildu. Si, ten razón. Ten razón, señora Rumbo, é unha vergoña. Niso ten toda a razón.

Mire, vou pechar simplemente citando unha carta do señor Sáenz de Cosculluela, ministro socialista: «*El modelo de Estado definido en la Constitución se encuentra en riesgo y la posibilidad de que los españoles alcancemos grandes acuerdos y reformas necesarias se hace imposible. Me pregunto con fundamento cuáles son vuestras convicciones democráticas. Ante ello tras más de 50 años de militancia honorable y digna declaro que, al menos, no actuáis en mi nombre. No me represento más que a mí mismo, ya no soy portavoz de nadie, pero debo deciros que me causáis vergüenza. Protesto por vuestros actos políticos. Es muy triste para mí, habiendo sido presidente y portavoz de los socialistas en el parlamento...*»,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: *...diputado constituyente y ministro de Obras Públicas y Urbanismo, llegar a estas conclusiones y tener que pedirnos que cejéis en el empeño y convoquéis elecciones para salir del actual marasmo».*

Onte houbo aquí unha polémica en relación coa figura do señor Lluç. Créame que creo que o señor defende os mellores valores tradicionais do Partido Socialista Catalán e español. Estou convencido diso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señora Rodríguez Rumbo, xa non sei se é algún problema persoal, que está constantemente interrompendo a orde dos debates cando eu presido, como saben neste momento por unha circunstancia accidental. Entón prégoles, por favor, que respecte as facultades da Presidencia, como respecta os anteriores cando intervén. É a segunda vez que llo advirto nesta sesión plenaria. Moitas grazas.

Señor Pazos, está tamén advertido de que está rematando o seu tempo.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa.

Esta iniciativa só ten un obxectivo: que fagan vostedes o mesmo que fixo onte o Partido Socialista en relación á figura de Ernest Lluç. Pola mañá publicou un *tweet* no que falaba do asasinato de Ernest Lluç, con 23 anos. Non nomeaba por primeira vez en moitos anos os seus asasinados. Foi tal algarabía que recibiron dos seus propios militantes que ás dez da



noite os retiraron para cambialo por este: «Hace 23 años ETA asesinó a nuestro compañero, Ernest Lluch». (Murmurios.) Ás veces cando se rectifica, acértase. Rectifiquen e volvan ser os mesmos que defendían exactamente a mesma proposta que nos separa.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Acabou o seu tempo, señor Pazos.

Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que posibilite que a industria electrointensiva, como é o caso de Alcoa en Galicia, poida ser competitiva

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a que leva o número 62471 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez, e a que leva por número 62480, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Daniel Castro García.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que conxuntamente coa Administración do Estado e con Alcoa fagan efectivos os compromisos adquiridos no acordo asinado en decembro de 2021 entre a Representación Legal dos Traballadores e a empresa, de cara a garantir o emprego e a viabilidade da empresa.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Daniel Castro García, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto, que sería o número sete, e un novo parágrafo na parte resolutiva, co seguinte texto:

«7. Non permita que a empresa Alcoa continúe a incumprir os acordos acadados cos traballadores.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a dar cumprimento, en tempo en forma, a todos os acordos negociados entre os traballadores, a empresa e o Goberno galego.»)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición, e por tempo de dez minutos, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Aquí están. (*O señor Balseiro Orol mostra dous documentos.*) Son dúas copias das portadas de dous pactos polos que a señora Pontón regalaba os votos do nacionalismo galego ou a favor da investidura de Pedro Sánchez como presidente do Goberno. Témoste que non lle interesa moito á señora Pontón, que acaba de abandonar o hemiciclo. O primeiro, como saben vostedes, data de xaneiro de 2020. O segundo é asinado hai tan só unhas semanas. Busquemos xuntos entre todos as diferenzas; afondemos no seu contido.

Entre outras cuestións, hai un tema que desaparece. E non estou a referirme á transferencia da AP-9, que misteriosamente xa non mencionan vostedes tampouco neste pacto de hai uns días. Refírome á situación problemática das empresas electrointensivas galegas e, por extensión, dos seus traballadores. Non mencionan vostedes neste pacto nin unha soa referencia do referente; Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego fano desaparecer. Para vostedes, os problemas da industria e dos seus traballadores xa non son importantes; xa non son unha prioridade para vostedes. Para xustificar esta misteriosa desaparición poderíamos pensar que para os nacionalistas e socialistas a industria electrointensiva galega é xa un problema resolto. Non é así. Nada máis lonxe da realidade.

Atopámonos nun momento crítico, de xeito especial para a primeira das industrias electrointensivas do país: Alcoa. En xaneiro do ano 2022 España, Galicia, deixou de producir aluminio primario, un metal estratéxico para a nosa economía. O elevado prezo da electricidade e a inestabilidade do mercado mundial deste metal forzou o apagado das 512 cubas de electrólise do complexo industrial de San Cibrao, en Cervo (Lugo), onde reside quen está a falar. Pasaban a un proceso de hibernación e a un cese produtivo de dous anos. Mentres tanto, a multinacional e os traballadores pactaban unha serie de investimentos na factoría a levar adiante todo este tempo. Pactaban a paz social e, polo tanto, o cese das mobilizacións e o compromiso da empresa de non levar adiante ningún despedimento. E pactaban a activación das cubas dun xeito progresivo a partir de xaneiro do ano 2024. Ese prazo remata xa, restan tan só corenta días.

Atendendo ao pacto entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista podemos pensar que todo isto está mellor. escoitando o intercambio de piropos entre o presidente Sánchez e o único deputado que ten o Bloque Nacionalista Galego no Congreso, o Señor Rego, non hai problema ningún con Alcoa; non hai problema ningún con Alcoa. Incluso —fíxense vostedes, señorías— se atreveron a atribuírse —a eles mesmos— o mérito do pacto entre a empresa e os seus traballadores. E eu digo que ¡que cara hai que ter!, ¡que cara hai que ter!, ¡¿eh?!

Señorías, nada disto está mellor, todo está moito peor. Nada máis lonxe da realidade, todo está moito mellor. Os problemas son incluso, hoxe, a corenta días da reactivación —se ao final pode ter lugar, e esperemos que si—, moito maiores do que eran no ano 2020. A factoría



de aluminio, no ano 2020, estaba producindo ao cen por cento tanto aluminio como alumina. A factoría de aluminio non só ten pechadas as cubas de electrólise, as 542 cubas, senón que tamén cesou a produción da fundición, é dicir, a única sección da fábrica de aluminio que continuaba operativa no complexo, fundindo aluminio reciclado; e a outra fábrica, a refinaria de alumina, está producindo tan só ao cincuenta por cento da súa capacidade, lastrada polo elevado prezo do gas.

E o que aínda é máis grave, en todo este tempo de espera o Goberno de España foi incapaz —e repito o de incapaz— de garantir un prezo eléctrico competitivo; o Goberno de Pedro Sánchez foi incapaz de fixar un marco enerxético estable para a industria electrointensiva. E todo isto a pesar de que a señora Pontón e os socialistas galegos prometían, no ano 2020, que o seu voto a favor da investidura estaba condicionado a solucionar o problema de Alcoa. Prometían un estatuto para a industria electrointensiva que solucionaría este problema, e mentiron señorías do Partido Socialista e señorías do Bloque Nacionalista Galego: mentiron aos galegos, mentiron aos traballadores de Alcoa e mentiron ás empresas electrointensivas de Galicia. E por iso afirmo que o pacto de investidura é unha estafa para Galicia —unha estafa para Galicia—. E esta nova versión que acaban vostedes de asinar é máis pequena que a anterior —máis pequena que a anterior— porque vostedes, os nacionalistas, regalan os votos a cambio de nada. Vostedes son o mellor choio para o Partido Socialista, ¡home!, porque regalan os votos a cambio de nada.

E, por favor —xa adianto—, non pretendan vostedes tomarnos por parvos porque sabemos perfectamente que o problema de Alcoa non é un problema industrial, como queren derivar vostedes: o problema de Alcoa é un problema enerxético; o problema de Alcoa é un problema enerxético, non é un problema industrial, e os traballadores, que son os que mellor coñecen a situación, xa nos dicían —¿acórdanse vostedes?—: «¡Enerxía, solución!; ¡enerxía, solución!». E vostedes fixeron oídos xordos. E vostedes enganaron, e dous anos despois non se avanzou nada.

E hoxe volvemos traer aquí a mesma iniciativa que hai un ano, dous anos e incluso tres anos, ou que debatemos incluso hai uns poucos meses, e na cal vostedes votaron a favor e que aprobamos por unanimidade. O Goberno que vostedes —socialistas e nacionalistas galegos— apoian non cumpre; non cumpre, e, por iso, a volvemos traer aquí. Seguen a ser aínda, no día de hoxe, deberes pendentes do Goberno de Pedro Sánchez con Alcoa e cos seus traballadores. E as preguntas son: ¿canto tempo temos que agardar para que asuman vostedes a responsabilidade de gobernar a favor desta industria?; ¿a que están esperando vostedes?; ¿vostedes están esperando a que o peche sexa irreversible?; ¿o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego están esperando a que o problema de Alcoa xa non teña marcha atrás?

A Xunta e o Goberno galego están poñendo todo da súa parte para apoiar a reactivación da principal fábrica de aluminio de España. ¿A que esperan vostedes —socialistas e nacionalistas— para actuar do mesmo xeito que está actuando a Xunta? A Xunta apoiou con axudas as obras de modernización do complexo e de mellora e de eficiencia enerxética para que sexa posible a produción consumindo menos. Diversas modificacións lexislativas, adoptadas nos últimos anos pola Xunta, incluso co voto en contra de socialistas e de



nacionalistas, facilitaron a firma de contratos de subministración eléctrica con industrias electrointensivas; incluso autorizaron os parques eólicos de menor potencia, que son da súa competencia, para facelos posibles, pero o Goberno central, que é a única administración competente na planificación eléctrica —artigo 4 da Lei sectorial—, non fixo e non fai os seus deberes.

Necesitamos —e termino, señora presidenta— un estatuto electrointensivo verdadeiramente eficaz; necesitamos esgotar ao máximo as compensacións por CO₂; necesitamos activar, na súa totalidade, os mecanismos de interrompibilidade, agora denominado como Servizo de resposta activa da demanda; necesitamos que os parques eólicos sexan unha realidade, señores do Bloque Nacionalista Galego, e que o sexan non sobre o papel, senón sobre o terreo.

En resumo, merecemos un marco enerxético competitivo, estable e predicible para as empresas como Alcoa e para todas as que teñen un carácter electrointensivo, en Galicia e en España, para que poidan seguir xerando riqueza, para que poidan seguir xerando emprego aquí —¡aquí!—, en Galicia; para que poidan seguir xerando riqueza e para que poidan seguir xerando emprego.

E hoxe, a corenta días da reactivación, pedimos que este Parlamento volva dicir, alto e claro: «¡Enerxía, solución!», que era o que dicían os traballadores. (*Murmurios.*) «¡Enerxía, solución!». Isto non lle é un problema industrial.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Sinto, señora Otero, que a vostede isto lle cause risa. (*Murmurios.*) ¡Home!, porque vostede debía ter, ademais, algunha vinculación con Alcoa —algunha vinculación con Alcoa debía ter—. Estamos a falar dun tema moi serio —estamos a falar dun tema moi serio—.

Espero que apoiem esta iniciativa, e xa lles digo que non hai un minuto que perder. Levamos perdidos varios anos, e agora hai que aproveitar os poucos minutos que quedan a corenta días de empezar a reactivar, pouco a pouco, esas cubas —que esperemos que sexa así—, pero, no día de hoxe, isto tampouco está seguro.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días.



Señor Balseiro, eu con quen teño relación é cos traballadores e coas traballadoras de Alcoa. Parece que vostede ten máis relación coa dirección desta multinacional. (*Aplausos.*) ¡Claro que teño relación! porque teño moitos amigos alí traballando e, tamén, familiares.

Miren, antes de entrar na propia Proposición non de lei que hoxe trae a debate o Partido Popular, quería dicir que o señor Balseiro, ao principio da súa intervención, falaba da transferencia da AP-9. Eu quero que saiban tamén, as señorías hoxe presentes aquí, nesta Cámara, que a présa que ten agora o Partido Popular por ter a transferencia da AP-9... —esa présa que parecía non ter en lexislaturas pasadas, cando unha deputada do Partido Popular, que era de Galicia e que presidía a Mesa do Congreso dos Deputados, bloqueaba, incluso ata en dúas ocasións, a toma en consideración desta proposición de lei—, agora quero que saiban que acabamos de ter a reunión de ponencia, e toda a vontade política do Partido Popular por crear un gran consenso entre os tres grupos con representación nesta Cámara, para que esa proposición de lei poida chegar ata o Congreso dos Deputados —como chegou noutras ocasións co consenso dos distintos grupos parlamentarios—durou menos dun minuto. (*Aplausos.*) —¡menos dun minuto!—. Ningunha das emendas presentadas, nin polo Bloque Nacionalista Galego nin polo PSdeG, foron sequera valoradas por parte do Partido Popular.

Entrando xa de cheo na moción, señor Balseiro, Alcoa non está pechada no día de hoxe, e os traballadores non están na rúa a pesar da actitude do Partido Popular e da Xunta de Galicia, porque, señor Balseiro, estou segura de que vostedes preferían ter Alcoa pechada con tal de botar a culpa ao Goberno central; e así o estiveron a amosar ao longo de todos estes anos.

Mire, señor Balseiro, a crise de Alcoa atopou o camiño para solucionarse grazas ao esforzo dos traballadores e das traballadoras e do seu comité de empresa, e ¿xunto con quen? Xunto co Goberno central, que finalmente se uniu á empresa. A esta cita coa responsabilidade só faltou ¿quen? A Xunta de Galicia, que preferiu seguir instalada na i-rres-pon-sa-bi-li-da-de. De principio á fin, a Xunta de Galicia intentou sacar, como noutros conflitos, tallada política da crise de Alcoa; e así o estivemos a ver cando había eleccións cerca. Preferiu sempre a confrontación á colaboración, de cara a axudar os traballadores e as traballadoras. O resultado final, señor Balseiro, é que gañaron estes traballadores e estas traballadoras, e perdeu a Xunta de Galicia. Tanto empeño puxeron na tarefa de intentar demoler calquera solución para Alcoa, con tal de acusar o Goberno central —que era a única preocupación que tiñan—, que o por aquel entón vicepresidente da Xunta de Galicia —recordarán—, o señor Conde, se pronunciou en contra do acordo votado polos traballadores e polas traballadoras.

Cómpre recordar ese acordo doloroso —estou segura porque así o sei de primeira man—; ese acordo doloroso que tiveron que firmar os traballadores e as traballadoras para que se parasen esas cubas, para que, co compromiso de que a empresa realizase determinadas investimentos, tamén cos compromisos da Xunta de Galicia e do Goberno central para que esa reactivación fose unha realidade, tiveron que tomar unha decisión a prol de manter os seus postos de traballo, e aí o señor Conde estivo criticando os traballadores e as traballadoras de Alcoa. (*Aplausos.*) ¡Vaia capacidade de diálogo e de altura de miras da Xunta de Galicia!

A Xunta quedou fóra da solución para Alcoa; e ese, señor Balseiro, é un estigma que vai perseguir sempre o Partido Popular de Galicia, o Partido Popular de Lugo e tamén o Partido



Popular da Mariña. E non nos olvidamos tampouco, na Mariña, desa tripla traizón do Partido Popular coa Mariña; ademais desa falla de apoios, deses paus nas rodas que puxo para as solucións de Alcoa, tampouco nos olvidamos do engano de que nos ía poñer Altri na Mariña, con tal de calar o tema de Alcoa. Púxolles aos veciños e ás veciñas da Mariña un carameliño na boca; mentiulles e despois dixo que a ía levar para outro sitio. Aínda non está claro, ¿eh? (*Aplausos.*) A ubicación de Altri aínda non está clara; nin sequera está claro se vai para Palas de Rei. E, ¿que contar tamén do peche de Vestas? (*Aplausos.*) Señor Balseiro, o problema de Alcoa, ¡claro que é un problema industrial! ¡Imos ver!, é que agora di que non é un problema industrial. ¡Eu non sei que é Alcoa! Vostedes —¡claro!—, como teñen as competencias exclusivas en materia industrial, xa poñen a venda nos ollos para dicir que non é un problema industrial.

Mire, señor Balseiro, optaron por defender os seus intereses, os do Partido Popular, e déronlles a espalda aos traballadores e ás traballadoras de Alcoa. E repito, Alcoa hoxe non está pechada, e os seus traballadores non están na rúa a pesar da actitude do Partido Popular e da Xunta de Galicia; e así o teñen amosado. (*Aplausos.*)

Mire, señor Balseiro, hoxe teñen a oportunidade de rectificar. Hoxe xa non teñen aquí nin o señor Feijóo nin o señor Conde; por certo, o traballo deste último no tema de Alcoa consistiu en poñer paus nas rodas ás solucións propostas para garantir o emprego na factoría. Agora poden corrixir o rumbo, señor Balseiro; poden sumarse ao acordo e apoiar os traballadores e as traballadoras. Agora que están liberados do señor Feijóo, ou aparentemente, como di o señor Rueda que non segue as directrices que lle manda o señor Feijóo... Pois se agora que están liberados, ou aparentemente liberados, tanto do señor Feijóo como do señor Conde, libérense tamén das súas malas artes, e poñan en marcha, por unha vez, unha política responsable xunto cos traballadores e coas traballadoras, xunto co Goberno central, e xunto tamén coa empresa. Estamos agardando; estamos agardando polo Partido Popular e pola Xunta de Galicia na miña comarca —na nosa comarca—, señor Balseiro. (*Aplausos.*)

Miren, nós presentamos unha emenda á iniciativa que hoxe trae a debate o Partido Popular; é unha emenda moi sinxela e que basicamente pide que se cumpran as obrigas acordadas pola Xunta de Galicia, polo Goberno central e pola propia empresa para manter os postos de traballo e a viabilidade desta factoría. ¡Claro!, cómpre recordar que parece que aquí só hai compromisos por parte do Goberno central; hai compromisos tamén pola Xunta de Galicia. Señor Balseiro, ¿recórdolle canto atrasaron as autorizacións necesarias dos parques eólicos, competencia da Xunta de Galicia, para que a factoría puidese asinar esas PPA coas empresas subministradoras de enerxía?; ¿recórdollo, señor Balseiro? Tivemos que traelo a este Parlamento; tivo, o PSdeG, que pedirlo tamén publicamente para que non se perdesen eses proxectos. ¿Canto tempo tardaron en dar esas autorizacións, señor Balseiro? ¡Se foron o último día de prazo dar esas autorizacións! (*Aplausos.*) ¿Cal é o compromiso da Xunta de Galicia con Alcoa? (*Aplausos.*)

Señor Balseiro, vostede falaba aquí de que a factoría ten dúas plantas. Moito falar de aluminio, pero falemos de alumina —que non está pechada, que está en funcionamento—. Vostede sabe, coma min, que hai unha autorización necesaria da Xunta de Galicia para garantir o futuro da alumina porque, por moito que se baixe o prezo da enerxía, por moito



que se materialicen os investimentos, a planta de alumina ten caducidade, e vostedes teñen que dar esa autorización para ampliar a balsa de lodos vermellos, sobre a que, por certo, hai agora un ano —en decembro do ano 2022— eu traía unha pregunta a esta Cámara e a Xunta de Galicia dicíame que esa autorización estaría nunhas semanas; no día de hoxe, aínda non temos esa autorización para ampliar a balsa de lodos vermellos. Eu sei que é un tema complicado, que é un tema delicado que ten que darse con todas as garantías xurídicas —eu xa o dicía ao Goberno galego cando lle facía esta pregunta—, pero ten que darse, señor Balseiro, se non a caducidade do tempo de alumina está aí. E levan máis dun ano de atraso en emitir esta autorización, e, por certo, mentindo porque aquí en sede parlamentaria se respondeu que esa autorización estaría outorgada en semanas e, de momento, a empresa non ten esa autorización e os traballadores e as traballadoras non saben nada; e iso era algo que ía nese compromiso que a Xunta de Galicia tamén adquiriu cos traballadores e coas traballadoras.

Vostede facía moitas predicións: que se a corenta días; que bueno, que xa veremos; xa nada, todo catastrófico. Mire, señor Balseiro, vostede non dá unha cando fai prognósticos de futuro, cando vostede fai predicións porque lle recordo, señor Balseiro, que pouco antes das eleccións xerais, nesta mesma tribuna, dixó que o presidente Sánchez tiña medio corpo fóra da Moncloa. Supoño que daquela xa vían o señor Feijóo na Moncloa, pero así lles foi: o presidente Sánchez segue na Moncloa e o señor Feijóo con todo o corpo na oposición, *(Aplausos.)* e co grave risco de que tamén o desaloxen dela dende as súas propias filas. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señor Balseiro, se hoxe quere un pacto pola Mariña, un pacto polo mantemento do emprego destes traballadores e destas traballadoras, acepten a nosa emenda, que, o que lle pide —a todos, ¿eh?; pide á Xunta de Galicia, pero tamén pide ao Goberno central— é que cumpran cos compromisos acadados, en decembro do ano 2021, para manter eses postos de emprego e a viabilidade da empresa. Basicamente, pide que cumpran os compromisos adquiridos no marco dese acordo acadado entre os traballadores e a propia multinacional porque, ¡claro!, a iniciativa do PP só pon deberes ao Goberno central, pero se a empresa tampouco cumpre coas súas obrigas e a Xunta de Galicia tampouco cumpre co que se comprometeu, pois a viabilidade e eses postos de traballo tampouco están garantidos.

E mire, non minta, señor Balseiro porque quero dicirlle...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—remato—, mire, só: Goberno central, PERTE de descarbonización, Fondo español de reserva para a garantía de entidades electrointensivas, mecanismos de compensación aos consumidores electrointensivos, mecanismos de compensación dos custos indirectos das emisións de gases de efecto invernadoiro, tamén o Mecanismo ibérico —ese tan criticado por parte do Partido Popular—, a dedución do oitenta por cento das peaxes para os consumidores, a redución do IVE da electricidade... Polo tanto, non mintan, e non nos veñan dar aquí leccións de industria cando precisamente «M. Rajoy» foi aquel presidente do Goberno que ata suprimiu o Ministerio de Industria. Polo tanto, acepten a nosa emenda, e iso si que será un gran pacto que poña deberes ás tres partes



implicadas para que a viabilidade da factoría e, dende logo, o mantemento dos postos de traballo dos traballadores e das traballadoras de Alcoa, en San Cibrao, sexan unha realidade.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Daniel Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moi bo día a todos e a todas.

Grazas, presidenta.

Vou comezar tamén por dar as grazas ao señor Balseiro. De verdade, moitas grazas pola publicidade do acordo do BNG e do Partido Socialista. (*Aplausos.*) Moitas grazas porque de verdade que nos fai falta porque na CRTVG aparece pouco e non sei por que; entón, de verdade, moitas grazas tamén ao presidente Rueda por falar sempre dese acordo que conseguimos e que vai traer melloras para o noso país.

Imos facernos unhas preguntas: a primeira, ¿que debe o Partido Popular a Alcoa?; ¿gústalle Pittsburgh? —non sei—; ¿que lle debe? Porque xa empezou por privatizala o señor Aznar, pero logo, ademais, ¿que debe a esta empresa norteamericana que quixo levar a cabo un ERE en varias ocasións na factoría de San Cibrao?; ¿que debe á empresa que incumpriu varias veces xa —varias veces xa— os acordos acadados e que agora cesa a actividade na fundición?; ¿que debe á empresa que, de novo, volve incumplir o acordo, xa que a parada na fundición nunca apareceu nas negociacións? É mais, o que pasou é que era máis ben ao contrario: foi a propia Alcoa a que incluíu por «vontade propia» —entre aspas— un mínimo de produción e quixo recollelo no acordo como garantía e como aval da súa «boa intención!» —aínda que da boa intención de Alcoa creo que escoitamos falar moitos anos—. É que tanto é así, que até falaban de recolocar alí algúns traballadores e traballadoras; e, despois de todo isto, a empresa para a fundición e para o PP isto provoca —lendo a súa iniciativa—: «certa inqueda, pero non hai que preocuparse porque, segundo di a empresa, se trata dunha parada temporal que non implicará o despedimento de ningún traballador». Ou sexa, para o PP é tranquilidade; dá igual que Alcoa leve anos incumprindo os acordos, xa que, abertamente, dixo que a quere pechar. Polo tanto, tranquilidade, hai que crer a empresa —dogma de fe, evidentemente—. Temos que facer dogma de fe coa empresa, que dixo abertamente que a quería pechar, e a Xunta do PP sen facer nada, sen obrigar a empresa a nada. ¡Quen diría que son Goberno! Cínguese soamente a crer a empresa: crer na empresa, cuxo novo xefe, Willian Oplinger, deixou caer, literalmente nunha entrevista, que: «o futuro é moi negro e a situación actual é extremadamente difícil»; crer na empresa que quitou o presidente de Alcoa, no Estado español, e que aínda por riba non o repuxo, e xa dixo que non vai cubrir ese posto, pero temos que seguir crendo na empresa. E con este panorama, o PP ten como única política crer na benevolencia e na filantropía de Alcoa —que xa demostrou moita nestes últimos anos— e dicir, a ollos de todos, que non, que a Xunta e o Estado —tamén o Estado, evidentemente— non teñen que obrigar a empresa a nada.



Isto tamén ten consecuencias de carácter laboral. Xa o fomos vendo nestes últimos días porque as baixas non se cobren; non se cobren as baixas e isto ten consecuencias porque xa hai 93 postos de traballo que non están cubertos e que deberían estar. E a resposta, porque hai que botar a culpa a alguén, evidentemente vana ter o BNG —¡como non!—. A culpa de que Alcoa estea como está vana ter o BNG; non é que haxa un Goberno do Estado e non é que leven catorce anos gobernando na Xunta.

O BNG estivo desde o primeiro momento poñendo enriba da mesa a solución industrial e laboral —porque, falando dunha factoría, algo de cuestión industrial e laboral terá que ter, ¿verdade?— para o mantemento dos postos de traballo, que era: a nacionalización, a intervención temporal que incluso vostedes votaron a favor. Pero, mentres non gobernemos, non imos poder facela, e, se non deixen paso; deixen paso, xa que nós, se queremos, si que facemos unha política industrial co obxectivo de manter os postos de traballo de Alcoa. Mentres tanto, vostedes dedícanse a mirar para outro lado e Alcoa directamente a vacilar os diferentes gobernos.

Hoxe traen aquí unha serie de peticións xa faladas —que non hai ningún problema, vólvense falar—, que son maioritarias e, ademais, compartidas dentro do comité de empresa; e por iso e porque moitas son as mesmas, por suposto, imos votar a favor. ¡Pero claro!, ¿cren vostedes que hai algunha encomenda á Xunta? ¡Por Deus!, ¿como ía poñer o Partido Popular algunha encomenda ou algunha obriga á Xunta? Evidentemente, non; e, por iso, introducimos a emenda porque non pode ser que a Xunta e o Estado estean mirando para Alcoa mentres esta incumpre os acordos á vista de todos, sen vacilar, sen ningún tipo de problema. Mente á Xunta e a Xunta non fai nada.

É un Goberno galego que ten que exercer como tal, e protexer o mantemento dunha das empresas máis importantes que ten no país que goberna, evidentemente, pero, fronte a isto, só a utilizan para criticar o BNG e para chocar co Estado; criticar, ademais, un acordo do BNG, e, cada vez que o fan, a verdade é que collen uns tintes de Goberno pequeniño. Un Goberno que vai a menos e que, sobre todo, non ten ningunha oferta que facer a este país e moito menos aos traballadores e ás traballadoras de Alcoa, porque, se tanto falan aquí do acordo, xa llelo pregunto directamente: ¿vostedes que conseguiron?; ¿vostedes que conseguiron deste Goberno? ¡Nada!, é que nin falaron de Galiza. O único que conseguiron foi xerar vinte memes nas redes sociais e ondear algunhas bandeiras —digamos— dúbidas polas rúas de Madrid, ¿verdade?

E incluso, se a industria é tan importante para vostedes, se é tan vital, ¿como é posible que ofrecesen un ministerio aos nacionalistas vascos? Ían decidir os nacionalistas vascos sobre o futuro de Alcoa. ¿Que ocorrería? Aínda que, bueno, logo, se nos imos aos datos, vemos como na industria, sendo tan —¡tan!— importante, levamos perdidos durante o seu Goberno 40.000 postos de emprego industriais; só 1.000 na Mariña. Hai 65.000 habitantes na Mariña e 1.000 postos industriais perdidos na Mariña durante os gobernos de Feijóo e Rueda. E, por iso, como a industria realmente non lles interesa moito —que se diga—, aquí o problema que hai é que non gobernan. Por iso rabian; por iso veñen aquí dicir directamente animaladas, dicir cousas indignas, falar do BNG, falar tamén de Pedro Sánchez, evidentemente. Veñen aquí falar de todo menos das cuestións do seu Goberno porque están rabiosos, porque o único que queren é ter poder, e non o teñen.



Xa para rematar, porque eu sei —e con todo o aprecio, ademais— que, se non o di logo o que eu creo que ía dicir, xa o leva dito o señor Balseiro moitas veces. Eu sei que vostede ten gravada na cabeza unha imaxe miña cunha chaqueta e repítela sempre, isto é, a chaqueta que me puxen o día de inicio da lexislatura. E doeulle moito, eu non sei por que lle doe tanto que me puxese esa chaqueta porque sempre mo repite; e xa lle digo que eu, evidentemente, o volvería facer.

Aquí, se vostedes prefiren andar crendo cegamente nunha empresa que, día tras día, nos di claramente que non quere cumprir os acordos a que está obrigada a cumprir, no BNG estivemos, estamos e estaremos sempre, por suposto, cos traballadores e coas traballadoras. E se hai que volver poñer a chaqueta, ponse.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Peche do autor da proposición non de lei.

Ten novamente a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Espero que nos estivese escoitando o que hoxe ía ser elixido presidente do comité de empresa desa empresa; espero que os traballadores nos estivesen escoitando porque despois de escoitar o representante do Bloque Nacionalista Galego e a representante do Partido Socialista, Alcoa non ten ningún problema: o de Alcoa está solucionado todo, segundo vostedes, na tribuna do Parlamento, Alcoa teno todo.

A vostede, señor Castro, voulle dedicar pouco tempo porque a vostede e á súa formación política xa lle dedicaron tempo recentemente os traballadores de Alcoa, onde a CIG tiña nove representantes, e perdeu o 50 por cento; (*Murmurios.*) ten agora cinco. Por tanto, a vostedes xa os puxeron onde os tiñan que poñer, e, ¿por que? porque mentiron.

E, efectivamente, como comprenderá, non é porque vostede poña a chaqueta, é porque non a volveu poñer; (*Aplausos.*) ¡é porque non a volveu poñer, home! (*Aplausos.*) Púxo a o primeiro día cando subiu aquí, e é porque non a volveu a poñer. (*Aplausos.*) E iso é unha mostra de que vostede enganou os traballadores de Alcoa. Vostede antes ía a miúdo por alí; agora non o vexo nunca. E, Señora Otero —como comprenderá—, eu falo cos traballadores de Alcoa e falo coa dirección de Alcoa porque hai que falar con todos, e podo presumir diso. Como comprenderá vostede, desde o ano 1999 eu vou nas listas municipais —salvo nunha ocasión, mentres fun delegado da Xunta—. Son concelleiro alí e, desde o ano 1999, alí votan maioritariamente PP, e o PP ten unha maioría abrumadora dos traballadores de Alcoa: sete de once. (*Aplausos.*)

Vostedes queren derivar isto nun problema industrial, cando non é; isto é un problema enerxético e, ¿porque? Porque producir en Alcoa ten un gasto aproximado de entre o 35 por



cento e o 40 por cento en tema enerxético, e mentres non teñamos un prezo estable da enerxía, sexa privada ou sexa pública, non será rendible —sexa privada ou sexa pública—; ¿por que? Porque hai perdas constantemente.

Vostede falou de Rajoy; a nós gustaríanos ter un presidente do Goberno como Rajoy. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede rise —voulle dicir por que—; vostede rise, xa sei que isto lle causa riso. Alcoa non é a primeira vez que pasa por unha crise, pero, cando Rajoy estaba no Goberno, Rajoy colleu o Falcon —e non para ir á voda dun amigo—, foi á sede internacional de Alcoa, negociou as solucións con Alcoa *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e Alcoa seguiu funcionando. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, eu non sei de que se ri, señor Castro; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* eu non sei de que se ri porque vostede non se debería rir; porque vostede foi o vendedor de fume máis grande que houbo alí, e os traballadores de Alcoa o puxeron —a vostede— e o Bloque no seu sitio. Porque, ¿de que se rin vostedes?; porque, ¿que discurso ten o Bloque Nacionalista Galego, cando pola mañá está coas pancartas cos traballadores de Alcoa e pola tarde está coas pancartas nos parques eólicos que teñen que dar enerxía a Alcoa para que sexan responsables? *(Aplausos.)* Pero, ¿que discurso teñen vostedes?; ¿que discurso teñen vostedes, cando vostedes están pola mañá cos traballadores de Alcoa *(Aplausos.)* e pola tarde está Adegas metendo un recurso contra a balsa de lodos, cando, se non autorizásemos a balsa de lodos, teríamos que pechar Alcoa?; *(O señor Castro García pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿que discurso ten o Bloque Nacionalista Galego, home!? ¡Vostedes son uns vendidos politicamente cos traballadores de Alcoa! —¡si!; ¡uns vendidos!—, e enganaron os traballadores de Alcoa; e iso hai que dicilo claro e alto. Vostedes teñen un dobre discurso; teñen unha dobre cara *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* cos traballadores de Alcoa; e o Partido Socialista, *más de lo mismo.*

Miren, vostedes pasarán á historia. Alcoa leva corenta anos traballando. Alcoa nunca tivo que pechar; só cando foi o do Casón, e foron unhas cantas cubas. Alcoa nunca tivo que parar a produción de aluminio nin nunca tivo que reducir a produción ao 50 por cento na planta de alumina. Alcoa hoxe está producindo o 20 por cento do que producía no ano 2020. Vostedes pasarán á historia por ser o Goberno que non fixo nada; por ser o Goberno de España que non fixo nada, que pecharon as cubas e que non lle deron unha solución. ¡Y ojo! —ojo!—, *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* porque, ¡a ver que pasa! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —¡a ver que pasa!—. Se estivese Feijóo no Goberno, isto non ocorrería.

E mire, vou dar outro dato; vou dar outro dato. Dixo vostede...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...—teño que terminar— que eu dixen que «se Feijóo na Moncloa». Feijóo gañou as eleccións, ¿eh? *(Risos.) (Murmurios.)* Tamén lle vou dicir unha cousa: para estar na Moncloa non vale todo. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non vale, sobre todo, pactar con xente que non condena o terrorismo e que leva nas listas xente condenada por terrorismo; ¡iso é o que non vale! *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Avanzamos nas proposicións non de lei; neste caso, a que está referenciada na orde do día co punto quinto, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e de don Martín Seco García.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co obxecto de afrontar a crise de produción de castaña

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei foi presentada unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, que leva o número 62.482, por iniciativa de don José Antonio Armada Pérez.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José Antonio Armada Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a impulsar e continuar co desenvolvemento das medias contidas a curto, medio e longo prazo no Programa estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña e concretamente:

- 1. Intensificar o desenvolvemento das medidas de control fitosanitario e loita biolóxica nos soutos galegos e analizar as novas cepas hipovirulentas que permitan ter un control da enfermidade do cancro do castiñeiro e adoptar as medidas específicas para paliar posibles danos nos soutos.*
- 2. Desenvolvemento regulatorio das diferentes figuras das agrupacións de xestión conxunta, segundo un modelo de estatutos das asociacións de propietarios para facilitar a súa xestión agrupada.*
- 3. Impulsar aproveitamentos de predios piloto e unha rede de parcelas demostrativas sobre cultivos de castañas, aproveitamentos madeireiros e mixtos, e sistemas agroforestais.*
- 4. Proxección de iniciativas públicas e medidas de fomento para rexeneración e novas plantacións, incorporación das accións aos instrumentos de ordenación ou xestión forestal (IOXF) e aumento da certificación forestal nos soutos de castiñeiro.*
- 5. Impulso da actividade da mesa da castaña.*
- 6. Mellora da Rede Galega de seguimento de danos e impulso da Rede de avisos de sanidade forestal co obxectivo de avaliar e adoptar as medidas sanitarias das masas forestais de Galicia».)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): E para formulala ten a palabra, por tempo de dez minutos, dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

En primeiro lugar, quero saudar, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, os asistentes que están, hoxe, como invitados na tribuna do Parlamento, o presidente da Asociación de Castaña da Gudiña e membro da Mesa da Castaña, os podutores e tamén unha deputada provincial de Ourense que se dedica á produción ecolóxica deste produto. Benvidos ao Parlamento de Galicia. Tamén me olvidaba do membro do IXP da castaña.

Queríamos dicir que a pesar de que a castaña non é tan coñecida, como debería, para a cidadanía en xeral, certamente non é esta a primeira vez que este grupo parlamentario se interesa polas actuacións do Goberno galego en relación á problemática que sofren os produtores da castaña na nosa comunidade, derivada dos efectos do cambio climático —ese cambio que vostedes, algún sector tipo Vox do Partido Popular, negan de forma sistemática— que afecta os produtores, as empresas colectoras e tamén as transformadoras.

Falamos hoxe, polo tanto, dun sector moi relevante para a economía da nosa comunidade. Nun ano produtivo normal Galicia viña producindo ao redor de 20.000 toneladas de castaña, o que supón unha inxección económica duns 30 millóns de euros. Comercializamos castañas en trinta países diferentes, xerando un valor de máis de 50 millóns de euros na comercialización final. De feito, onte, o propio director xeral de Ordenación e Planificación da Xunta de Galicia, en Lugo, nas Xornadas Luís Asorey, promovidas pola Deputación de Lugo e pola Academia de Ciencias Galega, recoñecía estes datos e a importancia deste sector para a nosa comunidade. Non esquezan que somos a comunidade líder de produción en España porque representamos a metade da produción da península; aínda así, a industria e as empresas comercializadoras galegas vense obrigadas a exportar case 10.000 toneladas anuais para outros países. Este déficit dá conta do claro potencial que temos nos montes e da obriga do Goberno galego en potencialo, xa que a produción de castaña pode supor 5.000 euros ao ano por hectárea, segundo datos da Asociación Forestal de Galicia. A maior parte da produción sitúase nas comarcas da montaña de Ourense e de Lugo, en zonas do interior marcadas polo despoboamento, polo cal a problemática que hoxe formulamos —se cabe— é dobremente importante. Temos ao redor de 50.000 hectáreas de castiñeiros situadas nos distritos de Verín-Viana, Valdeorras-Trives, A Fonsagrada-Os Ancares e Terras de Lemos.

Centrándonos agora na situación actual, señorías, a pesar das boas expectativas que tiña o sector para este exercicio tras concatenar seis anos de malas colleitas motivadas por diversos factores, como a antracnose no ano 2021, o impacto da avispiña nos anos 2020, 2019 e 2018, e unha combinación de seca e de xeadas no ano 2017, este ano, os produtores galegos da castaña prevén unha caída importante da produción para a campaña en curso, que estiman entre un 40 e un 70 por cento; isto é moito, señores e señoras deputadas. Só a título de exemplo, xa no ano 2020, a perda foi de máis dun 25 por cento.

As empresas, os produtores, o sector, en definitiva, necesitan xa da axuda do Goberno galego; por iso instamos a que aprobe esta iniciativa. Non só precisamos de anuncios, de apoio, de palmadiñas na espalda aos emprendedores para que se animen a emprender no



rural, senón que necesitamos que apoie este sector que —como digo— leva moitos anos pasándoo mal; e para iso, ¿que pode facer o Goberno de Galicia? Pois moi fácil: pode establecer unha liña de axudas directas ao sector do castiñeiro, con fondos propios á conta deste orzamento, porque a Xunta de Galicia leva demasiado tempo mirando para outro lado. Na propia emenda transversal que presentabamos os socialistas, este grupo parlamentario formulaba que se dotase dunha partida de 3 millóns de euros de axudas ao sector; pero, ¿que fixo o Partido Popular? Non aceptar esta emenda a pesar dos datos que eu expuña nesta intervención e da importancia de apoiar o sector da castaña na nosa comunidade.

Os profesionais expertos apuntan cara ao cambio climático e ás elevadas temperaturas de outubro, nada usuais nesa época do ano, como a causa de que a mediados dese mes os castiñeiros perdesen xa as súas follas e os ourizos se desprendesen antes de tempo, enganando o produto e a esperanza dunha boa colleita. Como dicía, alén das altas temperaturas que provocaban unha caída anticipada do froito, por exemplo, nas provincias de Ourense e Lugo, en concellos como Viana do Bolo e en soutos de concellos do oriente ourensán, os produtores alertaban dun número elevado de castiñeiros afectados pola enfermidade da antracnose; é o caso que se produce nos soutos de concellos como A Mezquita, A Gudiña ou Riós, por citar algúns exemplos, onde as abundantes chuvias, unidas ás altas temperaturas de posteriores días, xeraron un caldo de cultivo ideal para a auxe deste fungo, dando tamén ao traste coa expectativa dunha boa apaña de castaña neste ano.

E diante do peso específico deste produto na comunidade e das súas fondas implicacións socioeconómicas e diante do impacto que supón para o sector a dramática situación que atravesan os nosos soutos, é preciso que se dispoñan medidas oportunas para manter e para mellorar as condicións deste produto. E o máis urxente, señores e señoras do Partido Popular —dígoo porque o é grupo que apoia o Goberno galego—, pasa por acompañar e por axudar os produtores e os sectores vulnerables á caída no volume das colleitas, sendo xa ineludible un diagnóstico sobre as razóns exactas no descenso dos continxentes recolleitos en cada comarca, porque cada situación é diferente, para chegar a unha certeza científica sobre a orixe do problema. E as autoridades en sanidade forestal deben aconsellar os produtores para a toma de medidas inmediatas que poidan reducir o futuro impacto ou evitar a repetición destes problemas na próxima tempada —levamos seis anos, como dicía, nesta situación—, como a recollida en a retirada de follas e de ourizos para evitar vectores de transmisión e, se fose preciso, habilitar tratamentos preventivos en futuras campañas. É preciso que as autoridades concernidas incorporen o Castiñeiro e as súas patoloxías nas alertas fitosanitarias periódicas, con recomendacións de tratamentos e de liñas de axudas que permitan o despregue das medidas axeitadas, ademais de prever —como digo e reitero— axudas directas pola importancia que ten neste ano. E o Grupo Popular debe ser consciente —eu creo que é consciente da situación— para compensar este ano as perdas que estades a sufrir. *(A señora Rodríguez Dacosta diríxese aos convidados que están na tribuna Parlamento.)*

Ourense e Lugo —reitero— confórmanse como líderes no Estado —non o olviden—, representando case un 60 por cento do total, sendo a produción dos nosos soutos un recurso fundamental para as comarcas da montaña do interior, onde a castaña supón unha importante inxección económica para cooperativas e empresas, pero tamén como complemento ás rendas das familias e pensionistas do rural *(A señora Rodríguez Dacosta*



diríxese, primeiro, aos convidados que están na tribuna do Parlamento e, posteriormente, aos deputados da Cámara.) —os asistentes na tribuna saben do que falo e vostedes tamén—.

Diante do peso específico deste produto e das súas fondas implicacións económicas, deben apoiar esta iniciativa que vai afectar concellos como Ríos, A Mezquita, A Gudiña, O Bolo, Manzaneda, Viana do Bolo, Folgoso do Courel, Becerreá, O Saviñao, Quiroga, Sarria... E non o dicimos só nós, senón que a organización agraria, Unións Agrarias, e demais organizacións tamén están a pedir estas axudas, remitindo, como nós, un escrito á Consellería do Medio Rural para que se poña as pilas, para que dea un paso adiante e para que, de verdade, dunha vez por todas, escoite os afectados deste sector. É preciso que a Administración dea ese paso adiante, poña en marcha as medidas, que pedimos nesta iniciativa os socialistas, estipuladas en varios puntos, de maneira moi concreta. E permítanme dicir que, se queremos que zonas deprimidas do rural galego, como os concellos que acabo de mencionar e nos cales vostedes sempre anuncian que van incentivar a produción de diversos produtos para evitar o abandono da xente moza tamén no rural, espero que apoiem esta iniciativa porque, desa maneira é como se verá se o Goberno galego apoia o rural ou esquece o rural. Ata o momento eu vexo unha idea clara —e coñézoa— e é un esquecemento destas zonas.

Vostedes teñen hoxe a oportunidade de cambiar para estes produtores, os cales, moitos deles —e vostedes sábeno— están parados neste momento: teñen empresas paradas porque non teñen castaña, e están esperando castañas que veñan de fóra; entón, teñen que pórse as pilas, teñen que escoitar o Grupo Parlamentario Socialista —como xa lle dixemos ao director xeral na Comisión 7ª, que non contestou á pregunta de se ían establecer estas axudas directas—, e, por iso, queremos que hoxe o Partido Popular, e o Bloque Nacionalista Galego, por suposto, vote e defina as políticas que vai seguir para Lugo e para Ourense nun sector tan importante como o que estamos a referir.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Interveñen agora os restantes grupos. En primeiro lugar, intervén, por dez minutos, o voceiro do Grupo Parlamentario Popular, o señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, permítanme tamén que saúde quen nos acompaña agora mesmo, sobre todo pola súa relación con este sector, moi clara e moi directa.

Por suposto, nós estamos completamente de acordo con que o sector da castaña está agora mesmo —diríamos— nun momento que non é o mellor que está a pasar, pero, sen lugar a dúbidas, nós presentamos, á proposta que facía o Partido Socialista, unha emenda que —entendemos— enriquecía moito máis porque, ademais, contempla máis puntos e máis medidas, que a que vostedes están a presentar neste momento.

Falan vostedes de establecer unha liña de axudas directas cun importe; ¿e se ese importe non é suficiente? Nós temos que establecer como van ser eses importes e, sobre todo, como



van ser esas axudas, e, iso é no cal nós realmente temos que ir afondando. Pero tamén sabemos que o sector da castaña agora mesmo recibe tamén axudas porque hai unha serie de ordes que, posteriormente, relatarei, e ás cales se poden acoller tamén.

Indo ao fondo da cuestión, non cabe dúbida que, cando hai un problema, o primeiro que hai que facer é unha diagnose seria clara e contundente, e, sobre todo, hai que apostar por que sexa o máis rigorosa posible, evidentemente, en toda a nosa terra; e, para iso, hai un Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña que —como ben sabe— está incluído dentro da primeira revisión do Plan forestal de Galicia; un programa que se aprobou o 25 de maio do ano 2022 e que, despois da súa tramitación administrativa no Consello Forestal, xa se encontra dispoñible, e nel se fai un percorrido no cal se avalía a situación do castiñeiro en Galicia e se definen os seus principais factores e limitadores. Defínense cinco eixes con trinta e seis actuacións. Falando deses eixes, falarei dun primeiro eixe de intervención, que é sobre a planificación, o seguimento e o control; dun segundo eixe, de investigación, de transferencia, e de apoio ao sector viveirístico; dun terceiro, que fala do desenvolvemento e da revitalización dos recursos de aproveitamentos; dun cuarto eixe, que fala do impulso, da comercialización e do fomento da calidade da castaña; e dun quinto, que mellora a competitividade e o valor engadido das empresas.

En particular, as medidas de control fitosanitario é no cal temos que cinguirnos agora neste primeiro momento, porque, ademais, sabemos que temos un grave problema. Estas veñen recollidas dentro dunhas actuacións que son prioritarias e que contemplan as seguintes accións, que son a de intensificar o desenrolo de programas de medidas de control fitosanitario e de loita biolóxica, dando unha especial prioridade á loita contra os perforadores da castaña e á vespa do castiñeiro, así como ao control do cancro mediante o uso de cepas hipovirulentas, mellorando, por suposto, a actuación da Rede galega de seguimento de danos e promovendo tamén a implicación dos titulares dos soutos tradicionais de castiñeiros, das agrupacións, das asociacións, das cooperativas, dos silvicultores activos, isto é, en definitiva, de todos os actores do sector, na procura dunha maior efectividade, fomentándose entre eles o uso de ferramentas, como a Rede de avisos de sanidade forestal. E estes indicadores de execucións destas actuacións son o reforzo da Rede galega de seguimento nos soutos galegos, creando 35 novas parcelas; tamén cómpre facer a continuación dos tratamentos de loita biolóxica e, por suposto, 50 accións de implicación de produtores da castaña, con visitas, con xuntanzas, en definitiva, con accións informativas. E, deste xeito, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal mantén esa Rede de avisos fitosanitarios, que se compón de 159 parcelas que cobren todas as especies forestais de interese que se distribúen por toda Galicia, das cales 39 están localizadas en soutos de castiñeiros das catro provincias galegas.

Nestes meses estase a avaliar o que é a situación sanitaria das árbores da castaña, concretamente estanse analizando, no Centro Fitosanitario de Areiro, dúas novas cepas hipovirulentas localizadas polo Centro Agroforestal de Riós, que se espera que sexan eficaces no sur de Ourense. Son traballos que se desenrolan ao amparo de convenios de colaboración establecidos entre a Consellería do Medio Rural, a Deputación de Pontevedra, e o Inorde, que é un organismo que —como xa ben saben— pertence á Deputación de Ourense. Ao tempo, estase colaborando con asociacións de produtores de Ourense e de Lugo para coñecer



esas cepas virulentas do cancro —hai concretamente oito— en cada unha desas zonas, e así poder xerar unha pasta máis específica para que cada asociación de produtoras poida ter a información e, sobre todo, o remedio. Ademais, nestes momentos, e aínda sen pechar a campaña de recolección, é prematuro avaliar as posibles perdas. Con isto —creo— estamos todos de acordo. E, ¿iso que nos dá? Coñecer evidentemente as súas causas e, por suposto, concretar as afeccións e cal é o seu grao de intensidade.

De todos os xeitos, tamén estamos en contacto con axentes da castaña do Bierzo e de Portugal para analizar a situación xa dun xeito xeral, xa que —como ben saben todos— a problemática é común. Aínda así, estase a avaliar a posibilidade de contemplar liñas de axudas que contemplen os traballos fitosanitarios necesarios para o mantemento da saúde dos soutos galegos, co cal estamos falando dunhas moi boas novas e, sobre todo, estamos a falar de que xa se está a investir, sobre todo neste caso, na I+D, para poder atacar da mellor forma posible todas estas doenzas que sofre este sector.

E falando resumidamente un pouco tamén das ordes anuais ás cales se pode acoller o sector da castaña, sen lugar a dúbidas coñecerán perfectamente a Orde para as axudas para accións silvícolas e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, e que se convocan para o ano 2023. Son unhas liñas que van para axudas para tratamentos silvícolas, rareos, podas, cortas, formación, rozas etcétera. Hai axudas para a creación de superficies forestais, con especies do anexo IX desta orde, que son as frondosas e que son as que agora nós mesmos estamos a tratar. Hai unha Orde máis específica para o fomento de plantacións de castiñeiro para o froito, para a rexeneración ou a mellora de soutos tradicionais de castiñeiros no marco do Plan de recuperación, transformación, e resiliencia, cun importe de 3.586.748 euros. Ou hai unha orde do 24 de maio deste ano 2023, pola que se establecen as ordes reguladoras das axudas por danos de recuperación de soutos de castiñeiros causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo do ano 2022, cun importe de medio millón de euros. E, xa centrándome no problema estrutural da nosa propiedade e, en particular, dos soutos de castiñeiros caracterizados, moitas veces, por moitos e pequenos propietarios incluso ao nivel dos pés de castiñeiros, e desenrolando o Programa estratéxico do castiñeiro para favorecer o asociacionismo, mediante agrupacións de propietarios, acábase de publicar tamén unha reforma a esa orde para que se poidan acoller. Hai outra Orde do 17 de outubro do ano 2023, pola que se publican modelos de estatutos para agrupacións forestais de xestión conxunta e modelos tipo para constituír dereitos de uso e aproveitamento en Galicia, e estase a traballar, por suposto, na publicación —insisto: estase a traballar na publicación— doutra orde para o fomento e o apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta e ao asociacionismo forestal, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea. Desde logo, tamén hai unha liña que está desenrolada dentro do Programa estratéxico, en outubro do ano 2022, na cal a Consellería do Medio Rural constitúe o que é a Mesa da Castaña —aquí creo que estaba algún membro que pertencía á Mesa da Castaña—; como ben saberán vostedes, trátase de establecer un foro continuado de diálogo e de traballo que aglutine os principais axentes relacionados coa castaña, que estude e impulse medidas que contribúan para o seu fomento, que organice, promova e dea apoio a iniciativas do sector da castaña, que contribúa para o seu coñecemento por parte da sociedade —que é a auténtica



dimensión do sector da castaña—, e para calquera outra finalidade que a Mesa da Castaña entenda. Por iso nós pedimos o impulso a maiores desta Mesa da Castaña, con accións económicas concretas.

Por suposto, como ben saberá, este 24 de outubro reuniuse a Mesa da Castaña co obxectivo de tratar varios dos aspectos que explicaban esta baixada de produción á cal estamos a facer mención e, por suposto, tamén a influencia da seca nos soutos de castaños —que foron os máis castigados pola falta de coidado— e, doutra banda, nas producións industriais que tiñan árbores máis coidadas e sen tanta afección. E chegaronse a varios acordos. A verdade é que é un número bastante importante de acordos —eu, evidentemente, se quere llos traslado—, que foron recollidos polo Goberno galego para desenrolar todas estas accións, que están establecidas neste Plan estratéxico do castiñeiro 2022-2040.

Por suposto, tampouco me quero esquecer de que a Xunta de Galicia tamén está a desenrolar distintas liñas para establecer novas plantacións, como o Plan piloto de fomento e de xestión de conxuntos de soutos.

En definitiva, moitas veces vostedes poderán dicir que nós...—si, estamos aquí a sección Vox, como lle gusta chamarnos, ou chamar ou non sei—... É que, bueno, en fin.

Creo que o Goberno galego, imos ser... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Non!, explícollo deseguida, señor Bará. Isto o que quere dicir é que aquí se están empeñando moitas veces en pór etiquetas. Miren, a única etiqueta que temos nós é a do compromiso co noso rural, e ese compromiso co noso rural reflíctese cuns orzamentos; eses orzamentos veñen dados por unha Consellería do Medio Rural, que é a cuarta con máis orzamento dentro da Xunta de Galicia, evidentemente, despois das tres consellerías: a de Servizos Sociais, a de Educación, e por suposto a de Sanidade. Evidentemente, en relación con eses compromisos, ¿como se reflicten? Publicándoos no *DOG* que é o que fai Xunta de Galicia, e, neste caso, o que vai seguir facendo. Onte, sen ir máis lonxe, o conselleiro do Medio Rural tamén falaba dunha orde na cal se van ver beneficiados todos os que son produtores de castaña por un sistema de rego. Evidentemente, esta é unha das accións das cales nós estamos moi orgullosos e, sobre todo, nas cales nós entendemos que temos que seguir afondando.

Temos claro que está moito por facer, pero, loxicamente, o que temos que facer, témolo que facer da man do sector.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Armada.

Antes de dar a palabra ao señor Lourenzo, saudamos e damos a benvida ao Parlamento de Galicia aos alumnos e alumnas de sexto de primaria do colexio de educación infantil e primaria Isaac Díaz Pardo, de Culleredo. Benvidos ao Parlamento de Galicia.

Agora, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra, tamén por tempo de dez minutos, o señor Diego Lourenzo.



O señor LORENZO MOURA: Moitas grazas, presidenta.

Moi bo día.

Señoras deputadas e señores deputados.

No Grupo Parlamentario do BNG sumámonos a ese saúdo ás persoas do sector. Ademais, tamén vemos caras amigas entre o público; polo tanto, benvidos a esta casa.

O señor Armada dicía que temos o costume de poñer etiquetas e que o Partido Popular a única etiqueta que ten é a da defensa do medio rural. Pois disimulan vostedes moi ben a etiqueta, señor Armada; *(Aplausos.)* disimulan moi ben a etiqueta. *(Aplausos.)*

En todo caso, o grave e progresivo envellecemento territorial e rural de Galiza e o despoboamento e o abandono progresivo e desmedido da actividade agrogandeira fan que os problemas estruturais e de xestión do noso territorio se agraven e presenten un gran reto para o futuro da sociedade galega, en xeral; e para iso estamos aquí, isto é, para falar do futuro do noso país.

Unha das respostas importantes a este reto é a de dar protagonismo a un actor esencial no pasado e no presente do noso pobo, que é a castaña e o castiñeiro. Galiza é o territorio do Estado con maior produción e exportación de castaña. No conxunto de Galiza hai preto de 50.000 hectáreas de castiñeiros e de soutos que producen uns 20 millóns de quilos nun ano normal, segundo datos da propia Xunta. Isto tradúcese nun impacto de máis de 20 millóns de euros pagados a produtores, xerando un valor superior aos 50 millóns de euros en comercialización, despois de seren transformados. Estes datos demostran a importancia económica deste sector no noso país. E, alén das cuestións económicas deste cultivo, debemos sumar o papel que xoga, como factor de descontinuidade, nas masas forestais e de matogueira, actuando tamén como unha franxa de seguridade e como un ralentizador dos lumes principalmente cando as condicións son críticas.

A presenza de soutos e de castañas é maior nas zonas do interior das montañas de Ourense e de Lugo; concretamente, sacado do Inventario forestal de Galiza, Lugo representa o 49 por cento e Ourense o 33 por cento. Dentro do conxunto do Estado español, Ourense é o territorio cunha maior porcentaxe de produción dos castiñeiros, e máis do cincuenta por cento da produción do conxunto do Estado ten a súa orixe na provincia de Ourense. Comarcas como as de Verín, Conso-Frieiras, Valdeorras ou concellos como os de Vilardevós, Riós, Viana do Bolo, A Gudiña, A Mezquita, A Rúa ou Vilariño de Conso son algúns dos exemplos con enormes hectáreas de castiñeiros e importantes producións de castaña.

Pois ben, o cambio climático, cada vez máis acelerado e máis adverso, ten enormes efectos no desenvolvemento do castiñeiro e na produción de castaña, así como as últimas pragas, as novas enfermidades causadas por fungos, fixeron que as colleitas deste ano diminuísen de xeito importante. Neste sentido, e como norma, a produción anual de castaña é moi variable, debido á dependencia das condicións meteorolóxicas do ano que afecta en gran parte a saúde dos castiñeiros por causa de enfermidades que a van mermando, así como por



causa de pragas que diminúen considerablemente a produción. A campaña en curso evidencia unha importante caída —xa se dixo aquí— da produción de máis do setenta por cento en varias zonas do país, como, por exemplo, no concello da Mezquita por mor —como dicíamos— do cambio climático, isto é, por mor das altas temperaturas, en períodos non habituais, que supoñen unha caída do froito antes de tempo, e desas enfermidades xa nomeadas vinculadas ao castiñeiro. A caída da produción ten enormes danos económicos que repercuten empeorando a supervivencia no medio rural e afectando todo o sector, dende o produtor até a empresa transformadora. Son, ademais, innumerables as consecuencias negativas nun cultivo tradicional e autóctono, como é o castiñeiro de froito, e poñen en perigo tanto a renda de produtores como tamén os postos de traballo xerados nas empresas do sector. E, ante esta situación, a Administración non pode quedar parada, e é preciso artellar mecanismos de diagnóstico para saber o que está acontecendo, así como para poñer en marcha o asesoramento e as axudas económicas ao propio sector, polo cal xa adiantamos o noso voto favorable a esta proposta.

Na Mesa da Castaña, celebrada recentemente no mes de outubro de 2023, o Goberno galego anunciaba que se mantería atento a como se desenvolvían as colleitas deste ano e ás súas repercusións, e que estarían tamén en constante contacto co sector. Sospeitamos que é un mero titular á vista dos acontecementos. Miren, no momento en que se estaban dando estas declaracións, os produtores xa alertaban desta situación e dicían nos medios de comunicación —leo textualmente—: «Pódese dicir que esta colleita está sendo catastrófica» —no mes de outubro—. Pois ben, hai unha semana o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal dicía na comisión —no mes de novembro—: «tranquilidade». Hoxe volveuno repetir o voceiro do Partido Popular: «É prematuro coñecer se hai perdas neste momento, xa que aínda se está recollendo». Entendemos que moito contacto e escoita co sector non hai, á vista dos feitos. Nós pedimos dende aquí ese constante e real contacto cos produtores, almacenistas, comercializadores e transformadores porque só a través do diálogo imos coñecer a realidade e as necesidades dun sector que hoxe ve non só unha merma de até o setenta por cento da produción, senón tamén unha caída importantísima do prezo do produto. Entendemos tamén que é preciso poñer en valor e dotarnos dun corpo investigador que diagnostique, estude e vixie a loita contra as doenzas do castiñeiro; esta investigación resulta fundamental para avaliar o que está acontecendo e para ter resultados certos dos tratamentos e das aplicacións que debemos trasladar despois aos produtores a través de asesoramento.

Fala moito o Partido Popular —dicíao o director xeral en comisión e hoxe o señor Armada repetiuno aquí— dos inxentes recursos que se inxectan no sector. Efectivamente, téñense posto en marcha axudas para o fomento da plantación de castaña e para a recuperación dos soutos tradicionais, ao abeiro do Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña, financiadas polos fondos Next Generation. Nós coincidimos na necesidade destas liñas de axudas; xa as puxera o BNG cando gobernaba nese maldito Bipartito, pero tamén debemos reflexionar en que de nada serve poñer recursos na plantación e na recuperación se despois a produción vai ser inexistente por mor deste cambio climático e destas enfermidades. A investigación, o diagnóstico, o asesoramento e a profesionalización deben ser os obxectivos para ter uns soutos e uns castiñeiros en plena forma, que respondan á nosa ordenación autóctona, e con produción competitiva.



Desexamos hoxe que consigamos un acordo, aínda que sexa de mínimos, para que as persoas do sector que nos acompañan vexan esperanza neste Parlamento e vexan futuro, e para que Galiza continúe a ser líder e a ter posicións de liderado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, dona Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Quero agradecer o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego. En canto ao Grupo Popular, pois non podó dicir o mesmo, obviamente. Falarei da emenda que presentou.

Eu cando falaba do seu grupo, e da sección de Vox do seu partido, non pensaba en vostede, pero si sei que coñece a realidade do rural, sei que coñece a realidade das zonas de que estou falando, e creo que vostede se tivese a iniciativa sen marcar por Rueda, obviamente apoiaría esta iniciativa.

Tamén falaba vostede da Deputación de Ourense. Bueno, falar hoxe da Deputación de Ourense é bastante complexo, porque eu reitero a pregunta que fixo o meu portavoz ao presidente, isto é, se ía manter o expresidente da Deputación representando a todos os galegos e as galegas no Senado. Esperemos noticias, neste senso, durante este día ou mañá —pode ser—. E tamén pois é complicado falar hoxe da Deputación de Ourense, que vai a outra velocidade que o resto do Partido Popular; (*Aplausos.*) e, ¿por que o digo? Porque o Partido Popular de Ourense non pensa nin actúa hoxe como actúa aquí o Partido Popular comandado polo presidente Rueda; entón, igual ten vostede unha explicación, porque vou explicar por que: o Grupo Socialista na Deputación de Ourense, concretamente Marina Vaz, presentaba unha iniciativa, isto é, unha moción, que era aprobada na Deputación, e miren o que aprobou o Partido Popular de Ourense: «Que a Deputación de Ourense se poña abertamente do lado deste sector para garantir o futuro da actividade, e inste a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia á aceleración da posta en marcha dun plan integral para a revitalización dos castiñeiros do oriente ourensán, que contemple un estudo en profundidade para a diagnose dos motivos da continuada caída da produción nas comarcas produtoras». Pero aprobaba máis: «Que a Deputación inste a Xunta de Galicia a promover, incentivando a colaboración entre as universidades e os actores do sector da castaña, a investigación de solucións adaptadas ás condicións de cada comarca, que inclúa a selección de variedades...» —ta, ta, ta—, e aprobábao. Pero ía máis aló: «Que a Deputación de Ourense inste a Xunta de Galicia á instauración de forma urxente (*Pausa breve.*) ¡de axudas directas ao sector da castaña!». Entendía o Partido Popular, en Ourense, que non tiña que esperar un mes para ver os resultados porque —como dicíamos ao principio— este é o sétimo ano que temos perdas neste sector, e xa o propio director xeral si que recoñecía que as perdas ían estar nesa marxe de que falabamos dun corenta por cento e dun setenta por cento. Entón, o Partido



Popular, en Ourense, viu que isto tiña que facerse porque coñece a realidade da provincia e do que —como dicía— están pasando esas zonas porque seguramente vostede ten os mesmos datos ca min, pero dos concellos que teñen menos renda bruta dispoñible, na provincia de Ourense, tres deles producen este produto. Entón, vostede presentou unha emenda da cal —se me dá tempo— tamén falarei.

Tamén quero seguir falando da Deputación de Ourense. Hoxe é un día bo para falar da Deputación, e apetécame. Resulta que, falando de proxectos de castaña —eses proxectos piloto que quere pór agora a Xunta de Galicia—, pois —¡si!— lle pide consello á Deputación de Ourense porque o fan moi ben: «O PSOE denuncia que a Deputación disfrazou —¡ disfrazou!— catro traballadores de científicos para o proxecto Castaña»; *(Risos.)* e isto con nomes e apelidos, ¡¿eh?! *(Murmurios.)* —aquí están os nomes— dos traballadores que están disfrazados. Igual ten a Xunta de Galicia, ou a Deputación, unha partida para ir a «Don Disfraz». *(Risos.) (Aplausos.)* O que está claro é que, ¡tela!, ¿eh?, ¡tela! *(Aplausos.)* Uns 2,5 millóns de euros, ¿pero non sabemos onde están os castiñeiros? ¡É verdade! E vostede é que, ademais, como o sabe, non me pode dicir que non. Os castiñeiros non están, porque —¡claro!— os científicos sabemos quen son. E non vou dicir os nomes porque, mire, son traballadores da Deputación; os nomes están aquí e vostede sábeos. Entón, ou imos a 215 quilómetros por hora ou disfrazamos os traballadores nun centro que non existe e gastamos 2,5 millóns de euros. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Non, non; non estou equivocada, non estou equivocada! E vostede sabe que algún centro, que é financiado, abriu cinco días. E eu nunha comisión falaba de complicidade con esta historia, incluso da Xunta de Galicia —vostede sábeo—; e, ¿por que? Porque había subvencións que daba a un centro de Riós que, despois, non facía as actividades que vostede sabía que tiñan que ser elaboradas.

Entón, sexamos serios. Aquí pedimos unha liña de axudas directas ao sector, e vostede presentou unha emenda que, *(O señor Armada Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)* obviamente, non recolle para nada... Non, non, señor Armada.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Mire, pois para rematar *(A señora Rodríguez Dacosta vírase cara á señora presidenta.)* —se me permite a señora presidenta—, vou ler unha copla a Rueda que fixeron nas zonas afectadas por esta problemática —un segundiño—: «Non puido o señor presidente ocuparse da castaña por atender en Caldelas asuntiños de campaña; pero, ¡olle! que os ourizos lle teñen picos como espadas, e o 26 de novembro igual lle veñen mal dadas». *(Risos.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa última proposición non de lei antes das votacións; neste caso é a referenciada no punto sexto, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e de dona Olalla Rodil Fernández.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as accións que no contexto actual debe impulsar o Goberno galego en relación coa violencia machista

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

E para formulala ten a palabra, por tempo de dez minutos, dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Onte falabamos neste Pleno de igualdade e de violencia machista, e ao Partido Popular non lle gustou que o Bloque Nacionalista Galego tivese Angela Davis como referencia; tampouco lle gustou, aínda que é galega, que a nosa referencia fose Carme Adán. Non o vou intentar, por respecto ás súas señorías, con Machado, hoxe, pero vouno facer cunha galega; unha galega, profesora de socioloxía, experta en políticas de igualdade —que, por certo, xa ten comparecido, ademais, neste Parlamento— porque a nós nos parece importante que, cando falamos de avanzar en políticas contra a violencia machista, vexamos os estudos e vexamos o que nos din as persoas expertas.

Estou a falar de Iria Vázquez Silva, que coordinou e maioritariamente escribiu unha innovadora radiografía sobre a violencia machista institucional, que foi publicada no ano 2020. *Cómplices* é unha radiografía da atención á violencia machista en diferentes ámbitos institucionais, daquilo no que fomos avanzando, daquilo que falla e daquelas cuestións en que había e en que hai que avanzar. Reler este libro, reler *Cómplices*, a verdade, é alentador; é alentador, nunha parte, porque en moitos aspectos conseguimos dar pasos adiante. Por exemplo, en que o Estado español —aínda que de forma aínda incompleta— fose asumindo algúns dos postulados de Istambul e abrindo a violencia machista e a súa definición máis alá do marco da parella. É alentador sobre todo porque demostra que diagnosticar, que radiografiar, que analizar axúdanos a avanzar e a mellorar; e iso é o que debera facer un Goberno, e vimos onte que lamentablemente parece ser que non é o que quere facer o Goberno galego.

En todo caso, eu quería deixar aquí unha reflexión acerca de que, neste estudo, Iria Vázquez Silva atinou no prognóstico que facía dunha serie de riscos que tiña o movemento feminista e as políticas públicas contra a violencia machista. Incluía un cadro DAFO (un cadro de debilidades e fortalezas) no seu estudo e sinalaba algunhas cuestións que eu creo que é necesario recordar hoxe para avalar a tese que traemos hoxe aquí desde o BNG, que é que neste contexto, aínda que nalgunhas cousas teñamos dado pasos adiante, non podemos conformarnos. Porque non facer máis significa retroceder e porque hai moitos riscos aí fóra que se incrementaron.

A primeira cuestión que sinalaba eran as políticas de austeridade na Administración pública. Sinalábo porque evidentemente este libro recollía como afectaron as políticas austericidas



da década 2010 ao ámbito da protección e da atención ás vítimas de violencia machista. Hoxe estamos nun momento no que tamén nos últimos días debatemos moito de como a partir de 2024 volve a senda do déficit e volve o límite de gasto ás administracións públicas. Non nos libra de que haxa un risco evidente enriba da mesa, que xa se está verificando noutras partes, de conxelación ou retroceso nos orzamentos.

A segunda cuestión na que facía fincapé a experta é a privatización e precarización dos servizos de atención a mulleres e crianzas. Poderíamos falar aquí das reivindicacións de Asufin; poderíamos falar de como a Xunta vén de privatizar unha parte da xestión dos abortos neste país; ou poderíamos falar de como veñen de vetar mesmo no día de onte que se aumente a creación de prazas públicas para os servizos públicos que necesitan as mulleres deste país para conciliar.

A terceira cuestión da que fala é o aumento dos discursos sociais machistas, homófobos e transfóbicos explícitos, co perigo dun retroceso na sensibilización sobre violencia de xénero e sobre a diversidade. Creo que isto está todo dito.

E a cuarta cuestión na que fai fincapé é a ausencia de materias de igualdade nos distintos niveis educativos. Este curso está marcado pola retirada, por parte do Partido Popular, da materia de igualdade. Polo tanto, aquí vemos como riscos que se sinalaban onte hoxe desafortunadamente avanza. Esta é a parte pouco alentadora de volver reler esta obra, que é referencial. Polo tanto, espero que isto sirva para convencer un pouco o Partido Popular de que non avanzar significa retroceder e de que, ante a banalización e o cuestionamento da violencia machista e o rearme do patriarcado, a única resposta posible por parte das institucións é fortalecer e mellorar o que xa hai, facer medidas concretas, máis feitas e máis recursos.

Porque, señorías, no contexto do 2023 non abonda cos lazos morados; non abonda coas declaracións de intencións. (*Aplausos.*) Precisamos propostas claras, realistas, realizables e concretas. E iso é o que presenta hoxe o Bloque Nacionalista Galego aquí. Propostas que onte non vimos por parte do Goberno galego, pero nós presentámolas porque aquí hai un BNG forte e preparado para asumir os retos de futuro. Porque hai unha Galiza que vén, que é imparabile e aquí presentamos propostas que son a alternativa de goberno, tamén. (*Aplausos.*)

Propoñemos unha batería de medidas que ten basicamente tres eixos de actuación concretos: avanzar no coñecemento da realidade da violencia machista; elevar as contías, en concreto das axudas periódicas, para acompañalas coa crise de prezos e coa crise económica; e, en terceiro lugar, avanzar nos recursos contra a violencia sexual. Paso a explicalas.

No primeiro ámbito, o de avanzar no coñecemento, propoñemos consolidar periodicamente a macroenquisa de violencia machista. Necesitamos saber a realidade á que nos enfrontamos, e non é suficiente coa información estatística. Temos que calendarizalo. Propoñemos que bianualmente se realice a macroenquisa de percepción e propoñemos tamén melloralas. Propoñemos incorporar elementos para analizar os factores interseccionais de discriminación e, polo tanto, facela máis completa. Propoñemos que se faga desde o ámbito do Instituto Galego de Estatística e que iso teña tamén unha derivada, cumprindo a Lei de



violencia machista, que desde o ano 2007 contempla a necesidade de colaborar co sistema universitario galego na investigación. Propoñemos que se exploten cualitativamente eses datos, para avanzar.

Temos exemplos no pasado de como iso funciona. Onte, tamén durante o debate da Lei de igualdade, falábase da conta satélite de produción doméstica, unha estatística para medir canto vale en termos económicos o traballo doméstico invisible das mulleres que se fixo no ano 2008. Un estudo por parte do sistema universitario galego que despois non se volveu facer, porque o Partido Popular vetouno durante catorce anos. Pese a que esta conta satélite está contemplada na lexislación desde o ano 2004, non houbo un só avance. Menos mal que nesa lei vangardista volveron poñer ese artigo, que xa levaba existindo desde o ano 2004. Esperemos que entón, con esa vaga vangardista, tamén acepten esta proposta, para así comprometer que bianualmente haxa no noso país por parte dos nosos instrumentos de autogoberno unha enquisa periódica que avalíe a percepción da violencia machista e que o faga tamén en colaboración co sistema universitario galego.

A segunda cuestión, o segundo grande ámbito que abordamos, é o económico. Sen renunciar, por suposto, á nosa demanda do un por cento do orzamento para a violencia machista, propoñemos algo moi concreto que debería ter o apoio do Partido Popular. Un Partido Popular que está moi atarefado e non presentou ningunha emenda, pero nós estamos dispostas a transaccionar nesta mesma sesión. O que propoñemos é que as contías da axuda periódica de violencia machista sexan incrementadas para acompañar a crise de prezos que vivimos. Eu quero lembrar que estas axudas periódicas son un instrumento fundamental. Eu atreveríame a dicir que un dos máis importantes e sólidos que afortunadamente temos no sistema galego de protección das vítimas. Ao longo dos anos fomos, non sen esforzo, mellorándoas e desde o ano 2018 non se amplía a súa contía. Nós cremos que é o momento de volver traer ese debate. Nestes cinco últimos anos aumentaron moito os prezos, especialmente nos tres últimos, que se perdeu poder adquisitivo cunha inflación que foi a máis alta en corenta anos de historia. Polo tanto, é o momento de que esas axudas teñan un incremento, para que así sigan mantendo a súa función e axuden a moitas mulleres a saír adiante. Cinco anos conxeladas. Neste momento hai que abrir o debate. Estamos, ademais, no momento oportuno, porque a concreción destas axudas sempre se aproba a final de ano para comezos do ano seguinte. Polo tanto, esperamos que algo tan elemental teña o apoio do Partido Popular.

E, finalmente, no terceiro eixo o que abordamos é a necesidade de avanzar en cuestións concretas ante a violencia sexual. Eu quero recordar que a memoria sobre o ano 2022 da Fiscalía de Galiza recolle máis de mil seiscientos delitos incoados contra a liberdade e a indemnidade sexual. Isto é só a punta do iceberg, porque sabemos que aproximadamente se estima que só un vinte por cento das agresións sexuais chegan ao ámbito da xustiza. Polo tanto, temos que tomar en serio este ámbito. Ademais de recoller as demandas que formulabamos onte, de acelerar o cumprimento dese protocolo comprometido co Parlamento galego, de acelerar os centros de atención 24 horas e garantilo con equidade territorial, propoñemos de forma concreta que se impulse, ademais, unha campaña específica tanto no ámbito universitario como no ámbito do ensino secundario para dar a coñecer os recursos de violencia sexual, para concienciar sobre a violencia sexual e avanzar neste ámbito. Só un



dato: sabemos polo estudo do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e Estudos de Xénero da USC que a metade dos adolescentes se informan mediante o porno e que a metade das e dos adolescentes deste estudo, entre os 14 e os 18 anos de idade, consome pornografía. Polo tanto, se queremos resultados diferentes hai que facer cousas diferentes e hai que sacar do caixón eses compromisos de formación no ámbito educativo que xa incorporaba a lei no ano 2007.

En conclusión, tres ámbitos importantes...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—remato xa señora presidenta—: o do coñecemento, o económico e o da atención á violencia sexual, que son fundamentais e que cremos que deberían ter o noso apoio.

Remato xa, señora presidenta. Este sábado o feminismo deste país volverá saír ás rúas, como sempre fixo, exixindo concienciación e concreción. E nós temos unha responsabilidade, que é concretar. O BNG fai nesta iniciativa o que non leva facendo o Goberno galego nos dous últimos días de debate plenario. Polo tanto, esperemos que hoxe inicien o camiño dunha rectificación que melloraría a vida de moitas máis.

Chao. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Ben, bo día a todas e a todos.

Claro, coa iniciativa que trae a este pleno o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego estáselle facendo realmente unha emenda á totalidade das políticas do Goberno galego para a loita contra a violencia machista. Unha emenda á totalidade que compartimos, como ademais ben dixo a señora Presas. Quedou bastante de manifesto nesta sesión plenaria.

De feito, moitas das cuestións que aquí se expoñen tamén nós as reclamamos, e as que non reclamamos contaron sempre co noso referendo. Máis concretamente, entendemos que a emenda se fai no que ten que ver cunha ausencia final —é o que subxace— de estratexia. Algo que tamén as socialistas levamos moito tempo denunciando.

É que esa é a realidade. En materia de loita contra a violencia contra as mulleres —e non imos ser hipócritas neste hemiciclo— é certo que temos avanzado moito no noso país, non só porque o Goberno galego así o decidiu, senón porque contou co consenso de todas as forzas políticas aquí presentes. Temos avanzado moito en todo o que ten que ver co recoñecemento dos tipos de violencia, que significa incrementar as prestacións a esas mulleres vítimas que poden optar a esa prestación que servirá cando menos para poder



continuar a súa vida fóra da violencia. Pero falla a prevención. Dicímolos moito dende esta tribuna: falla a prevención, falla a estratexia e falla tamén, como se di na iniciativa, facerlle algo de caso ao coñecemento experto.

E xa lle dicíamos onte tamén nós á conselleira: os informes da violencia de xénero que cada ano presenta a Secretaría Xeral de Igualdade son insuficientes, absolutamente insuficientes. Porque si, é certo que dan mandato ao que vén exixido por lei, pero mostran só unha realidade. Por certo, mostran unha realidade e deberían tamén avaliar esa realidade, pero non o fan. É preciso ter un maior grao de coñecemento, igual que é preciso avaliar eses datos que arrojan, e iso podería facerse perfectamente dende as tres universidades públicas que temos no país.

Tamén é importante, efectivamente, coñecer a percepción que da violencia contra as mulleres temos toda a sociedade galega. Por iso, tamén coincidimos nesa periodicidade estable da macroenquisa da que xa se falou aquí. Iso si, teño desgraciadamente que lembrar que, cando menos nesta lexislatura, sempre que levamos propostas de estudo acerca da violencia de xénero para avanzar no seu coñecemento que escapasen a eses tres informes necesarios —non dicimos que non— que de maneira anual —repito: obrigada por lei— presenta a Secretaría Xeral de Igualdade, o Partido Popular sempre votou en contra. Mesmo creo que unha vez envalentonouse e votou a favor, pero aínda estamos esperando por ese informe.

Por outra banda, esta proposición non de lei pon con toda lóxica moito do peso da investigación nas universidades galegas. Outra materia pendente deste Goberno, a pesar tamén de estar, como di a iniciativa, mandado por lei. E cando si hai investigación, como por exemplo o estudo que referenciabamos onte na nosa proposición non de lei acerca da percepción da violencia sexual entre a mocidade galega, o Goberno galego óbvíaa. Porque, claro, as conclusións que lle dá o persoal experto que temos aquí —repito, moi cerca— non lle gustan ou non as comparte. Neste caso, era por exemplo esa necesidade imperiosa de incluír a educación afectivo-sexual nos currículos educativos.

Tamén é preciso, e diría que imprescindible, traballar contra o negacionismo da violencia machista. Precisamente por iso, polo que antes tamén dicía a señora Presas acerca desa falla de sensibilización con estes discursos negacionistas. Hoxe máis que nunca isto preocúpanos, diante do agromar do negacionismo desa violencia machista que nega que nos agriden polo simple feito de ser mulleres. Preocúpanos ese negacionismo da violencia machista nas institucións. E máis visto o que acontecía onte —xa o dixemos tamén— con esa orde dos máximos mandatarios, eses machos alfa do partido socio natural do Partido Popular, de Vox, a todos os seus concelleiros e concelleiras —que teñen poucas; teñen máis concelleiros, non sei por que será...— de non sumarse aos actos do próximo 25-N. Pero tamén nas rúas.

Tamén nos preocupan ás rúas nas que, fóra do dereito que por suposto temos todos e todas a manifestarnos —benvida a dereita a ese exercicio dun dereito; desculpen este xogo de palabras—, debemos facelo xa non só de maneira pacífica, senón con respecto. E non semella que haxa demasiado respecto nin tolerancia nesas concentracións que levan xa algunhas semanas diante do Partido Socialista en Madrid, na rúa Ferraz, dos cachorros de dereitas



que insultan ministras co machismo máis repugnante e que non atopa unha denuncia contundente entre os seus dirixentes. (*Aplausos.*) Nin de Vox, que suposto o alenta, nin do Partido Popular, que co seu silencio tamén consente. Logo non nos estrañemos de non ser quen de reverter os espeluznantes datos que levamos dous días aquí manexando ou poñendo de relevo. E digo datos, pero é que detrás de cada un deses datos hai un nome de muller.

Por suposto, tamén referendamos a petición de incremento dos fondos dedicados á violencia machista. Xa lembrabamos tamén onte os datos, e esta mañá o noso voceiro os datos do Bipartito. Síntoo moito, as comparacións son odiosas pero son as que son. E tamén apoiamos a actualización das contías das prestacións periódicas para vítimas, que ademais xa votamos afirmativamente noutra ocasión na que o trouxo o Bloque Nacionalista Galego a este pleno. O prezo da vida sobe para todo o mundo. Por tanto, tamén debe incrementarse o importe desas axudas para todas estas mulleres, que en moitísimos casos son o único sustento delas e da súa familia, incapaces elas aínda de pensar sequera en refacer a súa vida. Son imprescindibles esas axudas.

Entendo que queda tamén fóra de toda dúbida, logo das nosas intervencións de onte, o compromiso do PSdeG coa loita contra as violencias machistas a que se refire o último punto desta iniciativa que se trae hoxe aquí. É innegable que, sen esquecer a atención ao resto de violencias, por suposto que non, a sexual está a experimentar un crecemento que en ocasións é exponencial, e debemos actuar xa. Non hai tempo, non temos tempo. Dende as máximas fronte posibles; dende eses centros 24 horas dos que falamos, que deberían estar xa activos —toda vez que o Goberno galego leva moito tempo cos fondos transferidos— ata ese protocolo de intervención en contextos de ocio nocturno.

Nós non comprendemos a demora neses centros que xa estaban a piques, a piques de abrirse e menos a explicación dese protocolo polo que agora hai que agardar porque a ese protocolo contra esas violencias en espazos de ceo nocturno hai que sumar tamén o colectivo LGTBI. Xa estaban a piques de estar elaborados os protocolos —porque, ben o recordaban onte, a conselleira aquí afirmaba que antes do verán xa era inminente a súa aprobación— e agora resulta que temos que incorporar o colectivo LGTBI e non podemos comezar con eles. Probablemente —non o sei, tampouco quero aventurarme a dicir algo aquí— pero ben estaría que en Monforte, en Sarria ou nalgunha outra vila galega tivéssemos eses protocolos xa aprobados este verán. Non se toman en serio esta cuestión, pensamos nós, e esa demora é un exercicio de irresponsabilidade inadmisíbel, cando no noso país son xa varios casos de agresións sexuais en contextos de ocio.

E, por certo, demóranse atrasos —que iso tamén hai que explicalo— tan inexplicables que nin a Consellería foi quen de explicar. Deben ser demasiado inexplicables para que nin a propia conselleira onte foi quen de explicar.

Ben, a pesar de que a sociedade ten avanzado moito neste sentido nos espazos e tempos de ocio —queremos redundar nesta cuestión—, continúan a normalizarse determinadas condutas que levan á impunidad dos agresores sexuais e mesmo tamén a xustificar o seu comportamento. Por iso é imprescindible que o persoal traballador deses locais, por exemplo, teña a formación adecuada para detectar esas violencias e actuar rápida e



correctamente. Dende a prevención e a sensibilización, fundamentais en todo este proceso, á detección e reacción fronte a unha agresión sexual, pasando, por suposto, por unha correcta atención á vítima, que debe ser sempre o prioritario.

É preciso, xa que logo, prevención e máis prevención, a través da educación na escola. Na sociedade tamén, como reclamamos onte, pero tamén na escola. Tamén asistencia e, como lembrabamos onte, a eliminación da presencialidade do ciclo de igualdade de xénero ou eliminar tamén do currículo esa materia de libre configuración, que é substituída por finanzas (creo que é polo que substituíron a materia de libre configuración de igualdade de xénero). É un pouco a mostra do que lle importan estas políticas ao Partido Popular. Eu lamento dicir que nisto, tanto na prevención como na sensibilización, estamos chegando xa demasiado tarde.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario do Partido Popular, ten a palabra dona Noelia Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día a todas e a todos.

Señores deputados do Partido Socialista, eu penso que xa está ben de faltas de respecto. ¿«Cachorros», señora Díaz? ¿É iso o que pensa vostede da mocidade que é afín ao Partido Popular? Bueno, pois ¡está o PSOE para falar de socios no día de hoxe! Mire, hoxe meteron a Vox ata coas castañas, de verdade. O seu catecismo xa chega a tal punto en que hoxe meteron a Vox ata coas castañas. Eu pediríalles que se deixasen de falsidades, señores deputados do Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Mire, señora Díaz e señora Dacosta, que pasa, ¿que Vox pensa diferente en Guadalajara ou que Vox pensa diferente nun pueblo de Madrid? *(A señora Pérez López amosa un documento.)* Porque, nun municipio de Madrid, «Partido Socialista y Vox se unen para echar al Partido Popular». Teñen que ser vostedes máis coherentes e acabar con esa falsidade.

Respecto da iniciativa de hoxe, eu teño que recoñecerlle, señora Presas, que tiñamos a feble esperanza — feble, iso é certo— de que unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego sobre a violencia de xénero a tres días do 25 de novembro empezase cos nacionalistas pedindo perdón ás vítimas e ás mulleres do noso país e recoñecendo que cometeron un grave erro, o erro de aprobar unha lei —vano levar consigo sempre— unha lei do só si é si que supuxo que hoxe estean na rúa máis de 122 agresores sexuais e violadores e máis de 1.200 visen rebaixada a súa condena. E que recoñecese o Bloque Nacionalista Galego o erro de quedarse só no Congreso dos Deputados, conxuntamente con Podemos, en votar en contra da reforma desta lei, que buscaba corrixir a primeira desfeita. Pero hoxe nin arrepentimento nin perdón coas mulleres e coas vítimas do noso país. *(Aplausos.)* Perderon vostedes unha grande oportunidade, señorías, unha grande oportunidade.

Mire, e respecto da iniciativa de hoxe, hai clásicos do cine: *Cantando bajo la lluvia...* «Chiquilla» de Seguridad Social. ¿Quen non cantou ese clásico do pop español? Clásicos da



literatura galega: podemos falar de Rosalía, de Curros, de Pondal. E un Real Madrid-Barça, que iso xa é o clásico por excelencia no noso país. E despois están os clásicos no Parlamento de Galicia: a señora Pontón, que está aí nestes momentos, e as iniciativas do Bloque Nacionalista Galego. Porque esta iniciativa empeza a ser un clásico todos os anos na semana do 25-N.

Mire, explicámolo reiteradamente cada vez que propoñen esta enquisa ou similar. Mire, entre as metas de traballo do Plan galego de estatística 2022-2026 está contemplada unha análise sociolóxica sobre violencia de xénero. ¿Saben por que aparece no Plan de traballo do IGE? Porque a incorporou o Partido Popular de Galicia. Vostedes dirixiron esta comunidade entre o ano 2005 ata o ano 2009 e isto non lles parecía suficientemente importante, pese a que a Lei galega de igualdade de mulleres e homes, que tamén aprobou, por certo, o Partido Popular no ano 2004, xa indicaba a desagregación dos datos en atención ás circunstancias vinculadas ao xénero. As estatísticas, señoras e señores do Bloque Nacionalista Galego, non se fan ás présas. O IGE non é Tezanos, e para o Partido Popular o importante non é facelo rápido, senón facelo ben e, por certo, optimizar recursos e evitar duplicidades respecto do INE.

Mire, díciolle que esta iniciativa é un clásico, porque volven vostedes co un por cento. O luns a líder do Bloque Nacionalista Galego —que xa non está, por certo— dicía que os recursos do Goberno galego destinados á igualdade eran mínimos e que o Bloque Nacionalista Galego propoñía dedicar o un por cento. Destinar un de cada cen euros para loitar contra o machismo, dicía a líder do Bloque Nacionalista Galego. Pois outra vez as matemáticas xogáronlle unha mala pasada á súa dirixente. Pasoulle como cos minisoldos que querían darlles aos novos médicos. ¿Recordan vostedes aquilo ou pasoulles como coas contas da débeda co presidente Rueda desta mañá? Co investimento do Goberno galego na loita contra a violencia de xénero, pásalle de novo. Eu preguntome se é que non o saben ou se o fan intencionadamente, porque isto non ten explicación ano tras ano. Porque, mire, o orzamento destinado polo Goberno galego á igualdade e á loita contra a violencia de xénero representa máis do dous por cento do global do presuposto da Xunta de Galicia para o ano 2024.

Polo tanto, as mulleres galegas teñen que saber, pese a que a señora Presas dixo hai un momento que estaban preparados para asumir os retos do futuro, que coas contas que fai o Bloque Nacionalista Galego e as promesas que fai o Bloque Nacionalista Galego hai menos cartos, menos recursos e menos dereitos para elas. Porque de conto o Bloque Nacionalista Galego, señora Presas, anda ben, pero en contas fallan bastante. Mire, eu voulle amosar unha gráfica sinxela. (*A señora Pérez López amosa un gráfico.*) Unha gráfica na que comparamos os recursos destinados á igualdade e á violencia de xénero no ano 2009, cando gobernaba o Bloque e o Partido Socialista de Galicia, e no ano 2024. Por cada euro que gastaba o PSOE e o Bloque no ano 2009, o Partido Popular gasta hoxe 2,85 euros. E se engadimos a conciliación —porque a conciliación tamén é importante para loitar contra a violencia de xénero; dino os expertos, señora Presas—, por cada euro que gastaban vostedes no ano 2009 en conciliación, igualdade e violencia de xénero, estase gastando agora co Goberno do presidente Rueda catro veces máis. (*Aplausos.*) Eu déixolle o gráfico. Mire, cando volva á tribuna pode lelo, do dereito ou do revés. Pero esta é a realidade e esta é a verdade.



Falan tamén de incrementar as prestacións periódicas. Estase a referir a esas que Galicia é a única comunidade que mantén abertas todo o ano e estase a referir a esas que Galicia mantén con fondos da Xunta de Galicia exclusivamente. E pídeno para dar resposta ao impacto da crise de prezos. Mire, pois en Galicia cando as vítimas de violencia teñen insuficiencia de recursos, o sistema de protección galego permítelles acollerse a maiores a outras prestacións.

E claro que estamos ocupados, señora Presas, en gobernar Galicia; en traballar polas galegas e polos galegos. E non temos problema en aceptarlle esta proposta que fan vostedes. Claro, sempre e cando se poñan vostedes ao carón do Partido Popular; que o Bloque Nacionalista Galego apoie o Partido Popular e exixa por escrito nas súas peticións unha repartición máis equitativo dos recursos e que o señor Sánchez non prexudique as comunidades gobernadas polo Partido Popular. Entón aí si terán o noso apoio. Pero mentres lle pidan ao Goberno galego máis recursos contra a violencia sexual... Xa lle escoitaron onte á conselleira que se están a traballar para abrir eses cinco centros de crise —eu non llelo vou volver repetir— vencellados coas áreas sanitarias.

Señora Presas, vostede dicía que era necesario dar pasos adiante. Nós preguntámonos que está a pasar con outros recursos para atender as vítimas; onde está a coherencia do Bloque Nacionalista Galego e onde están, por exemplo, os recursos como os xulgados de violencia de xénero, señorías do Bloque Nacionalista Galego. Porque, para chegar a cobrar algunhas prestacións, as mulleres antes teñen que pasar polo xulgado. Digo eu. Miren, ¿coñecen isto, señorías? (*A señora Pérez López amosa un documento.*) Este é o pacto do Bloque Nacionalista Galego cando fixo presidente o señor Sánchez no ano 2020. A cambio deste pacto, o Bloque Nacionalista Galego ía colocar Galicia na *Champions League*. Literal, dicía a señora Pontón no ano 2020: «Imos a Madrid non a obedecer, senón a defender os intereses dos galegos.» Pois en 2020 defendía o Bloque Nacionalista Galego ampliar en tres o número de xulgados de violencia de xénero en Galicia. ¿Creáronse estes tres xulgados? Non, señorías.

Pero mire, hai unha semana o Bloque Nacionalista Galego volveu facer presidente o señor Sánchez. (*A señora Pérez López mostra un documento.*) Este é o pacto do ano 2023. Asinaron un novo pacto, neste novo pacto piden cinco xulgados. A señora Pontón asinou cinco xulgados. Vergonzoso. ¿E saben por que é vergonzoso, señorías? Que me falta a nota, pero traíaa para ensinarlla. Téñoa aquí. É vergonzoso porque asinaron este pacto hai dez días e a finais do mes de outubro o Goberno respondeulle por escrito ao señor Rego dicíndolle que descartaba crear novos xulgados específicos de violencia de xénero en Galicia. Vostedes asinaron un pacto cando xa sabían de antemán que non se ían facer os cinco xulgados. (*Aplausos.*)

¿Sabe o que está a facer o Bloque Nacionalista Galego? Estanos a tomar o pelo. Estanos a tomar o pelo aos deputados desta Cámara, ao Goberno galego, pero estallo a tomar a todas as galegas e os galegos. Porque, se o primeiro pacto foi unha estafa, este segundo pacto, que asinaron sabendo xa de antemán que había cousas que non se ían cubrir, é unha estafa en versión 2.0.

Mire, se someten a un polígrafo ao Bloque Nacionalista Galego, fúndeno. Para o Partido Socialista —a outra parte asinante do pacto— non nos vale o polígrafo, porque



necesitáramos un polígrafo —e eu penso que aínda non está inventado— que en vez de mentiras detectase cambios de opinión. O que lle estou a dicir parecería un chiste se non fose porque estamos a falar de cousas moi serias. Vostedes sigan así, señorías, porque a realidade é que a violencia machista lles interesa máis ben pouco.

Do único que poden presumir no día de hoxe o Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista de Galicia é de co seu apoio o señor Sánchez regalou os cartos que tiñan que vir para Galicia, tamén para políticas en materia de igualdade e en loita contra a violencia de xénero, os cartos das galegas e dos galegos, a Cataluña e ao País Vasco.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero.

Para o peche ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, quero agradecer á señora Díaz a súa intervención construtiva e o seu apoio a esta iniciativa.

Ben, señora Pérez, por esperanza eu tiña a esperanza de que o Partido Popular, despois do repaso de onte —onde se viron dous modelos: o das vaguidades e as declaracións de intencións e o das propostas concretas e ambiciosas para o ámbito galego, pero tamén para o ámbito estatal—, vostedes rectificasen un pouco e moderasen o seu discurso ultra para ceder e facer algún tipo de avance. Porque son vostedes os que están gobernando neste momento e son vostedes os que vetan propostas concretas porque significa mover un euro e mover un dedo a favor da igualdade e a favor de loitar contra a violencia machista. Nestes momentos vemos que están vostedes imbuídos polas súas contradicións.
(Aplausos.)

En todo caso, varias cuestións. Respecto dos xulgados, señora Pérez, vexo que non puido preparar moi ben esta intervención. Eu recoméndolle —se quere, pásolla— que lea a resposta enteira. Porque, ¿sabe cal é a cuestión pola cal non avanzaron nos últimos anos os xulgados de violencia machista neste país? ¿Sabe cantas veces os pediu a Xunta de Galiza? ¡Cero! *(Aplausos.)* ¡Nin sequera! *(Aplausos.)* É que imaxine vostede, que non os pedisen cando gobernaba o señor M. Rajoy *(Murmurios.)* entraba dentro do previsible. Que naquel momento vetasen neste Parlamento as propostas para crear xulgados exclusivos e excluíntes da violencia machista entraba dentro do previsible. Pero é que nin sequera cando chegou outro partido, despois da moción de censura pola corrupción do seu partido á Moncloa, nin sequera entón converteron isto nunha prioridade, señora Pérez. Cero. É verdade, está demostrado documentalmente e pasarémoslle a resposta.
(Aplausos.)



En todo caso, nós temos moi claro que ao Partido Socialista hai que obrigalo a cumprir con Galiza. E iso é o que facemos. O problema é que non haxa unha Xunta de Galiza facendo o mesmo e facendo o seu traballo para reivindicar iso. *(Aplausos.)* E é ademais unha vergonza que veña unha deputada da cidade de Ourense, cando hai un compromiso de que apareza ese xulgado de violencia machista nos próximos orzamentos do Estado, e que non diga cando menos «a ver se pasa, imos botar unha man para que sexa realidade». *(Aplausos.)* É unha vergonza, señora Pérez. Explíquello vostede ás vítimas de Ourense. *(Aplausos.)*

E logo, varias cuestións rápidas respecto da enquisa. Eu non sei se non sabe porque non estudou o tema ou se é malicia. Porque, mire, a macroenquisa de violencia machista nunca se fixo a través do Instituto Galego de Estatística; fíxoa unha empresa privada, señora Pérez. Estude vostede a Lei de igualdade e a Lei de violencia machista e verá que está mesturando dúas enquisas diferentes. A primeira, a de violencia machista, é a que propoñemos nós que se faga bianualmente e que ademais se amplíen os ítems para poder contar cunha serie histórica que se estude —que iso podíase facer coa Lei de violencia machista, que o propuxemos na tramitación da Lei do IVE e que o vetaron vostedes—; e a outra é a conta satélite de produción doméstica que leva na Lei de igualdade desde o ano 2004 e que en vinte anos, señora Pérez, a única vez que se fixo foi durante eses tres e pico anos terroríficos do Goberno bipartito. *(Aplausos.)* ¡A única na historia! E vetaron vostedes tamén neste Parlamento que se fixese no propio IGE con escusas peregrinas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é a cuestión.

Logo, respecto do orzamento. Eu xa dixen: nós imos manter sempre a nosa proposta ambiciosa do un por cento en violencia machista. En todo caso, se non lles vale falemos exclusivamente. Eu retiro ese apartado específico da iniciativa para a votación se quere. Falemos das axudas periódicas que levan cinco anos conxeladas. ¿Cal é a razón de non dedicar unha parte do orzamento a que esas axudas se incrementen un pouco? Fíxese que nós nin sequera traemos unha proposta específica por tramos, para que non digan vostedes «non, é que un euro é moito, ou dez euros é moito ou cen euros é moito». Sentémonos e falemos e que haxa un aumento para dar cabida a que a crise de prezos non afecte de forma tan intensa as vítimas de violencia machista. O que pasa é que non queren, porque significaría poñer máis euros para esa partida específica. Ese o problema de fondo, señora Pérez. *(Aplausos.)*

Igual que o problema co financiamento do Estado, que está vostede mesturando. *(Aplausos.)* Ademais, nós apoiamos e presentamos múltiples iniciativas para mellorar a cuestión económica do Pacto do Estado e aínda onte lle fixen preguntas concretas á señora conselleira de que podíamos sumar nese sentido. Xa que a Xunta non fai o seu traballo, nós estamos dispostas a facelo. En todo caso, señora Pérez, igual a conclusión é que se non houberse fondos finalistas do Estado vostedes estarían xa recortando. Iso é moi lamentable, desde o punto de vista do autogoberno e do feminismo.

E por último, respecto da violencia sexual. Señora Pérez, vostedes si que deberían pedir perdón. Primeiro, porque foi o Goberno do Partido Popular do señor Rajoy o que estivo vetando aplicar Istanbul e incluír a violencia sexual como unha violencia machista. Segundo, porque están facendo carroña permanentemente con esta cuestión, cando hai cousas que



dependen da Xunta. (*Aplausos.*) Eu cando queiran convídeos a que *subleven el orden constitucional* e traian unha reforma do Código penal a este Parlamento, se queren. Pero aquí estamos falando das cuestións que son ámbito seu, que pode facer a Xunta. Como un protocolo que comprometeron facer en febreiro deste ano e que conxelaron, pese a que a anterior conselleira dixo aquí que en xuño era unha realidade, con escusas peregrinas. Cuestións concretas e medidas que levan anos vetando, como esa formación en materia de violencia sexual que é posible e que é necesaria...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e está arbitrada pola propia Lei galega de violencia. Polo tanto, leccións, nin unha soa, señora Pérez.

Aquí hai dous modelos: o da abstracción, a ver se así edulcoramos a axenda feminista, e as que estamos aquí para facer que a axenda feminista se cumpra e que se melloren os mecanismos. Propostas concretas, que o que lles molesta a vostedes é que efectivamente presentamos propostas que debería estar facendo un goberno e que vostedes non fan. Propostas concretas fronte á abstracción en tres ámbitos de actuación, cando tiveron vostedes onte unha comparecencia limitada para facer cero propostas e tiveron tamén iniciativas propias para facer cero propostas. É o que lles molesta. Pero a axenda feminista e como o cambio neste país: é imparabile e algún día, antes que tarde, farémolo dende o goberno de novo, como xa o fixemos no pasado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Imos proceder ás votacións das proposicións non de lei. Pero antes diso imos dar un saúdo e a benvinda aos alumnos de sexto de Primaria do Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Chancelas, de Poio. Benvidos ao Parlamento de Galicia.

Votación das proposicións non de lei

A señora PRESIDENTA (Candía López): Imos dar comezo entón ás votacións.

Empezamos pola proposición non de lei referida na orde do día, no punto 1, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e dona Noelia Otero Lago.

Teño entendido que ían traballar nun acordo. Déanlle voz, por favor, ao escano da señora Noa.

A señora DÍAZ VARELA: Si, chegamos a unha transacción —que coñecen, ademais, os tres grupos— que é, no punto 2, onde fala de elaborar antes de que remate o actual período de sesións unha guía con material informativo actualizado en materia de sexualidade que recolla recursos dirixidos ás familias, substituír «antes de que remate o actual período de sesións» polo «primeiro semestre do ano 2024».



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi ben. Pois ese é o texto que imos someter a votación.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na erradicación da violencia sexual.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos ao punto número 2, neste caso a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo.

Pide a palabra o voceiro do Grupo Parlamentario Popular. Déanlle voz ao escano, por favor.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Era para solicitar a votación por puntos. O punto 1 e 2, e separar o 3.

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Aceptan a votación por puntos, señor? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, acepta a votación por puntos.

Votamos entón, en primeiro lugar, os puntos 1 e 2.

Votamos.

Votación dos puntos 1 e 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de resolver os problemas xerados polo proceso de transición derivado do peche da central térmica das Pontes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos desta proposición non de lei por unanimidade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): E votamos agora o resto dos puntos da iniciativa.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, agás os puntos 1 e 2, sobre as medidas que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de resolver os problemas xerados polo proceso de transición derivado do peche da central térmica das Pontes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto votado desta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Avanzamos coa seguinte proposición non de lei, neste caso do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. (Murmurios.)

Silencio, por favor.

Votamos.

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de que o Parlamento de Galicia exprese o seu rexeitamento a calquera tipo de amnistía, lembre o necesario compromiso dos poderes públicos co imperio da lei e anime á adopción de acordos de Estado.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos ao punto 4, neste caso do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol.

Non foron aceptadas as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que posibilite que a industria electrointensiva, como é o caso de Alcoa en Galicia, poida ser competitiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos ao seguinte punto da orde do día, o referenciado no apartado quinto, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García.

Entendín que non se aceptaba a emenda. ¿É así, señora Rodríguez Dacosta? (A señora Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.) Non se acepta a emenda.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co obxecto de afrontar a crise da produción de castaña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos á votación da última proposición non de lei, a referida no apartado sexto, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as accións que no contexto actual debe impulsar o Goberno galego en relación coa violencia machista.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematan aquí as votacións e continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación e por un tempo de dez minutos ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Espere un momentíño, por favor, que coloquen o cronómetro.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Benvida, señora Lorenzana, de novo a este hemiciclo.

Eu, para comezar, quería ensinarlle esta foto, (*A señora Presas Bergantiños amósalle á señora conselleira de Economía, Industria e Innovación, Lorenzana Somoza, unha fotografía.*) que supoño que identificará perfectamente, porque vostede estaba aí. Isto para o Bloque Nacionalista Galego é a foto da vergonza. (*Aplausos.*) Unha máis do seu goberno, que nos ten bastante acostumados e acostumadas, especialmente na área de industria. Pero, desde logo, é a última demostración de que están vostedes xa absolutamente desatados, non teñen xa o máis mínimo escrúpulo. Vese que están vostedes —son conscientes— nos estertores do seu goberno e que están dispostos a calquera cousa sen disimular no seu obxectivo, que é deixar todo atado e ben atado polo que poida pasar; non vaia ser que perdan as eleccións. Señora conselleira, esta imaxe é absolutamente indecente e voulle explicar o porqué.

Vostedes, nas últimas dúas semanas —xa sen retrotraerme máis adiante—, o seu historial é que pasan por este Parlamento, en primeiro lugar, unha Lei de acompañamento que supón unha emenda á totalidade, unha reformulación de toda a lexislación en materia industrial, en particular a enerxética. Esa Lei de acompañamento nin pasa polo CES nin ten un proceso de tramitación con participación pública nin cunha participación asumible por parte deste Parlamento galego.

E a segunda gran cuestión é que en menos de quince días tamén vostedes collen e presentan publicamente —xa creada e ben atada— unha empresa privado-pública —porque é de maioría privada, non pública— que vostedes contemplaban no Anteproxecto de lei de beneficios sobre os recursos naturais deste país. É dicir, antes de que chegue a lei a este Parlamento galego, o Goberno galego xa está actuando e xa está creando os instrumentos. É dicir, xa sobrepan vostedes calquera límite. Están vostedes absolutamente desatados e non llelo imos consentir. Non llelo imos consentir porque, en primeiro lugar, aí fóra —e aínda se demostraba estes días— hai unha maioría social que está contestando o modelo económico e enerxético absolutamente lesivo do Partido Popular. E non llelo imos consentir porque o mínimo é que aquí dea explicacións sobre esta cuestión.

E eu voume referir brevemente a dous grandes ámbitos: un é como chegamos ata aquí e o segundo é o que supón este novo tsunami depredador do Partido Popular: todo un exercicio —temos que dicilo así de alto e así de claro— de lavado verde, de lavado de cara a verde do seu goberno, de *greenwashing*, que o que agocha é máis espolio e máis perda de oportunidades para un país que podía ter nos recursos enerxéticos un potencial de desenvolvemento económico nun contexto de transformacións e de necesidade de adaptarnos ao cambio climático, e que vostedes están convertendo nunha oportunidade perdida, nun avance na descapitalización da nosa economía e nun avance da destrución directa xa non de postos de traballo, tamén de recursos naturais, que son absolutamente irreparables.



Os antecedentes de como chegamos a este punto son o fracaso industrial do Goberno galego nos últimos catorce anos, señora Lorenzana. Primeiro, hai que recordar que chegaron vostedes ao goberno despois da campaña electoral máis sucia da historia, na que demonizaron a participación pública, que agora pretenden convencernos de que se autoemendan e, de súpeto, están a favor. Tiraron todo ese modelo polo chan. Iso hai que recordar que nos custou xa máis de cinco millóns de euros do erario público en materia de sentenzas. Agora, por riba, pretenden que nos poida custar máis con indemnizacións millonarias ás empresas.

Mais a cuestión é que nese tempo vostedes, despois dun momento de emerxencia, o que fixeron foi paralizar o sector renovable, en concreto o sector eólico. Estiveron anos enteiros instalando cero megavatios e despois entraron nunha nova fase. De 2016 para aquí entraron na nova fase de todo vale. Aprobaron, primeiro, no 2017 a Lei de implantación empresarial, a Lei de depredación, en teoría, para combater a deslocalización e a desindustrialización. Aprobaron no ano 2021 esa Lei de simplificación administrativa, que é a Lei de depredación dúas, e que aínda estivemos vendo no último debate do luns como por riba agora nos venden que teñen que simplificar a Lei de simplificación administrativa. Espóiler, non valeu, isto non serviu nin na súa política industrial nos últimos catorce anos nin, en concreto, nestes últimos anos absolutamente para nada.

O certo é que neste tempo este país perdeu competitividade respecto do Estado e respecto de Europa e mais respecto tamén do norte de Portugal, que ten unha realidade similar. Destruíron emprego industrial. Dá igual que vexamos a foto concreta de 2009 ou o último ano enteiro de 2022, son corenta mil postos de emprego. Ou que comparemos a EPA de 2009 coa última EPA de 2023, son vinte e un mil empregos menos no ámbito industrial. Perdemos peso porcentual, perdemos peso na industria, e o índice de produción industrial tamén caeu. Avanzou a deslocalización. Seguimos sendo produtores netos excedentarios de enerxía. Ese papel produtor non valeu para frear a deslocalización, tampouco para avanzar na industrialización. Mais aínda temos agora o momento no que Galiza nunca xerou máis enerxía eólica. E pese a iso vimos como pechaban empresas do sector, como se destruíron tamén empregos no ámbito enerxético.

Ese é o seu balance. E xa non é que o diga o Bloque Nacionalista Galego, que é esperable un balance crítico; é que o di o propio Consello Económico e Social e que o di o propio Instituto Galego de Estatística.

Señora Lorenzana, tiñan vostedes difícil facelo peor. Tiñan difícil facelo peor, pero escolleron que había que seguir empeorando as cousas, e no lugar de rectificar vostedes sempre se superan a si mesmos. E agora, desde o mes de maio, sabemos —primeiro, polo anuncio do señor Rueda e, despois, pola publicación do anteproxecto— que traballan vostedes nun tsunami legal, ao que nós confiábamos en que a estas alturas xa tiveran renunciado. Pero vemos que van na dirección contraria, e que mesmo están creando xa os instrumentos que aí avanzaban a través da Lei de acompañamento —non vaia ser que non lles dea tempo de facer algo máis se disolven o Parlamento galego— e a través da vía dos feitos, como acaban de demostrar con esta nova empresa, que, ademais, hai que dicir que replica o modelo falido da empresa dos fondos europeos, (*Aplausos.*) que xa o propio Consello de Contas di nun



informe demoledor —do que coñecemos unha parte en abril e outra parte en xullo— que hai falta de transparencia, falta de concreción e falta de instrumentos de prevención da corrupción, e que non hai por onde collelo.

E con esta proposta de mal chamada Lei de beneficios dos recursos naturais, que os titulares se lles dan a vostedes moi ben, a parte literaria da lei é exquisita. Eu só lendo a exposición de motivos a priori firmaría; o problema é o articulado e a concreción despois.

E á espera de saber cal é o texto definitivo, que lle pedimos que non chegue a este Parlamento galego, esperamos que rectifiquen vostedes e abran un proceso de participación social realmente participativo para un novo modelo enerxético galego, que chegue a través dun pacto de país e que realmente aproveite as oportunidades e teña consenso social á espera do definitivo.

O certo é que o resumo é que isto acrecentaría a inseguridade xurídica, desprotexería máis a xente e o medio ambiente, non vai servir para crear emprego e vai facer que Galiza perda e que Galiza siga perdendo cunha transición enerxética industria, que vostedes están colaborando con deseñar á medida dos grandes intereses económicos do oligopolio eléctrico.

Nós insistimos en que esta chapuza non se pode permitir, que este mal lavado de cara verde non se pode permitir e que teñen vostedes que rectificar. Está claro por que lanzan este proxecto nos últimos meses, está claro que son conscientes vostedes de dúas cousas: cada vez máis xente non entende esa anomalía democrática de que este país sexa líder en produción e non teña beneficios directos, e teña que ver como pechan empresas e como hai inxustiza social e como hai cada vez, ademais, máis vulneración do territorio, que debería estar protexido en aras da xeración enerxética cando non nos estamos beneficiando. Cada vez máis galegos e galegas son conscientes desa anomalía democrática. E, por outra banda, tamén porque cada vez en concreto o seu modelo eólico ten máis contestación. É unha contestación transversal, que vai dos colectivos ecoloxistas a alcaldías de todo tipo e cores —tamén do Partido Popular—; vai de sectores da patronal a organismos preocupados por diversos problemas, desde o Consello da Cultura Galega a outros instrumentos do noso autogoberno. Non hai por onde collelo. Do sector universitario ao sector social hai unha ampla contestación transversal ao seu modelo eólico.

E a súa resposta é este exercicio de *greenwashing* e literatura verde e intentar replicar ese modelo de empresa para poñerlle un titular de que vai ser pública, de que vai traer grandes solucións. E ao mesmo tempo introducir, mediante un tsunami legal e de provedor, xa novas alteracións dun modelo eólico que xa era falido, para permitir que se poidan instalar basicamente en calquera punto do país, porque saltan polos aires as áreas de desenvolvemento eólico.

É tan escandaloso todo, señora conselleira, que o propio Consello Económico e Social, para unha vez que vostedes mandan unha lei económica ao CES, para unha vez que o fan, ditaminou en comisión un ditame absolutamente crítico e demoledor con este proxecto legal. Advirte de que pode ter impactos negativos no emprego, na poboación e no territorio; de que á explotación dos recursos non pode vincularse só investimento, que hai que apostar polo



emprego e equilibrio territorial; que faltan mecanismos de participación social; que vai supoñer inseguridade xurídica; que establece criterios discrecionais. É un absoluto escándalo. Neste momento, se fixésemos caso á lexislación, o que diga o CES deberá ser preceptivo. Vistos os movementos dos últimos meses no Consello Económico e Social veremos en que dá.

En todo caso, señora Lorenzana, nós pensamos que isto non hai por onde collelo. Pedímoslle responsabilidade ao Partido Popular, sabendo que quizais sexa pedir un imposible, pero, en todo caso, estamos aquí para pedirlle explicacións e para pedirlle e preguntarlle, señora Lourenzana: ¿van rectificar?, ¿van dar paso atrás?, ¿van retirar da tramitación ese anteproxecto de lei que sería un absoluto tsunami depredador para o noso país e unha perda de oportunidades sen precedentes? ¿Van rectificar ou van aproveitar os seus últimos días de goberno para seguir destrozando este país?

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Presas.

É agora a quenda para a conselleira de Economía, Industria e Innovación, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Señora Presas, eu creo que o BNG de verdade é que non lles está facendo ningún favor a Galicia nin aos galegos e ás galegas ao bloquear de maneira sistemática o desenvolvemento das renovables e dos proxectos de enerxía renovable na comunidade. Mire, voulle poñer un exemplo: ¿sabe por que o prezo eléctrico baixou durante o ano 2023 en relación co 2022? Porque hai moitos días que precisamente a demanda enerxética está podendo cubrirse con enerxía renovable e non está entrando tantas veces o uso do gas no mix enerxético. Por iso, estamos apostando desta maneira tan clara dende o Goberno de Galicia pola enerxía renovable. Por isto e por moitos outros motivos dos que vou falar e que creo que levamos xa falando o tempo.

Chama a atención moitísimo a súa incoherencia. Durante o Bipartito defendían de maneira clarísima a necesidade de aumentar a enerxía eólica instalada na comunidade e, sen embargo, agora teñen como mantra precisamente o argumento contrario. Voulles dar dous exemplos con citas textuais:

«Emilio Pérez Touriño aseguró ayer que la Xunta mantendrá una posición firme a través de la Consellería de Innovación ante el Gobierno central para exigir la asignación a Galicia de una cuota de producción de enerxía eólica de 6.500 megavatios».

«Fernando Blanco ha dejado claro una y otra vez que los 6.500 megavatios es el primer objetivo para la puesta en marcha del nuevo decreto, y un objetivo viable, asumible e irrenunciable, para así



respetar la apuesta que Galicia siempre tuvo por el viento». Textual: «*Es una cifra realista y sería ilógico coartar una de las zonas con mejor calidad del viento»*.

A potencia instalada que temos hoxe en Galicia no 2023 son 3.877,73 megavatios, un corenta por cento menos do que o seu goberno quería ter autorizados hai once anos, no ano 2012.

É que a incoherencia segue. Vostede pon aquí de manifesto que aprobamos instrumentos a través da Lei de medidas, e sen embargo pactan cun goberno que leva legislando a través de decretos leis no Consello de Ministros de maneira sistemática. Pero a vostede parécelle mal que a Lei de acompañamento conteña medidas de harmonización da lexislación vixente.

O noso modelo enerxético baséase, en primeiro lugar, nun marco lexislativo que está liberalizado e que permite —e así se regula na normativa básica estatal— o desenvolvemento de infraestruturas eléctricas cun respecto ao total ao medio ambiente, que é o que se está facendo nesta comunidade. Vostede sabe de sobra que os proxectos se avalían de maneira rigorosa, que se avalía o seu impacto sobre o territorio, dende o punto de vista medioambiental, dende o punto de vista patrimonial.

As vías que se tramitaron entre finais do ano 2022 e principio do ano 2023 foron en concreto 154 vías. ¿Sabe cantas vías negativas hai aí? Case un corenta por cento, 58 vías negativas. E das 96 vías que aprobamos con carácter favorable, aínda así se eliminaron aeroxeradores, e moitas delas precisamente por informe negativo dalgún organismo.

Co cal o que lle digo é que, evidentemente, non imos retirar o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos deses proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, claro que non. Eu creo que xa teñen que facerse unha idea de que contaremos con esa nova lei, da que, por certo, estamos moi orgullosas dela, que é un marco normativo absolutamente innovador, e que creo que falta á verdade cando di que non se abriu a un proceso de participación social. Diga que a vostede non lle gusta o resultado derivado do proceso de participación social, que é unha cuestión ben distinta. Esta lei pasou por un procedemento de información pública, pasou por un período de audiencia. Diga vostede que ese informe ao que vostede fai referencia, aprobado na Comisión do CES, resulta que non é tal informe porque chegou ao Pleno do CES. ¿E sabe que pasou? Sábeo vostede moi ben, pero non o quere dicir: 22 votos en contra, da UXT, da Confederación de Empresarios, das universidades, das confrarías, que votaron en contra dese ditame, que vostede parece dar aquí a entender que é o ditame emitido polo CES. Pois non, o Pleno do CES rexeitou ese ditame do que vostede fala. Por algo sería, digo eu.

Este modelo que lles provoca tanto rexeitamento, o modelo que imos utilizar con esa nova Sociedade de Recursos de Galicia, resulta que vai permitir precisamente conseguir enerxía a prezos competitivos para as persoas e para as industrias consumidoras galegas. E a inmensa maioría comparte en Galicia o lema que ten esta sociedade: «Os nosos recursos, o noso servizo». Ao mellor, por unha vez na vida, deberían de sumarse á maioría, deberían de saír desa zona de confort na que se atopan vostedes moi cómodos, e por unha vez deberían de apoiar que os nosos recursos estean ao noso servizo, ao servizo dos galegos, e non ao servizo dunha ideoloxía.



Podo dicirlles que dende que presentamos esta sociedade, onde están sumadas esas empresas das que vostede falaba, hai moitas empresas de todo tipo grandes e pequenas, que xa se teñan interesado por formar parte dela; algo bo terá a sociedade se se están interesando tantas e tantas empresas en Galicia. É unha sociedade que coa participación da Xunta ten garantido o interese público, e con todas esas empresas ten garantida a transversalidade e ten garantida tamén que a sociedade sobreviva máis aló de signos políticos. Pero iso seguramente a vostedes tampouco lles gusta, porque non está politizada, non está ideoloxizada; entón, non lles gusta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non.

Non imos impedir que ningún galego nin galega poidan ser donos do patrimonio natural e participen neste proceso; sobre todo non imos impedir que todas as empresas, as grandes, as pequenas, participen. As comunidades de montes, as agrupacións de veciños, todo o mundo vai poder participar. Non lles imos dicir que non ás empresas. ¿E sabe por que non lles imos dicir que non ás empresas? Porque nós non consideramos por defecto que os empresarios sexan inimigos; sempre teñen os empresarios baixo esa sospeita dalgunha clase de escurantismo. Non se pode entender un país sen empresa, a empresa é a que xera emprego, sen elas non habería país.

Ata que punto chega a súa desconfianza que na interpelación cando a formula chega a dicir que debe de constituírse unha sociedade pública para evitar erros do pasado, tanto no seu desenvolvemento como na súa produción, que levaron a danos irreparables no medioambiental. É dicir, está vostede dando por suposto que calquera proxecto por ter un promotor privado ten peor calidade ambiental que se o promotor é público. Explique vostede que pecado orixinal para vostede teñen as empresas deste país que non lles poden perdoar. (*Aplausos.*) Explíqueo vostede. ¿As empresas non están creando emprego?, ¿non lles preocupa o emprego na comunidade autónoma?

Hai empresas na sociedade das que estamos falando que teñen dous traballadores e outras máis de oito mil; todas van poder participar. Creo que é hora de que se definan dunha vez e que digan dunha vez que están en contra dos empresarios galegos, (*A señora Presas Bergantiños sorrí.*) e neste caso expliquen como queren crear emprego. (*Aplausos.*) ¡É a hora de que o digan! Están vostedes instalados na nada, están vostedes instalados nunha ausencia de modelo absoluta, nun conxunto de críticas total e sen ningún tipo de alternativa.

Miren: o mundo cambiou moitísimo nos últimos dez anos, moitísimo, e vostedes seguen coas mesmas ideas, cero actuais. Nós si temos un modelo definido, que o que pretende é crear industria, crear empresa, crear emprego. E si defendemos os empresarios, non nos importa nada dicilo; defendemos a empresa en Galicia, a todos, os autónomos, as grandes empresas tamén, as pemes, a todos eles. (*Aplausos.*)

¿Que modelo están proponendo vostedes? ¿A creación dunha empresa cen por cento pública, coa exigencia obrigatoria de participar esa empresa en todos os proxectos de enerxía renovable da comunidade? ¿Sabe como se chama iso? Intervencionismo no mercado, que está fóra do marco constitucional. Así é como se chama. Si, si, isto xa se intentou, é un réxime xurídico distinto do que temos en España. Vostede está intentando eliminar o sistema autorizador que está na Lei do sector eléctrico. Dígao claramente: quero un sistema ilegal



de concesións, quere nacionalizar o sector. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡É o que están dicindo! Queren nacionalizar o recurso eólico. É unha tese política, pode defendela, pero é o que están dicindo: estamos en contra da empresa e queremos nacionalizar o recurso eólico.

Lamento moitísimo que en Galicia nesta Cámara aínda teñamos que escoitar un discurso tan desactualizado; de verdade que o lamento moitísimo. Porque deberíamos de estar todos loitando polo cambio climático, acelerando esa Galicia verde, e sen embargo estamos co mesmo de sempre, con esa construción que teñen absolutamente teórica e que se limita a destruír. É que ademais non aprenden. ¿Saben o que recorda isto? Cando falaban daquela AP-9, e que ía dividir Galicia, porque ía ser aquela «navallada»... ¡Ah!, menos mal que reinou o sentido común e agora mesmo temos unha AP-9 que une Galicia, non que divide. (*Aplausos.*)

Tantos e tantos exemplos de propostas arcaicas que se chegamos a telas en consideración, ¿agora sabe onde estaría Galicia? Na Galicia de hai cen anos, que é o que quere o BNG, a Galicia de hai cen anos. (*Murmurios.*)

Pois eu creo e atrévome a dicir que isto vai ser unha anécdota máis como a da AP-9 e que, polo tanto, o seu posicionamento dentro duns anos pois xerará seguramente ás futuras xeracións risas; unha anécdota como lle digo que xera agora mesmo falar de que non existe a AP-9 en Galicia.

De momento, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra na rolda de réplica dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Hai ideoloxía, claro que si, señora Lorenzana. A ideoloxía cando se defende a participación pública e directa (que en teoría hai uns meses nos intentaban convencer de que xa non eran tachas de ilegalidade, como na exposición de motivos da Lei do sector eólico, que agora era algo guai que ían introducir, etc.). Claro, cando se fala de participación pública e de beneficios para a sociedade é ideoloxía política, non como cando vostedes desregularizan absolutamente todo na economía deste país, que é beneficencia, «*eso no es ideología*». (*Aplausos.*)

Cando vostedes fan o capitalismo *pepero*, o capitalismo de *amiguetes*, de arbitro o Consello da Xunta para decidir a dedo que é ou que non é un proxecto estratéxico, para poder pasar por riba da xente e dos concellos, iso non é ideoloxía, ese é un criterio técnico, é beneficencia e solidariedade con quen lle apece ao Goberno galego.

Cando por segunda vez en menos de dous anos creamos unha empresa privado-pública e poñemos a liderar, entre outros, a Abanca, un banco que rescatamos con máis de nove mil millóns de euros, que no primeiro ano xa daba beneficios e que agora mesmo acaba de triplicar os seus beneficios no medio da crise de prezos, iso é criterio técnico, non é ideoloxía. (*Aplausos.*)



Ben, señora Lorenzana, para estar nós na oposición, e recordarnos todos os días, porque vostedes recórdannos todos os días a súa maioría absoluta aplastante, parece que gobernaban outros, porque acúsanos a nós de bloquear durante catorce anos o desenvolvemento eólico deste país. Pero ¿isto que é?, ¿un mal chiste, señora Lorenzana? Eu alégrome de que lea o que dicía o señor Fernando Blanco no Bipartito. Repase a lei tamén a ver se aprenden e toman o exemplo de algo. Para nós ese claro que é o modelo, señora Lorenzana. *(Aplausos.)*

¿E saben o que fixeron vostedes? Primeiro, despois de negar o cambio climático e despois de paralizar tamén no ámbito do Estado con normativas lesivas o desenvolvemento renovable, fixérono desde o Goberno galego. E agora, buscan responsabilidades nos demais, señora Lorenzana.

Nós claro que temos un modelo alternativo, vostede coñece aínda que despois diga e o menosprece cando lle ofrecemos a nosa documentación, que non está ben maquetada. E sabe perfectamente que no Bloque Nacionalista Galego estamos a favor das enerxías renovables e a favor da enerxía eólica. Por suposto que si, o que estamos en contra é do seu modelo, dun modelo que non planifica, que non actualiza un Plan eólico sectorial de máis de vinte anos, que non ten unha avaliación ambiental rigorosa. Estamos en contra de que vostedes non mapeen a realidade do territorio e estimen que necesidades enerxéticas temos, e fagan unha planificación con zonas de exclusión aumentando a protección medioambiental. Estamos en contra de que non se exixan plans industriais rigorosos e mantemento dos postos de traballo, e que pese a non xerar nunca antes na historia máis enerxía eólica que neste momento, nunca tivésemos tantos índices de destrución de emprego enerxético e de deslocalización de empresas do sector, señora Lorenzana. *(Aplausos.)*

É que vostedes pasaron de bloquear a destruír; ese é o problema, señora Lorenzana. E hai unha alternativa, claro que a hai. Di vostede que eu dixen que non houbo participación. Non, eu o que lle digo é que, á vista do resultado dese anteproxecto e á vista do que determine a Comisión do CES correspondente, o mínimo que poden facer é dar marcha atrás e abrir un proceso dunha forma diferente, con menos literatura verde e medidas lesivas e máis medidas de país para este sector, antes de que sexa o terceiro fracaso despois da primeira Lei de implantación empresarial e despois da Lei de simplificación administrativa, xa sen retrotraerme á Lei de industria ou á Lei de emprendemento. Iso é o que dicimos nós, señora Lorenzana.

A min o que me preocupa é que veña aquí vostede con medias verdades dun rexeitamento en pleno que non aconteceu exactamente así e que se vexa un pouco *la patita del logo del Partido Popular*. Claro, primeiro xa tiveron que chapodar o señor Hernández, porque non era suficientemente reo do Partido Popular no Consello Económico e Social, pese a ter sido incluso conselleiro de todo no Partido Popular, e agora parece que insinúa vostede que o Partido Popular está presionando para que o Consello Económico e Social non consuma ese ditame, que é o habitual, unha comisión determina e o pleno aproba. ¿Tan preocupados están, señora Lorenzana? *(Aplausos.)* ¿Están tan preocupados? Deberían estar preocupados. Deberían estar menos preocupados de facer chamadas de teléfono para chamar a capítulo e máis preocupados polo legado que deixan para este país, señora Lorenzana.



Queremos un modelo á caricatura, ¿non? O Bloque Nacionalista Galego quere comer nenos, impoñer o comunismo, expropiar a todo o mundo todo, *hasta el DNI*. Mire, señora Lorenzana: é que eu de verdade ter que dicir nesta Cámara outra vez que repasen vostedes a Constitución, *y el artículo 128, el de la riqueza del país subordinada al interés general...* A min dígame vostede por que a auga pode ter un réxime de concesións e o vento ou o sol non. ¿Por que? ¿Cal é o fundamento político-xurídico de beneficencia ideolóxico que fundamenta iso?

Non hai por onde coller este proxecto de lei. Nós pedímoslle que non chegue directamente a este Parlamento, que dean un paso atrás. En todo caso, estaremos aí falando da alternativa. E a nosa alternativa é clara. Primeiro...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—e remato con isto telegraficamente, señora presidenta— participación pública directa e maioritaria da Xunta de Galiza; cambiar a consideración social do vento e legal, para que sexa por réxime de concesión e non sine díe; blindar ademais un novo Plan sectorial eólico que teña avaliación ambiental completa e garantista; crear un mapa de enerxías no noso país, que, dunha banda, determine por cales temos que apostar de forma equilibrada no mix e, por outra banda, en que zonas implantamos e en que zonas non; e contar con participación social en todos os sectores económicos e sociais deste país, non os que seleccionan vostedes para excluír algúns, senón todos de forma integral a través do Consello Económico e Social; e vincular a expansión enerxética, o desenvolvemento industrial, a innovación e o retorno directo para este país.

Menos lavado de cara, menos capitalismo verde, menos pensar nas portas xiratorias do Partido Popular, e máis pensar neste país antes de seguir facendo un dano irreparable. Porque pasaron vostedes do bloqueo á demolición, señora Lorenzana, e non pode ser.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Este país ten futuro e a enerxía ten que ser clave.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche ten novamente a palabra a conselleira de Economía, Industria e Innovación.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señora Presas, xa vexo que dixen moitas verdades porque se deu por aludida en moitas cousas que eu non verbalicei aquí, pero parece que non ía tan desacertada.

Nós —reitérolle a idea— cremos no desenvolvemento industrial de Galicia e cremos na empresa en Galicia, e é evidente —aínda que isto non o recoñeceu— que vostede non.



Vostedes non queren apoiar a industria, a vostedes dálles igual que un montón de industrias electrointensivas ou que un montón de pemes estean agora mesmo dubidando se poden continuar ou non, dubidando se se van deslocalizar ou non, precisamente porque dependen de subministracións enerxéticas cuns prezos carísimos, cunhas flutuacións do prezo da enerxía absolutamente insoportable. Por todo isto é polo que estamos facendo esta lei e polo que temos posto en marcha a Sociedade de Recursos de Galicia. Por todo isto. Non hai nin un só interese máis que este; poden repetilo as veces que sexa, pero non hai nin un só interese a maiores que este. Pero isto non chama a atención.

Eu repasei ese acordo que vostedes firmaron con Sánchez, onde entendo que estarán as cuestións que vostedes entenden como relevantes para a comunidade autónoma. Non hai unha soa referencia nin ao eido enerxético nin ao eido industrial, cero. ¿Saben o que si lles preocupa a vostedes? O PERTE das novas tecnoloxías da lingua. Grazas a isto seguramente imos enriquecer, crear industria e atraer investimentos a Galicia. Isto é o único PERTE que lles interesa, non hai outro. E o máis triste é que vostedes só ven que estean exactamente igual, que non avancen. Non, é que van para atrás. Porque fíxese: no acordo do 2020 polo menos dedicábanlle unha mención á transición enerxética ás Pontes e a Cerceda; é certo que non conseguiron nada de nada, porque o seu era nada. Pero, de verdade, é que polo menos pois no ano 2020 falaban disto.

Eu creo que, de verdade, o teñen que dicir claramente: o BNG non apoia a empresa e non apoia a industria; e xa está, empezamos a falar. E, claro, non apoia nin a modulación dos requisitos dos proxectos industriais estratéxicos para facilitar que as pemes se poidan instalar. E din que pasamos por riba dos concellos, cando se lle permite ao concello exercer as súas competencias e, en caso de inactividade, é cando a Xunta entra. Nin sequera apoian a instalación das pemes. É así de claro. Baixen á realidade, porque o que están dicindo é pura teoría, só falan en teoría. Aquí non hai ningún fracaso de modelo público-privado na participación do sector enerxético.

Polo tanto, esa sociedade vai seguir adiante. Non imos retirar o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos. Vostede acábo de recoñecer aquí. Claro que houbo participación pública; o que pasa é que non lles gusta o resultado desa participación pública e entón, como non me gusta, quero volver empezar. Imos seguir adiante con esa lei.

Chámame moitísimo a atención que vostede diga que o rexeitamento do pleno non é exactamente así. Eu recibín un oficio do secretario xeral do CES onde me solicita unha ampliación de prazo do ditame por esta circunstancia... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Garden silencio, por favor, que non está no uso da palabra.

(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Bará, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Entón, terán vostedes que falar co secretario xeral do CES.



O que lles digo claramente é que non imos impulsar ningunha empresa pública ilegal de enerxía, como vostedes están proponendo. ¿E saben por que? Porque nós si cremos na Constitución española, pero vostedes non. *(Aplausos.)* E como vostedes non cren na Constitución, entón proponen un sistema absolutamente ilegal e fóra da Constitución. *(Aplausos.)* Pero ¿que se vai esperar segundo o que están pactando en Madrid? Que aproben cuestións fóra do marco constitucional, que é o que están facendo.

Pois non, señorías. Parafraseándoos a vostedes: non lles imos comprar o unicornio enerxético do que nos están falando, e tampouco lles imos comprar ese discurso pasado de moda que teñen. Estamos máis que satisfeitos co noso modelo, que é realista, que está asentado, que ten apoio social e que está feito con sentidiño. Viven vostedes absolutamente no pasado, ¡no pasado! Pero lamento dicirllas, e menos mal, que Galicia avanza e a Sociedade de Recursos tamén é imparabile. ¿Sabe por que? Porque os galegos e as galegas así o están decidindo.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión, que será reiniciada ás dezaseis horas.

Bo proveito.

Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro e doce minutos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Prego, por favor, ás señorías que tomen posesión do escano.

Por unha circunstancia sobrevida temos que someter o aprazamento da interpelación que se ía producir neste momento, en concreto a que rexistraran no punto 5.2 dona Noelia Otero Lago e tres deputados máis, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a situación laboral e económica da mocidade galega.

¿Hai algunha manifestación en contra? *(Negación.)* ¿Alguén pide a palabra?

(O señor Álvarez Martínez pide a palabra.)

Diga, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Eu non vou pedir que se nos detalle cal é a circunstancia sobrevida, porque unha circunstancia sobrevida pódenos ocorrer a calquera. Pero o que si lle agradecería é que, de



producirse esa circunstancia, a conselleira ou o membro do Goberno que ía substanciar a interpelación tivese tido a deferencia de avisar con antelación suficiente ao inicio do pleno, que era ás catro da tarde, como todos sabemos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Eu agradézolle a comprensión. Efectivamente, como vostede apuntaba, como persoas humanas que somos, podemos ter unha circunstancia sobrevida en calquera momento. Agradézolle esa comprensión.

Dado que toda a orde do día que se substanciaba despois estaba programada e dependemos da axenda do Goberno, o que prego ou o que solicito é que se reinicie a sesión plenaria ás dezaseis horas e trinta e cinco minutos, que era cando estaba programada a seguinte interpelación.

Agradecendo enormemente a comprensión de todos os señores e señoras deputados, moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás catro e quince minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e cinco minutos.

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estado da produtividade das rías galegas

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, e por dez minutos, ten a palabra dona Rosana Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Boa tarde, señorías.

(Pausa.)

Boa tarde, señorías. Temos un pleno un pouco accidentado hoxe.

Boa tarde, conselleiro, presidenta.

Ben, señor conselleiro, volvemos hoxe traer aquí o dramático estado das rías galegas, e advertímoslle xa, ademais, de que o traeremos todas as veces que faga falta ata que tomen conciencia da grave problemática que teñen as rías, ata que recoñezan que existen problemas e, polo tanto, ata que actúen; traerémolo cantas veces faga falta.

E digo que volvemos traelo porque precisamente dende a última vez que o fixemos en pleno, alá polo mes de abril —na comisión foi moito máis recente—, o único cambio que houbo dende aquela foi un cambio de caras á fronte da consellería; foi o único cambio que houbo. Volvémoslo traer porque é o propio sector marisqueiro quen vén interpellando a consellería dende hai máis de dez anos con este tema, o mesmo que non ve ningunha vía de solución precisamente a todos os seus problemas, porque non só non avanzamos, señor conselleiro, moi ao contrario.

A Consellería do Mar exemplifica como ningunha outra do conxunto do Goberno, ou como case ningunha outra, a parálise precisamente do propio Goberno, a falta de ideas, e tamén



—iso si— a xigantesca maquinaria propagandística que teñen creada para facerlles ver a todos os demais o que non existe.

Pero neste país, señor conselleiro, antes da situación deste mes de novembro, antes destas choivas do mes de novembro, destas choivas abundantes, xa pasaban cousas, e, por se non está ao tanto, eu voulle dicir algunhas das que pasaban, ou por se ten a tentación de botarlles a culpa precisamente ás choivas, que foi o que fixo en todo este tempo.

Mire, señor conselleiro, mire (*A señora Pérez Fernández mostra uns documentos.*): «*Villares acata a las lluvias la mortalidad de bivalvos en las rías.*» Entón, para que non caia nesa tentación, voulle dicir o que pasaba antes do mes de novembro neste país. «*La campaña marisquera de Noia naufraga con una caída de ingresos de 10 millones de euros.*» Pode parecer de onte, pero é de xaneiro do ano 2021. «A produción de ameixa babosa na ría de Ferrol cae máis dun 80 por cento en tres anos.» «É difícil recuperar a produción de marisco sen saber que lle pasa á ría.»; volve ser a ría de Ferrol. «As rías de Arousa e Muros-Noia sofren máis verteduras que hai un ano.» «¿Para que volver ao libre marisqueo se non hai marisco?» «As capturas de marisco en Arousa caen ata o 77 por cento nalgunhas especies.» «Galiza cede o cetro como provedor de bivalvos ao mercado español.» «As confrarías da ría de Pontevedra organízanse para evitar o colapso marisqueiro.»; todo anterior a este ano, señor conselleiro. «A despensa galega de ameixa vacíase, con mínimos históricos colleitados na ría de Ferrol.» «Quilos de graxa industrial chegan ata as costas de Camariñas.» «As sementeiras de babosa morren.» «Alerta en Galiza por falta de marisco. O mar está deixando de producir.» «A Xunta atrasa a xaneiro a campaña de recollida da mexilla, porque non dá a talla.» «O percebe de Bueu pecha o peor ano da súa historia en capturas e facturación.» «Marisqueo: a importación suple o que Galiza xa non produce.» «Frustración no inicio da campaña da mexilla. Non hai cría.» «As rías» —as galegas— «sofren 239 puntos de verteduras irregulares», que a Xunta disque combaterá con 300 millóns; isto dicíao hai dous anos: «Maior presenza de fango e materia orgánica na ría de Ferrol, as causas da caída do marisco.» «As confrarías reclaman unha forte dotación económica para recuperar o marisqueo.» «As rías galegas soportan 218 verteduras contaminantes, o 12 por cento do total catalogado.» «O polbo volve escasear en Galiza.» «O mexillón,» —textual— «peor ca nunca.» «A Lanzada volve cubrirse de navallas.» «A falta de marisco sitúa en niveis mínimos a facturación das lonxas barbanzás.» «A falta de bivalvo pon contra as cordas catro mil mariscadores e mariscadoras da Barbanza.» «Muros-Noia, entre as zonas de Galiza que reciben máis auga sen depurar.» «As confrarías» —chegamos ao 2023, hai pouquiñas semanas— «urxen estudar o impacto da subida da temperatura do mar na pesca. A Federación de Pontevedra solicita no Pleno do Consello Galego de Pesca» —que vostede preside— «estudos claros e valentes.» «A campaña marisqueira de Noia confirma o peor inicio da historia», «nunca vin tanta miseria» —din os mariscadores—. «As confrarías de Pontevedra alertan a Villares» —o señor conselleiro— «da escaseza de marisco.» «Os ingresos por venda de polbo na Costa da Morte caeron un 33 por cento nun ano.» E, finalmente, por facer unha selección, jeh!, señor conselleiro: «A recollida da ameixa e berberecho afunden na Galiza. A produción cae máis do 60 por cento.»

Señor conselleiro, neste país había no ano 2012 3.900 mariscadores e mariscadoras a pé, ja pé!; hoxe hai apenas 3.600. Había no ano 2012 —hai dez anos— máis de 4.000 buques de



artes menores, que é precisamente onde están incluídos os mariscadores a flote; hoxe son apenas 3.700. Temos, ademais, 63 confrarías neste país, das que dependen tamén directamente centos de postos de traballo, ademais de depender a propia entidade. En definitiva, bastantes máis de 4.500 postos de traballo directos, que para a Consellería do Mar e para o Goberno galego non representan nin significan nada.

¿Sabe, señor conselleiro, cantos traballadores ten Coren?, ¿Coren, en Ourense? 1.700; marisqueo, 3.700. ¿Sabe cantos traballadores ten Finsa? 2.720; 3.700 no marisqueo. ¿Sabe cantos traballadores ten o grupo Calvo, todo o grupo Calvo? 4.600; é dicir, estamos ao pé no marisqueo. ¿Sabe cantos traballadores e traballadoras ten Navantia principal, non falo das auxiliares? Arredor de 2.000; marisqueo, 3.700.

Os 4.500 postos de traballo directos que dá o marisqueo neste país representan o 64 por cento dos arredor de 7.000 postos de traballo que dá Stellantis en Vigo, o 64 por cento. Ou representan o 50 por cento dos arredor de 6.000 postos de traballo que dá Gadisa neste país.

¿Cre vostede, señor conselleiro, que o incremento dos orzamentos da consellería, un pírrico 1,2 por cento do ano pasado a este ano, é suficiente para atender todo isto? ¿Cre vostede que, deixando sen executar case unha cuarta parte no ano 2022 do orzamento da Consellería do Mar —de 194 millóns de euros non se executaron case 47 millóns de euros—, diante desa execución, ou mellor dito inexecución orzamentaria, imos resolver algúns dos graves problemas que ten o sector marisqueiro e que ten a pesca en xeral?

¿Cre vostede que, reducindo os principais programas como o 723A, que permitiría realizar intervencións nos bancos marisqueiros, reducindo deste ano 2023 de 72,5 millóns de euros a 45,9 millóns de euros no ano que vén, podemos avanzar na mellora e no potenciamento do sector?

É evidente que, con estes orzamentos, o único que queren facernos ver é que non existe o problema, porque vostedes non están dispostos —e aí está precisamente o gran problema— a destinar recursos, nin orzamentarios nin humanos nin tecnolóxicos, para resolver nada.

E ben, ¿que lle pide o sector, o sector e calquera persoa, como din vostedes, que teña sentidión? Pois pídenlle, para empezar, unha e outra vez, unha e outra vez, pedíronllo no Consello Galego de Pesca último, pídenlle estudos, pídenlle investigación sobre o que pasa. Non lle piden parches puntuais que non resolven absolutamente nada e que soamente cobren *problemiñas* —entre comiñas— puntuais.

Pídenlle, pídelo o sector ir á orixe do problema, empezando por recoñecer que hai un problema, porque vostedes négano. Igual que son vostedes negacionistas do cambio climático ou da alteración climática, vostedes tamén negan, ano tras ano, durante máis de dez, que existan problemas no marisqueo.

Pídelo o sector unha regulación sobre o baleirado dos encoros. Señor conselleiro, ¿cal é o motivo, cal é a razón pola que vostedes veñen votando, o Grupo Parlamentario Popular, aquí, sistematicamente, en contra desa regulación do baleirado dos encoros, que ao noso entender



e ao entender do sector melloraría as actuacións de baleirado e dende logo evitaría ou trataría de evitar efectos negativos xustamente no propio sector marisqueiro?

¿Por que non se establece, señor conselleiro, como aquí lle propuxemos xa nalgunha ocasión, o pago de indemnizacións por parte das grandes eléctricas concesionarias dos encoros, precisamente para cando non cumpran as condicións de baleirado e indemnicen o sector marisqueiro?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Vou rematando, presidenta.

O sector tamén lle pide actuacións, pídelles actuacións ou que non dea autorizacións a instalacións que atentan claramente contra o medio ambiente e contra a calidade das augas, como, por exemplo, a mina de Touro, ou instalacións que directamente son ilegais co consentimento da Xunta, como, por exemplo, a mina de San Fins.

E remato, presidenta.

O sector tamén lle pide que tomen en serio dunha vez o saneamento das rías, que actúen para eliminar as verteduras. Porque mire, a exconselleira e o que foi conselleiro e agora decapitado do CES, o señor Agustín Hernández, prometeron no seu momento que as rías estarían integralmente saneadas, todas, ¡eh!, no ano 2013. Vostede sabe en que ano estamos, ¿verdade? Dez anos despois.

Pois ben, todo isto lle pide o sector, máis algunha cousa máis que lle direi despois.

Entón, nós queremos saber cando van exercer as súas competencias exclusivas, exclusivas, en marisqueo e exclusivas na xestión de auga nas conchas hidrográficas do interior, ou sexa, de dentro do país. Queremos saber cando o van facer, para que precisamente o sector marisqueiro pois faga tamén o seu plan de vida.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro do Mar, don Alfonso Villares.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Moi boas tardes a todos.

Señora presidenta, señorías, señora Pérez.

O compromiso da Xunta de Galicia coa sustentabilidade ambiental é innegable e é incuestionable. Innegable porque as distintas tarefas de protección e conservación dos recursos biolóxicos das nosas rías son un dos eixes de actuación do noso programa de goberno desde hai xa máis dunha década; e é incuestionable porque os labores de



mantemento e recuperación da biodiversidade e dos bancos marisqueiros cando estes se ven afectados é unha máxima na que levamos a traballar moitos anos; un compromiso co sector, co obxectivo de favorecer tanto a situación do recurso como a mellora dos ingresos dos profesionais do mar.

Por un lado, no seu cumprimento apoiámonos nos organismos científicos de referencia en Europa, como son o Intecmar, o Cima e o Cetmar. Con eles estudamos o estado das rías, co fin de identificar as causas que poden xerar repercusións negativas nestes espazos, factores que ademais están a comprometer a sustentabilidade da actividade marisqueira, principalmente de carácter medioambiental e —¡como non!— tamén meteorolóxico.

Factores medioambientais entre os que atopamos, por un lado, patoloxías como a marteliose; por outro lado, a presenza de depredadores, como as ouxas, as caramexas ou as cornetas, os fallos nas sementeiras e tamén os peches por biotoxinas.

E, por outro lado, os factores meteorolóxicos. A situación que experimentamos en Galicia no arranque de ano foi absolutamente excepcional. Choveu case o dobre do habitual. Estes episodios de abondosas precipitacións trouxeron consigo episodios de baixa salinidade, comúns ás rías que reciben aporte de auga doce dos ríos e que poden causar alta mortalidade de moluscos bivalvos. E este escenario levounos a intensificar o seguimento do estado dos bancos marisqueiros para tratar de revertir as consecuencias socioeconómicas que veñen aparelladas.

Desta forma publicamos distintas convocatorias de axudas para paliar os efectos dos temporais nos bancos marisqueiros. Só neste ano destinamos máis de 1 millón de euros, o que nos permitiu actuar sobre 2,5 millóns de metros cadrados de superficie e sementar case trece millóns de unidades de ameixa. Desde o ano 2010 apoiamos cerca de trescentos cincuenta proxectos para mellorar a súa produtividade, cunha achega de 13 millóns de euros, á que temos que sumar 6,5 millóns de euros investidos en cerca dun cento de accións impulsadas directamente pola consellería. E actuamos por xunto sobre máis de dezaoto millóns de metros cadrados de superficie e sementamos 300 millóns de unidades de crías de ameixa.

Unidas a estas actuacións, tamén traballamos no saneamento das rías, na mellor calidade da auga, contribuíndo a multiplicar por cinco desde o ano 2009 as zonas de produción de moluscos bivalvos, o que representa xa o 13,5 por cento do total.

No caso concreto da ría de Muros e Noia, esta foi unha zona moi afectada polos temporais xa de finais do ano pasado, o ano 2022, e inicios do ano 2023, un feito que motivou a adaptación das medidas do Plan de xestión de moluscos bivalvos 2021-2023 nas zonas de autorización aprobada á Confraría de Pescadores de Noia. E, en consecuencia, pecháronse os bancos marisqueiros incluídos no Plan de xestión en marzo e abril, establecendo unha veda e ditándose unha nova de xeito extraordinario, de maio a setembro, co fin de favorecer a conservación dos recursos marisqueiros.

A situación mantívose no tempo e o 24 de outubro a confraría presentaba un escrito no que reclamaba adaptar de novo o Plan de xestión para incluír unha nova veda. Ese mesmo día



acudín eu a Noia para coñecer in situ as súas demandas e artellar xuntos as medidas que contribuísen a paliar a súa situación. A mostraxe realizada en agosto, con carácter previo ao inicio da campaña, pola asistencia técnica da confraría xa amosaba unhas densidades comerciais de berberecho —principalmente especie obxectivo do Plan de xestión— que eran extremadamente baixas en comparación cos anos precedentes, se ben, iso si, había un elevado recrutamento dos novos exemplares.

Con todo, a confraría solicitaba comezar a campaña para que os traballadores constatasen sobre o terreo os resultados das mostraxes e a realidade do estado do recurso. A petición do pósito, ditouse resolución autorizando a actividade extractiva durante dez días, cuns topes moito máis baixos dos que se soían establecer para o comezo das anteriores campañas. O seguimento técnico da evolución da extracción neses días reflectiu o agardado, unha situación que era precaria, especialmente para o berberecho.

Ao traballo de asistencia técnica da confraría uniuse o do persoal técnico da consellería, que certificou que as capturas supuxeran o 6 por cento das do ano 2022 e o 13 por cento das do ano 2021, e o 11 por cento e o 18 por cento, respectivamente, en termos de facturación; unhas cifras que facían inviable que puidese haber unha explotación continuada e economicamente rendible.

Así, o 3 de novembro emitíase unha resolución pola que se adaptaba o Plan de xestión, incluíndo o peche dos bancos marisqueiros desde o día 2; e, en paralelo, recomendouse realizar labores de rexeneración e a participación dos socios da confraría no control e vixilancia dos bancos co fin de garantir no transcurso da veda a súa recuperación.

A medida estará vixente de novembro a decembro de 2023 e de xaneiro a abril de 2024. Realizáronse os cambios precisos no actual Plan de xestión para a parada biolóxica nos dous últimos meses do ano, sinalándose que a súa continuidade nos catro primeiros meses do ano 2024 deberá valorarse na proposta do Plan de xestión 2024-2026.

En resumo, que as mostraxes xa anticipaban a alta mortalidade, especialmente no pasado inverno, e recentemente unha taxa de crecemento moi baixa. Non obstante, a taxa de recrutamento é a máis alta que se rexistrase nunca, o que anticipa que a produción se podería recuperar no ano 2024, feito polo que agora estamos a resgardar a cría.

A veda facíase, polo tanto, fundamental, non só para a recuperación das poboacións de ameixa e berberecho, senón tamén para a recuperación socioeconómica do sector ante a caída das capturas. Esta drástica situación levounos a adoptar unha parada temporal da actividade, un cesamento motivado por circunstancias extraordinarias de forza maior que impiden que a actividade extractiva a pé e a flote se poida desempeñar con normalidade.

Para este tipo de casos resulta de aplicación un réxime específico recollido no Texto refundido da lei xeral de Seguridade Social, que ten por obxecto dispensar aos traballadores unha ampla protección e que comprende, por un lado, o aboamento dunha prestación económica mensual e, por outro lado, a cotización á Seguridade Social por continxencias comúns con particularidades en determinados supostos.



Hai que recordar que estas prestacións teñen carácter individual e que os requisitos exixidos para a súa concesión forman parte dunha longa lista. É por iso que para a súa concesión cómpre atender ás especificacións de cada solicitante, sendo de moi difícil coñecemento para esta administración saber cales son as circunstancias particulares de cada un. Non obstante, e co ánimo de que todos os traballadores poidan acceder a elas, a liña de traballo e colaboración co Instituto Social da Mariña está aberta. Neste senso, conseguimos flexibilizar determinadas circunstancias, como as relativas á previsión de realizar actividades de semicultivo e vixilancia durante o tempo que dure o cesamento, unha actividade que esta prestación non contemplaba nun inicio.

Señorías —sabémolo todos—, é un ano atípico, que non está a ser propicio para o crecemento dos moluscos, polo que desde a Xunta de Galicia imos tomar as medidas que sexan necesarias co fin de recuperar a produtividade, partindo do consenso co sector e contando —¡como non!— co aval científico.

Medidas nas que, ademais, vou profundar na segunda parte da miña intervención, pero que nesta parte tamén me gustaría reseñar —un pouco en relación co que comentou a señora Pérez— unha serie de cuestións ás que non é que desde a consellería as queiramos evitar, nin moito menos, pero evidentemente os factores climatolóxicos que está a haber, que houbo o ano pasado e este ano —como eu dixen en repetidas ocasións—, pois son unha verdade e están a provocar uns problemas. E iso non o di o conselleiro, dino neste caso todos os avais científicos.

Vostede comentou, ademais, que nosoutros debiamos de tirar e intentar facer o posible coa ciencia. E eu creo que iso é unha das cousas polas que esta consellería apostou neste ano: intentar a través da ciencia e da investigación buscar saídas e buscar neste caso respostas a uns problemas que son os que son e dos que evidentemente tampouco nosoutros evitamos falar, nin moito menos.

O que si é certo é que nestas baixadas de produción ás veces se comentaban —e comentáronse aquí, e vostede comentou unha serie de cifras que son reais— e eu tamén teño que tirar de cifras que son reais, e realmente se vemos, se avaliamos durante uns anos, os últimos dez ou doce anos, vense altos e baixos, e iso é unha realidade. Como así a produción do ano 2022 aínda é superior á do ano 2009-2010, onde había unha baixada, no ano 2013-2014 tamén houbo outras baixadas importantes, e houbo unhas subidas importantes nos anos anteriores.

Eu creo que estamos a falar dun problema que existe pero que é un problema que esperemos que sexa cíclico; así é, así está sendo se avaliamos os datos que temos e que temos todos. E eu creo que o que temos que intentar é facer o posible para que estes baixos non sexan tan repetitivos, e estámolo a facer.

Evidentemente, hai un cambio climático, que vostede comenta —ou polo menos aquí fixo mención del—, que nosoutros asumimos ou que imos asumir. E intentar obter respostas a través da investigación, a través de ver e recadar máis datos e tamén de explorar incluso algunhas outras especies e algúns outras estirpes que poidan ser máis resistentes a este novo escenario no que se atopan neste caso as nosas rías.



Eu creo que se está a facer desde a consellería, con toda humildade, todo o que entendemos que hai que facer; iso si, da man da xente que sabe, da man da xente da ciencia e da man do sector, que eu creo que é como temos que facer todos en cada un dos novos traballos, para que o traballo polo menos sexa ben feito, e facelo entre todos, que é o que se está a facer desde esta consellería.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda de réplica.

Ten novamente a palabra a señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, xa llo dixen na comparecencia de orzamentos: algo avanzamos —e tampouco quero que me quede sen dicir—, o cal agradecemos; algo avanzamos, porque por fin, despois de catorce anos de goberno do Partido Popular, por primeira vez resulta que son capaces vostedes, é capaz vostede de dicir que os datos que demos aquí son reais. Porque ata o de agora, primeiro, dicíase que non eran reais; e cando xa non lle colaba o de que non eran reais, dicíase que nós non sabíamos interpretalos. Polo tanto, recoñecer que os datos que dá aquí o Bloque Nacionalista Galego non os inventa, que saen da súa propia páxina web, de Pesca de Galicia, xa é un avance.

Agora, só niso, señor conselleiro, só niso. Porque mire, vostede dixo ao principio da súa intervención que esta —na que estamos neste momento— parte do mes de outubro e gran parte do mes de novembro é unha situación excepcional. Coma esta houbo unha situación igual, ou máis ou menos de excepcional, entre os meses de decembro e xaneiro deste mesmo ano, houbóala no mes de febreiro de 2021, houbóala no ano 2020 e aquí non houbo medidas de ningún tipo. Todo se fiaba, efectivamente, a que ían avaliar y *que el ISM proveerá*, porque a Xunta ata o día de hoxe non puxo un só euro para axudar os mariscadores na situación en que están neste momento. (*Aplausos.*)

Se estamos, señor conselleiro, recoñecendo que efectivamente estamos noutro —non nun, estamos noutro— momento excepcional, se estamos recoñecendo iso, a continuación teremos que recoñecer que o que fan falta xustamente son medidas excepcionais. Que non nos pode vir aquí, a continuación de recoñecer que a situación é excepcional, a falar das convocatorias de axudas que fan absolutamente todos os anos, chova, faga sol, faga frío ou faga calor. Non, non, aquí necesitamos medidas excepcionais.

E claro, aí é onde fallan vostedes, porque vostedes din, vostede di que está traballando coa ciencia. Mire, eu sinceramente —isto xa levan algún tempo dicíndoo, non moito, non moito, pola volta dun ano—, desde que constituíron Redemar, aí empezan vostedes a falar de que Redemar vai ser a salvación e se van realizar estudos. Perfecto. Nós apoiamos iso, nós estamos de acordo. Agora ben, Redemar leva máis dun ano funcionando. Teño unha



pregunta, que faremos na próxima comisión, na desta semana que vén, precisamente arredor de Redemar. Porque, sinceramente, todos os estudos que levo visto que vai realizar ou está realizando Redemar ata o de agora —non sei se nada, que eu non son técnica— non teñen moito que ver co tema da recuperación do marisqueo.

Entón, imos ben se apostamos pola ciencia, pero claro, é que iso non se compadece cos orzamentos que aproba, señor conselleiro. ¿Non se dá conta? ¿Non se dá conta de que outra vez acaba de poñer, non sei se consciente —eu creo que si, conscientemente— ou inconscientemente, a maquinaria de propaganda a funcionar dicindo que están a prol da ciencia cando os orzamentos din todo o contrario? *(Aplausos.)* ¿Non se dá conta, señor conselleiro?

E, claro, unha vez máis, ben, recorreremos —como debe ser— ao ISM, porque o ISM efectivamente ten unhas prestacións establecidas para estes casos. Vostede non citou aquí os requisitos, señor conselleiro, pero sabe —igual non— mellor ca min cales son, ¿verdade? Entón, a pregunta xa non é cales son os requisitos. A afirmación é: os requisitos en moitos casos, en moitos casos, son imposíbeis de cumprir, sobre todo cando houbo situación excepcional, tamén neste ano a primeiros, no ano 2021, no ano 2020. Entón, aos mariscadores e mariscadoras efectivamente non lles dá tempo a cotizar todos os días que teñen que cotizar para recibir a prestación que lles dá o ISM. Claro, e entón chegamos a onde hai que chegar: e o Goberno galego ¿pa cuándo, señor conselleiro?, *(Aplausos.)* ¿pa cuándo?

Porque haberá que saber cantos centos —non me atrevo a dicir miles, evidentemente, pero centos si, seguro— de mariscadoras e mariscadores non van poder cumprir os requisitos que establece o ISM. Entón, con todos eses centos de persoas ¿que facemos, señor conselleiro? Claro, logo así dan os números, logo un ve as estatísticas de hai dez anos para aquí e claro, moitísimos menos permex, moitísimos postos de traballo menos no marisqueo. ¿Por que? Porque a xente ten que comer e ten que buscar a vida. E cando a consellería non é capaz de orzar un só euro para cubrir situacións excepcionais, a xente ten que buscar traballo e ten que buscar a vida noutro lado. E así imos reducindo e empequenecendo precisamente o sector marisqueiro, que xa lle dixen ao principio o que representa para este país, que xa representou máis do que representa.

Entón, pregunta moi importante, seguramente para toda a xente que nos escoite: ¿que van facer vostedes respecto de todas as persoas, centos —estou segura—, que non cumpren os requisitos do ISM? ¿Van vostedes abrir unha convocatoria excepcional, que a situación o require, con fondos da propia consellería?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: A xente está esperando a que llo diga, porque a xente ten que facer un plan de vida, ten que saber o que vai facer coa súa vida. Non pode estar esperando pola Administración, como hoxe estamos esperando aquí a que empezara o pleno ás catro e por incomparecencia do Goberno non se puido abrir a sesión ás catro. *(Aplausos.)*

Ben, remato.



A xente tamén está esperando, señor conselleiro, pero non agora, jeh!, porque está vostede aquí. Xa llo dixemos e xa llo dixo o propio sector centos de veces á exconselleira, catorce anos, ¿verdade?, dicíndollo: que os encoros necesitan unha regulación. Se vostedes non teñen ningún compromiso, absolutamente ningún compromiso; se vostedes queren ser ou son ou presumen de ser transparentes e de cumprir a lei, ¿que medo lle teñen a establecer unha regulación para as grandes eléctricas e que non baleiren os encoros en baixamar como están facendo nalgúns casos? ¿Cal é o medo? ¿Cal é o temor? ¿Que perdan de gañar?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Aquí quen está perdendo de gañar é o sector marisqueiro, o sector do mar, e, en definitiva, señor conselleiro, quen está perdendo de gañar é o país.

As eléctricas van seguir estando no país, por desgraza, e van seguir obtendo beneficios multimillonarios. Vostede débese aos administrados, non ás eléctricas. Actúe en base, precisamente, ás competencias exclusivas, *no sea todo pedir competencias de transferencia del litoral*, porque, claro, vostedes xa teñen competencias exclusivas que non exercen. ¿Para que as queren?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¿Para confrontar unicamente cos demais grupos políticos, para confrontar co Goberno do Estado?

As competencias, señor conselleiro —non sei se llo dixeron—, son para exercer, son para que o Goberno galego teña cada vez máis autogoberno, se poida xestionar a si mesmo e teña recursos para que neste país viva a xente ben.

Moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señora Pérez.

Moitas grazas.

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Ten novamente a palabra o señor conselleiro do Mar, don Alfonso Villares.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): A verdade é que para facer un bo discurso político falan dos do PP, pero tamén os do Bloque as largan boas, jeh! Eu creo que neste caso é o que deciden os galegos, xa o decidiron eles libremente. Intentaremos algúns dicirlles a verdade e outros pois intentarán utilizar a estratexia de sempre.

E eu unicamente unha cousa, ben, varias cousas.

Unha, cando falo de datos, os datos son os que están publicados, como vostede dixo, nas distintas páxinas da Xunta de Galicia, están aí, e eses datos reflicten que hai subidas e



baixadas, pero eu non dixen que os datos que vostedes aportaban eran verdade, eu dixen que os datos que están son verdade. Pero mire, ¿sabe por que lle digo que non acepto que igual os seus datos son os de verdade? Porque vostede mesmo tamén dixo aquí que neste caso en ciencia e investigación a consellería non subía os presupostos, e cando estivemos na comparecencia, onde vostede estivo e eu lle expliquei eses presupostos e vostede os leu se tivo tempo e se tivo interese en lelos, veu e podería ver que os presupostos en investigación e en ciencia na Consellería do Mar soben un 50 por cento, ata os 7 millóns de euros, e que en concreto, ademais, para os de Mar soben un 40,6 por cento. *(Aplausos.)*

Polo tanto, son os datos, e cando vostede me di que por iso eu non podo aceptar que os seus datos sexan a verdade, porque cando non me recoñece esta subida do presuposto, non lle podo aceptar as cifras que vostede dá. Eu acepto e podo falar e debater con vostede coas cifras que están publicadas, onde efectivamente se ve que hai picos e hai baixos, hai picos e baixos nun período no que se queiran establecer, nos últimos vinte anos, por exemplo, pero sobre os datos que din vostedes que son os certos pois teño as miñas dúbidas; ¡oxalá foran os certos!

Eu creo que nosoutros durante todo este tempo estamos a intentar facer as cousas da man do sector, como xa dixen anteriormente. Eu creo que é como mellor se pode traballar e como mellor poden ir polo camiño correcto.

Sabemos que a problemática que existe é real, e hai unha problemática neste ano que se pode circunscribir máis desde un punto de vista igual máis a climatolóxico e atmosférico, dese cambio climático, do que por outro lado vostede se puxo a dar na primeira intervención unha cantidade de datos de que todo estaba mal, parecía que estabamos nunha hecatombe, tal e como describiu os datos, que eu creo que tampouco é bo que se transmitan así continuamente.

Pero, evidentemente, vostedes están gobernando neste caso en Europa, co seu comisario europeo de Pesca, que está continuamente dicíndonos que recortemos as cotas de pesca, porque o mar está mal. Polo tanto, por un lado vostedes recórtannos a través dese cambio climático, pero resulta que en Galicia non hai cambio climático. Por desgraza, estamos como estamos e os tempos están como están. E eu creo que nosoutros temos que tamén basear o traballo a través da realidade e dicirlle á xente o que hai.

Nós estamos tamén falando co sector e nós estamos xuntándonos con eles e estamos tamén acercándonos e intentando ver cal é o problema e ver cal é a solución que se pode plantexar. A solución é unha solución que hai que facer con moito sentido común, con moita cabeza, con moito xeito, e tamén dicíndolle á xente a verdade.

Nós, con respecto ao que vostede comentaba das rías e dos ríos e con respecto aos embalses, nosoutros falamos e estamos en contacto coa xente que leva neste caso pois estas infraestruturas e tamén falamos cos responsables e cos técnicos que as miran.

Nós agora mesmo, pensando e falando da ría de Muros-Noia, vimos que realmente había un problema, pero agora vese que o problema é establecido noutras rías, en todas as rías



onde non hai eses embalses. E incluso, se vostede fala cos técnicos, que vostede pode falar, diranlle que os embalses axudan para colmatar e para intentar que non vaia toda esa cantidade de auga doce, que non vaia toda xunta cara á ría; incluso din iso.

E oxalá tamén, porque nós tamén planteabamos o feito de que se podía igual abrir os embalses nun momento ou noutro momento, parece ser que non, e parece ser que hai informes neste caso que son dos propios técnicos dos embalses, informes de seguridade, que din que cando un embalse chega a unha altura pois parece ser que hai que abri-lo.

Pero, á fin e ao cabo, nós falamos coa xente que sabe, e damos unhas razóns que eu dou por entendidas, e eu creo que ademais neste momento cinguilo a esa cuestión en concreto creo que non é dicir as cousas con toda a realidade e con toda a franqueza. Entendemos que hai que facer cousas.

E cando vostede comentaba tamén o tema das axudas, recordarlle unha cousa que tamén é importante que falemos. Desde decembro do ano 2022, o ano pasado, estamos a pagar unhas axudas polo xurelo e estamos a expensas de que se aprobe un real decreto, que é o que nos permite tamén xestionar as axudas FEMPA. Nosoutros xa temos feitas as distintas ordes, nalgún caso para destinar e derivar o diñeiro, neste caso para axudar moitos dos nosos sectores, pero estamos a expensas e á espera de que o Goberno do Estado aprobe ese real decreto, un real decreto —repito— que mentres non estea aprobado non podemos levar adiante esta derivación de recursos.

E é importante que vostede tamén —dígoo porque sabe que é verdade o que estou dicindo— lle diga ao Goberno do Estado: a ver, aprobe ese real decreto dunha vez, porque mentres non teñamos aprobado ese real decreto non se poden dirixir os fondos para este tipo de axudas. E isto é unha verdade, e vostede ben sabe que é verdade, e neste caso non estamos intentando dicir nada nin politizar nin moito menos.

Cremos que é importante que estamos analizando unha serie de datos, de todos os datos que están a acaecer nas nosas rías, estámolo recollendo. Igual é importante establecer unha liña de axudas, e igual demandarlle ao Goberno central a declaración das áreas das rías como unhas zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil como consecuencia das intensas choivas acaecidas nos últimos tempos.

Sabemos que é unha medida excepcional para unha situación, pero para unha situación que é completamente excepcional. Ese é o traballo que estamos a facer: recadar datos para intentar establecer esa emerxencia de protección civil...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): ...ao cal o Goberno do Estado tería que darnos os parabéns, sempre e cando os datos así nolo corroboren.

Nós imos seguir traballando co sector e intentamos tamén comunicarlles as cousas como son. Non imos demonizar nin imos tampouco dicir que isto é un desastre, porque cremos e



estamos seguros de que o noso sector ten moita vida, ten moito futuro, e temos que traballar todos xuntos para que iso sexa así. Desde logo, coa miña bagaxe persoal, profesional ou como queira vostede dicir, nos meus vinte e oito anos que xa lle comentei máis veces que estiven como concelleiro do meu pobo, no pobo en que nacín, eu son unha persoa que me debo aos meus veciños única e exclusivamente, antes eran os de Cervo e agora os de toda Galicia. Non teño outro interese, señora Pérez.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Avanzamos ao apartado 7. Imos coa quenda das preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre cales foron as actuacións realizadas polo Goberno galego para a mellora da dotación e das condicións laborais dos cadros de persoal dos consorcios provinciais de extinción de incendios e salvamento

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde, señora presidenta.

Señorías.

Señor vicepresidente.

A chegada do BNG aos gobernos das deputacións provinciais supuxo o inicio dun proceso para que os consorcios provinciais asumisen a xestión directa dos parques comarcais de extinción de incendios e salvamento, xestión que estaba externalizada e que esencialmente recaía en tres empresas: Natutechnia, Martinsa e Veicar. Esta última xestionaba aproximadamente 15 dos 25 parques que existían, que existen, e incluso esta empresa estaba relacionada con diferentes casos de corrupción, igualmente que estaba relacionado o Partido Popular, como é o caso Enredadeira.

O certo é que esa intervención, esa presenza do Bloque Nacionalista Galego nos gobernos das deputacións levou a que en 2019 o Consorcio Provincial de Lugo, no 2020 o da Coruña, no 2021 o de Pontevedra e finalmente en 2023 o de Ourense —curiosamente nisto Baltar, que adoita ser tan veloz, (Risos.) foi moito máis lento que o resto das deputacións provinciais— foron asumindo a xestión dos parques comarcais de incendios e salvamento.

Coa xestión directa esencialmente perséguese tres cousas, non necesariamente un aforro de custos, como o que aquel conselleiro do ramo e hoxe presidente accidental da Xunta de Galiza reclamaba de gastar menos, non; o que se procuraba era non só unha mellor xestión do salvamento e da loita contra os incendios, urbanos neste caso, e rematar coa precariedade tanto de recursos humanos como materiais de que estaban padecendo estes parques



provinciais, senón, por suposto, unha xestión máis eficaz e máis eficiente dos recursos públicos, non necesariamente investir menos.

O certo é que, en todo caso, no caso das concesionarias e tamén no caso desta asunción da xestión directa por administracións públicas, se exige que os consorcios se subroguen nas relacións laborais de todo aquel persoal que viña traballando neses parques comarcais nestas funcións que agora se recuperan, se publican para o sector público e que non estaban contratados en fraude de lei.

Isto é así en todo caso. Pero, aínda que xa era evidente, moito máis evidente a partir da sentenza do 28 de xaneiro de 2022 onde a Sala 4ª do Tribunal Supremo establece, negro sobre branco, que cando unha administración pública se subroga por transmisión de empresa nun contrato de traballo de carácter fixo debe manterse esa condición, sendo inadecuado aplicar a categoría de indefinido non fixo —indefinido non fixo é unha categoría que non existe legalmente para o persoal da Administración pública—, e que obrar doutra maneira infrinxiría unha directiva comunitaria.

Por iso, o que non entendemos é a contumacia da Xunta de Galiza, a contumacia do Partido Popular en negar ese recoñecemento de fixeza. Contumacia votando nos consorcios, contumacia votando neste parlamento e mesmo impulsando —si, señor vicepresidente— recursos contra as sentenzas particulares que se están ditando a favor destes traballadores.

Tampouco podemos entender, señor vicepresidente, esa falla de vontade negociadora por parte da Xunta de Galiza...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...cando resulta evidente a precariedade das condicións deste persoal; precariedade que é consecuencia dunha xestión privada que está máis pensada para beneficios empresarias que para a xestión directa. E vostedes, señor vicepresidente, estanse a negar mesmo a recibir a estes traballadores, mesmo a recibilos, mesmo a negociar con eles. Dende o 25 de setembro non teñen reunións con eles. Cancelaron unha reunión o día anterior, e noutras nin sequera se presentaron.

Nada máis e moitas grazas, nesta primeira intervención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas. Ten despois outro turno.

Para darlle resposta, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que poucas veces estiven tan sorprendido dunha pregunta dun grupo parlamentario como a que vostede acaba de facer hoxe, señor Tabarés, porque debería saber



vostede que os consorcios provinciais de bombeiros son entes que están adscritos ás deputacións. E é curioso, fíxese, fai o mesmo vostede que o que fixo a súa portavoz pola mañá. Vostede arrógalle ao Bloque Nacionalista Galego, á chegada do Bloque Nacionalista Galego aos gobernos das deputacións, o cambio de sistema.

Agora ben, ¿que o Consorcio non chegue a un acordo é culpa da Xunta? ¿Pero en que quedamos? Mire, vostede vén aquí e acaba de facer un exercicio de cinismo tremendo. Eu onte pola tarde falei co presidente da Deputación da Coruña e falei tamén co vicepresidente da Deputación da Coruña, o señor Xosé Regueiro —non sei se o coñece—, do Bloque Nacionalista Galego. Pregunteille se había algunha modificación nos acordos que temos no Consorcio entre a Xunta de Galicia, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, e díxome que non; dixo que non, que seguimos exactamente igual, que seguimos ofertando aos traballadores —como fixemos dende o principio— unha oferta que, a pesar de que no primeiro momento aceptaron, pois días despois rexeitaron, e comezaron unha folga e trouxeron un novo convenio pola súa conta, que non podemos asumir os consorcios. Pero non a Xunta de Galicia, as deputacións e o Bloque.

Por iso, hai que ter unha cara de cemento armado —politicamente falando—, señor Tabarés, para que vostede me faga a min esta pregunta e diga que a Xunta é a que se nega a chegar a acordos. Porque o seu partido está no goberno das deputacións, está no Consorcio e hai un deputado de Brión, que se chama Xosé Penas, creo. É do Bloque. ¿Falou con el? Pois fale con el, está no Consorcio; está no Consorcio, señor Tabarés, que son os que son titulares dos parques. Está o Bloque no Consorcio. ¿E que di o Bloque no Consorcio? O mesmo que o PP. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E que di o Bloque no Consorcio? O mesmo que o PSOE. ¿Por que? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque cremos que a posición que temos ten sentido común. Non é unha cuestión de partidos, por iso estamos de acordo. O que pasa é que algún non acaba de entender que tres partidos políticos poidan chegar a un acordo e teñan unha posición conxunta, e veñen ao Parlamento intentar facer política con isto.

É moi grave o que está vostede facendo, jé moi grave! Dende logo, non é nada leal; non é nada leal coa xente que teñen vostedes nas deputacións, en Lugo e na Coruña, e debería caerlle a cara de vergonza por vir aquí e tentar botarlle a culpa á Xunta de Galicia. *(Murmurios.)*

Se vostede tivese algo de sentido, falaría coa xente que está no Consorcio, cos do seu partido; que a min non me cre, porque eu son don PP. ¡Se non pido que me crea!, pero fale co seu partido nos consorcios, fale con eles e a ver que lle din. A ver se son capaces de dicir que é a Xunta quen non quere chegar a un acordo. ¿Pero que está dicindo? *(Murmurios.)* Xa fixemos unha proposta, e explicareilla no seguinte turno, non se preocupe, que me paso menos que o señor Tabarés. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Calvo.

Para a réplica, señor Tabarés, ten vostede dous minutos.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas.



Señor vicepresidente, eu non o creo, pero non porque sexa do PP, senón porque vostede mente, e por iso non o creo, porque mente. Mente, e a parte descoñece, porque o Consorcio non depende de..., (*Aplausos.*) o Consorcio é unha entidade xurídica con personalidade propia, participada ao 50 por cento —parece mentira que o vicepresidente do ramo non o saiba— polas deputacións e pola Xunta de Galiza

E non é o Bloque Nacionalista Galego, e moito menos este deputado, quen lle bota a culpa á Xunta de Galiza; son os propios traballadores mobilizados os que piden a dimisión do director xeral de Emerxencias; (*Aplausos.*) é aos propios traballadores mobilizados aos que non recibe o director xeral de Emerxencias; é aos propios traballadores mobilizados os que o día antes do debate do estado da nación deste Parlamento de Galiza chamou o director xeral de Emerxencias para desconvocar a reunión, e é a Lei de emerxencias de Galicia —non é o Bloque Nacionalista Galego, nin moito menos este deputado— a que impón unhas obrigas á Xunta de Galiza. ¿E que obrigas impón á Xunta de Galiza? Disposición adicional terceira: Que todos os traballadores dos consorcios teñan as mesmas condicións laborais e as mesmas condicións de traballo. ¿Téñanas? Non. É obriga da Xunta de Galiza. ¿Imposta polo Bloque? Non, imposta pola Lei de emerxencias, que levan incumprindo catorce anos. (*Aplausos.*) Esa mesma Lei de emerxencias que impón o sistema de financiamento, que ten que estar participado pola Xunta de Galiza. A Xunta de Galiza non o fai grazablemente, a Xunta de Galiza non o fai discrecionalmente ou porque é moi bondadosa ou dadivosa; non, faino porque ten esa obrigación legal que lle impón esa Lei de emerxencias.

Pois nós o que lle pedimos, señor vicepresidente, non é nada novo, non é nada que vostede non fixera con Jácome; é reunirse, e é negociar; reunirse e negociar cos traballadores, reunirse, negociar e permitir a fixeza, que, por certo, xa acordou o Consorcio Provincial de Lugo, co voto en contra da Xunta de Galiza.

Por tanto, non os metamos a todos nos mesmos sacos, porque non todos temos a mesma actitude. (*Aplausos.*) No Consorcio Provincial de Lugo saíu esa declaración de fixeza, saíu ese cumprir a lei, saíu ese cumprir a sentenza do Tribunal Supremo co voto en contra do Partido Popular; voto en contra do Partido Popular que tamén reiterou neste Parlamento de Galiza.

E non lle discutimos as condicións, non dicimos que uns complementos ou que uns pluses os sigan ou non os sigan, simplemente que se senten, falen e que negocien.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Ten tres minutos, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Mire, señor Tabarés, os consorcios están adscritos ás deputacións. Eu tamén fun presidente da Deputación da Coruña, sei do que lle falo perfectamente.



(*Murmurios.*) Si, sei perfectamente do que lle falo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Podían atender un pouco.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Respecten o uso da palabra, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas.

Pois sei perfectamente do que lles falo. Están adscritos ás deputacións, e nós estamos coa mesma posición do Bloque e do Partido Socialista na Deputación. É vostede o que vén aquí facer política, política partidista; si, a dicir que é cousa da Xunta. Non é verdade. ¡Non é verdade, señor Tabarés! ¡Non é verdade! E os consorcios ata o de agora tiñan diferentes condicións porque son consorcios provinciais. Non podían ter un convenio único para toda Galicia, porque os consorcios son provinciais, non autonómicos. Esa é unha das cousas que nós puxemos enriba da mesa para poder chegar a un acordo, e estabamos dispostos a chegar a un acordo, o que pasa é que vostede vén aquí e tenta facer o mesmo que fan con todas as iniciativas. Se non se fai algo en Madrid, a culpa non é do Partido Socialista, que goberna e que é o seu socio nas deputacións e nos concellos, a culpa é da Xunta, que está aquí. E agora nos consorcios quere facer o mesmo, o que pasa é que o tiro lle vai saír pola culata, porque o que pode facer —eu píddollo por favor—, cando saia de aquí, é chamar ao señor Regueira. Eu vouno facer, e voulle dicir cal é a postura do Bloque no Parlamento. (*Murmurios.*) Que diga se é a mesma, que diga se é a mesma, porque, ¿sabe que? Non temos un ápice de discusión nin na Deputación da Coruña —e agradézollo ao seu presidente e ao seu vicepresidente, do Bloque—, nin na Deputación de Lugo —e agradézollo ao seu presidente e á xente do Bloque—, nin na de Ourense, nin na de Pontevedra; o único caso distinto que hai agora é vostede aquí, no Parlamento. (*Murmurios.*)

Pois, oia, empece por falar cos seus e aclararse, porque, dende logo, nós imos seguir traballando como o fixemos ata o de agora. Estamos preparando tamén a nosa segunda oferta, porque xa tiveron unha e rexeitárona, e non quixeron seguir falando desa oferta. Faremos a segunda, pero farémola con sentido, señor Tabarés, con sentido sobre todo porque estamos administrando uns cartos que non son nosos, e non podemos aceptar determinadas cousas que ían alí pedidas por parte dos representantes dos traballadores.

Pero non é que non as acepte a Xunta, non o aceptan os consorcios, e nos consorcios están vostedes, señor Tabarés, e pensan o mesmo que o que estou dicindo aquí hoxe. Por iso, o que vén vostede facer aquí hoxe non é política, é partidismo, é partidismo absurdo, e debería caerlle a cara de vergonza, a vostede e mais ao grupo político que representa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.



Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego orientadas a mellorar a prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por un tempo de tres minutos, ten a palabra don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Moitas grazas, señora presidenta.

A ver se desta temos máis sorte.

Antes que máis, quero agradecer a presenza das compañeiras e compañeiros da xustiza gratuíta. Grazas por soster este servizo e grazas porque nestes momentos están facendo algo tan difícil, tan inusitado —e que seguramente tamén algo de mérito hai que recoñecerlle ao señor Calvo—, como é estar nunha folga; (*Aplausos.*) por certo, con bastante seguimento.

Diferentes normas e tratados internacionais, como a Declaración universal dos dereitos humanos ou a Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea, recoñecen expresamente o dereito de todas as persoas á defensa dos seus dereitos ante un xuíz imparcial. Ese dereito e estas normas internacionais son o que dá lugar, o que exige tamén, que todos os estados teñan un sistema de asistencia xurídica gratuíta para que esas persoas, para que calquera persoa —con independencia da súa capacidade económica, dos seus recursos— poida exercer e defender os seus dereitos ante ese tribunal imparcial.

Este servizo é, por tanto, obrigatorio, e aquí préstase pola Xunta de Galiza a través dos colexios profesionais. Esa é a primeira pregunta, que agradecería que respondese o señor vicepresidente: ¿pesan seguir facendo este servizo, esta prestación obligatoria de asistencia xurídica gratuíta por medio dos colexios profesionais? ¿Ou pensan privatizala? ¿Ou pesan internalizala?

E pregunto isto porque realmente, de xeito paulatino —e non sei se voluntario ou involuntario—, o que vemos é como se está a sufrir unha grave deterioración, que atinxe á cidadanía e que tamén atinxe ás profesionais que prestan ese servizo, e por iso están en folga indefinida.

Galiza é das comunidades que menos inviste por habitante en xustiza gratuíta; unha diferenza dun 40 por cento menos que a media do Estado, a terceira comunidade que menos inviste daquelas que teñen —ou temos— as competencias transferidas. O investimento da Xunta de Galiza en xustiza gratuíta é inferior en máis dun millón de euros á que se facía no Bipartito, sendo o número de expedientes que se tramitan 27.000 máis. As compensacións —¡que manda narices chamarlles compensacións, cando deberían denominarse retribucións— que reciben, ou recibimos, os profesionais polo noso traballo, son inferiores non só ás do 2017, son inferiores ás do 2009.

As contribucións da infraestrutura dos colexios profesionais, que reciben os colexios profesionais para poder manter o persoal que fai as chamadas, o que fai as designacións,



que atende ao público, son un 20 por cento máis baixas que hai catorce anos. ¿E as consecuencias cales son? A consecuencia primeira é que hoxe, dende os últimos cinco anos, hai menos profesionais na quenda de oficio que no ano 2018 —cada ano hai menos profesionais na Galiza—, que moitas persoas, por carecer de recursos, non contan coa posibilidade de defender o seu dereito a reaccionar contra un despedimento, contra un accidente de circulación...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...ou mesmo para solicitar un permiso de saída de prisión. Os colexios profesionais, moitos colexios profesionais de Galiza, ven comprometida a súa viabilidade.

E por iso, señor vicepresidente, co debido respecto —algo que agardamos que recupere a súa señoría—, agardamos saber se pensan facer algo para a dignificación e para a mellora da xustiza gratuíta, do servizo que se presta á cidadanía e tamén para as profesionais que o prestan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, e por tempo tamén de tres minutos, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que o señor Tabarés segue na mesma liña da súa anterior intervención. Vostede sabe perfectamente, señor Tabarés, que a lei que regula a prestación dos servizos de xustiza gratuíta é competencia do Goberno central. Sábeo perfectamente. Sabe que a inacción do Ministerio de Xustiza nos últimos meses provocou un importante colapso xudicial que comezou coa folga dos letrados da Administración de xustiza e tamén coa dos xuíces, fiscais e funcionarios de Xustiza despois. Agora son os avogados de oficio os que solicitan ao Goberno central que reforme a Lei de asistencia xurídica gratuíta.

E respondo así á súa pregunta: ¿que é o que vai facer a Xunta? Pois ben, nós xa fixemos bastante durante este tempo, durante todos estes anos, e vostede sábeo porque llo teño explicado tamén na Comisión.

Galicia anticipouse a esta reforma e realiza as retribucións por convenio, pese non ser a súa competencia, incluíndo o pago de conceptos que non contempla a lei nacional. Aquí pagamos por máis conceptos que no resto de España porque fomos un paso máis aló. Tampouco é competencia da Xunta fixar os servizos mínimos na folga convocada por estes profesionais, porque non se trata de funcionarios públicos nin de persoal estatutario ou laboral ao servizo da Administración de xustiza e, polo tanto, non hai relación contractual. O Goberno galego



—como sabe— financia a asistencia xurídica gratuíta en favor de persoas sen recursos suficientes mediante a compensación a través dos colexios profesionais, e pretendemos seguir facéndoo. Contéstolle así á pregunta que facía.

O dereito de acceso á xustiza gratuíta está recollido na Constitución e regulado por lei nunha norma que entrou no ano 1996. Nós, desde Galicia, cremos que é necesaria a súa revisión, porque é unha norma estatal do ano 1996 que non está adaptada; polo tanto, estamos a favor. Pero estará tamén de acordo comigo en que a modificación desa lei é competencia das Cortes Xerais e non deste Parlamento. Nós xa dixemos en moitas ocasións que era necesaria esa revisión. ¿Que fixemos? Tratar de suplila, como lle dicía. En 2021 firmamos un convenio entre a Xunta e os consellos galegos de procuradores e da avogacía para actualizar e para ampliar as bases de compensación económica que reciben os avogados; unhas compensacións que gozan dun aumento anual conforme o IPC a partir deste ano. Nos primeiros anos dese convenio incrementáronse nun 15 por cento, señor Tabarés, máis que o IPC deses anos. Se suma o IPC deses tres anos, non chega ao 15 por cento. Polo tanto, os primeiros tres anos, un 15 por cento, e despois, este ano, o IPC a partir de outubro, porque se firmou en outubro.

Pero, ademais, en Galicia inclúense conceptos que non se inclúen noutras partes de España e que a lei non ten recollidos, pero nós quixemos ir máis alá. Inclúese a asistencia letrada ao detido e a intervención de avogado, aínda que non implica a prestación de declaración; na orde de protección, equiparase a contía que percibe o avogado da vítima e que corresponde co avogado do agresor —antes non era así—; equipárase o importe do procedemento penal abreviado ao do xuízo rápido sen conformidade; retribúese porcentualmente a multiplicidade de investigados que no mesmo procedemento actúen baixo a mesma defensa; equipárase o importe do proceso de modificación de medidas de familia co do proceso de familia contencioso; en materia de familia, retribúense tamén as ampliacións que se producen na execución; no proceso de división de patrimonio, retribúense tamén os derivados, desde a condición...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...de que o xulgado lles dá tratamento e procesos principais diferenciados; e abóanse nas execucións civís nas que haxa unha posición, aínda que se presenten antes dos dous anos da resolución principal. E algunha cousa máis que incluímos en Galicia e que non se inclúe no Estado...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Ten un segundo turno despois.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Aquí temos avanzado bastante, señor Tabarés. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para a réplica ten novamente a palabra o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señoría.



Certamente, existe ese convenio de 2021, ese convenio que non prevé a actualización nin sequera polo IPC. A actualización é de 2024 a 2025, pero observe ese convenio. Se analiza esas cantidades —voulle dar simplemente dezaseis conceptos que analicei, os dezaseis conceptos máis habituais—, verá que está a pagar menos que en 2009 por asistencia ao detido, procedemento abreviado, xuízo rápido, con conformidade ou sen conformidade, en materia de seguridade do tráfico —por exemplo, o señor Baltar, se fose pola quenda de oficio—, recursos de apelación, de sentenzas e autos, procedemento ordinario civil, xuízo verbal, xuízo a familia contencioso, modificación de medidas, contencioso-administrativo ordinario e contencioso abreviado, procedemento de antigas faltas —hoxe delitos leves—, de menores que termina por sentenza, de menores con outra terminación, casación e amparo. *(Aplausos.)* ¡Estase a pagar menos! *(Aplausos.)* As miñas compañeiras —grazas ás cales se presta ese servizo— coñecerano. *(Aplausos.)* Un acordo ben inxusto pódese modificar; é máis, débese modificar. *(Aplausos.)* Algo aprendemos todos e todas de dereito durante esta pandemia: que se os convenios e as circunstancias cambian radicalmente poden cambiarse; e hai un cambio radical de circunstancias. E hai moitos conceptos que para as persoas que están en prisión provisional —por exemplo, vostede ten moitos compañeiros nesa situación: o señor Zaplana, Ignacio González, Francisco Granados...—, se solicitan medidas, o avogado non cobra, e non teñen dereito a xustiza gratuíta. Se esa persoa carece de recursos, salvo pola beneficencia, a benevolencia ou o compromiso social dos profesionais, non podería solicitar a excarceración. Esa é a realidade. Hai partidas, hai conceptos que non están contemplados no baremo, e non é culpa de Pedro Sánchez nin é culpa de Europa; non, iso pódese amañar desde Galiza.

En materia de infraestruturas tamén Galiza está pagando aos colexios profesionais un 20 por cento menos do que lles pagaba en 2009. Se quere compararnos ao Bipartito, nos catro anos do Bipartito as partidas para a xustiza gratuíta medraron nun 70 por cento. Agora resulta que do 2009 ata hoxe non é que non suban as partidas, non é que se actualice, non é que exista esa cobertura social que os avogados e avogadas da quenda de oficio merecen, non é que exista un seguro de accidentes —que tampouco existe—, un seguro de responsabilidade civil —que tampouco existe—...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...e poderían facelo. Iso non é cuestión do Estado, esa é unha cuestión... Do Estado si é a modificación da lei, pero estas cousas podería facelas a Xunta. Pero de todas as maneiras, se vostede non quere nin saber, nin lle importa o que é a xustiza e moito menos a xustiza gratuíta, non se preocupe porque lle quedan tres meses. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Réplica do Goberno.

Ten tres minutos, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.



Rematou «Modesto» e intervén o vicepresidente. (*Risos.*)

Diciamos que tamén se incluían outras partidas —que antes non me deu tempo a dicirllas todas—. Asumimos o pagamento das actuacións profesionais realizadas en virtude das designacións efectuadas aínda despois de que se denegase o beneficio de xustiza gratuíta. Por iso —se isto non é suficiente aínda para vostede—, paso a darlle tamén datos claros, medibles e comprobables. Galicia, no último ano, foi a segunda comunidade que máis pagou por expediente de toda España, unicamente está o País Vasco por diante; a segunda comunidade que máis paga por expediente é Galicia. Este ano dedicamos 14 millóns de euros. Que diga vostede que non creceu a cantidade destinada á xustiza gratuíta, pois, bueno, en fin, como vostede queira.

Na anterior intervención dicía vostede que eu mentía. Eu non minto. Vostede vén aquí e intenta facer filibusterismo político. Bueno, ¡alá vostede! Eu non minto. Intenta meter polo medio sempre cousas para intentar embarrar aí, pero iso a cada un o define e é preso das súas palabras.

Respecto do aumento de xustiza gratuíta, pois, mire, dende o ano 2018 eran 10 millóns de euros, agora son —como lle dicía— 12,739 neste último ano e 14 previstos para o que vén. No último ano aumentouse un 25 por cento, señor Tabarés, 2 millóns de euros —no último ano—. Pero a vostede dálle igual, porque vén dicir aquí o que quere dicir diante da xente que o vén escoitar para así quedar ben e pensar que así gaña algún voto. ¡Pois alá vostede!

O investimento destinado ao mantemento da infraestrutura foi de 800.000 euros —incrementouse un 3,1 por cento—. E vostedes, coma sempre, como na intervención anterior, veñen acusar a Xunta de non facer nada. Nós claro que queremos seguir traballando cos colexios de avogados e de procuradores para mellorar as condicións dos avogados do turno de oficio. Pero o que non se pode facer é trampa, como intenta facer vostede aquí. Nós si cremos que en Galicia se cobren moitas máis circunstancias que no resto de España, moitas máis; ¡moitas máis, señor Tabarés!, e a iso non pode dicir que non. E somos a segunda comunidade que máis paga por expediente. ¿Que podemos seguir mellorando? Efectivamente, e oxalá sigamos mellorando a través dos acordos e convenios que temos establecidos.

Pero, mire, agora que está tan de moda ese acordo que vostedes dicían que firmaron co Partido Socialista, ¿por que non incluíron no acordo cambiar a lei a nivel estatal, que é a que realmente fixa os conceptos que teñen que ser incluídos obrigatoriamente? (*Murmurios.*) Non, claro, iso non. Aplaudimos que a Cataluña lle condonen 15.000 millóns de euros; agora, facer algo con sentido e de verdade, non, iso non, porque é moito máis fácil vir ao Parlamento e acusar a Xunta de todos os males que hai; e, iso si, vostedes non teñen ningunha culpa e os seus socios de goberno tampouco. Pois isto é o mesmo caso, señor Tabarés. Nós levamos anos traballando niso. Dignificouse moito o turno de oficio, e témolo en consideración. Temos falado cos colexios profesionais...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...e queremos seguir mellorando as súas condicións —xa remato—, pero



créame que estamos nunha situación moito mellor que no resto de España. E, por certo, apoiamos que se cambie a lei do Estado para que se poida solucionar todo o problema que teñen coas cotizacións. Nós estamos a favor. Vostedes, ¿onde están?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa pregunta referenciada na orde do día no apartado terceiro.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Eduardo Ojea Arias, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co remate da vía de alta capacidade da costa norte

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta e por tempo de tres minutos ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Benvida, conselleira.

Pois imos falar do seu nulo compromiso coa mellora das infraestruturas na nosa comunidade autónoma e, nomeadamente, hoxe, nas comarcas de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña, e a verdade é que temos que agradecer que hoxe nos acompañen moitos dos seus alcaldes e alcaldesas.

Imos poñernos en antecedentes. No ano 2001 a Xunta de Galicia do Partido Popular, nomeadamente o señor Cuíña, anunciaba o proxecto de vía de alta capacidade Costa Norte-Ferrol-San Cibrao, e adiantaba que estaría rematada no ano 2007. Cómpre recordar que este anuncio, señora conselleira, foi feito para compensar o cambio de trazado da A-8 cara ao interior —vostede sabe quen chamou a capítulo—. Pero a realidade foi que o Partido Popular deixaba a Xunta de Galicia alí polo ano 2005 e nin rastro desta promesa. Houbo un abandono total do Partido Popular a estas tres comarcas, Ferrolterra, Ortegal e A Mariña, deixando estas comarcas cunhas vías de comunicación deficientes. Tivo que haber un cambio na Xunta de Galicia no ano 2005, da man do presidente Touriño, para que se lle dese un verdadeiro impulso a esta infraestrutura fundamental para estas comarcas.

O Goberno de Touriño deixou xa licitadas as obras dos dous únicos treitos que no día de hoxe, señora conselleira, están en funcionamento: a variante de Ortigueira e a variante de Xove. Pero, claro, o señor Touriño licitou, e chegou o señor Feijóo e meteu isto nun caixón. Cómpre recordar que a variante de Ortigueira non foi inaugurada ata o ano 2013 e a de Xove ata o ano 2017, licitadas no ano 2009 e inauguradas no 2013 e no 2017, respectivamente. (*Aplausos.*) ¡Axilidade, señora conselleira! (*Aplausos.*) Vostedes nada máis fixeron que executar o que deixamos licitados nós, os socialistas; vostedes, nada máis licitaron. O único que fixeron foi enganar os veciños e as veciñas destas comarcas e incluír partidas ridículas nos orzamentos que nin sequera, por suposto, foron executadas. E iso que incluso vostedes



no ano 2009, na campaña das eleccións autonómicas, prometeron que esta infraestrutura, en vez de ser unha VAC, sería unha autovía.

Pero despois de moitas escusas, hai un mes, a unha pregunta formulada por esta humilde deputada, o seu director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas nos viña recoñecer o que era unha evidencia, señora conselleira: que esta VAC non era unha prioridade para o Goberno galego. *(Aplausos.)* Polo menos, nesta resposta, un pouco de sinceridade, que é do que carece vostede, ante tantos anos de enganos e ante tantos anos de mentiras. A resposta coherente do seu director da Axencia Galega de Infraestruturas co feito nas provincias de Lugo e da Coruña con esta infraestrutura é: cero licitado, señora conselleira.

Polo tanto, eu pregúntolle hoxe: ¿que pensan facer e que prazos reais, por favor, señora conselleira, manexan para esta infraestrutura, que —recordo— foi prometida —e remato, presidenta— hai vinte e dous anos?

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, e tamén por tempo de tres minutos, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Señoría, véxoa permanentemente molesta con esta consellería, e eu creo que é por eses reiterados incumprimentos por parte do Goberno de España, que quere, dende logo, agochar o reiterado abandono dese goberno en materia de infraestruturas, e por iso esa molestia; por iso está molesta reiteradamente. Eu non sei se pretende que aplaudamos pola situación de colapso dos viadutos da A-6. Non sei se pretende que esteamos encantados polo atraso dos trens AVRIL, non sei se pretende que nos pareza ideal ese ritmo caribeño da A-54 e, dende logo, tamén esa fochanca na Mariña, porque é o que temos na Mariña; en vez dunha autovía, cero quilómetros, cero avances e o que hai é un pozo-fochanca na N-642.

O noso deber, por suposto, é facer infraestruturas e tamén demandar os servizos, esas infraestruturas, que lles corresponden ao resto das administracións. E o que vemos é que hai un trato, dende logo, discriminatorio por parte do Goberno central con Galicia; por iso vostede está permanentemente molesta e enfadada con esta Consellería de Infraestruturas, para ver se tapa a falta de compensacións a Galicia por eses ferrocarrís: esa gratuidade ou non gratuidade do ferrocarril que teñen outras comunidades autónomas polo fiasco dos trens, o corredor atlántico sen investimentos, o viaduto do Castro, ¿que comentar?... Por suposto que para nós a vía de alta capacidade Costa Norte é unha vía fundamental e estratéxica na que, dende logo, segue o noso compromiso incuestionable. Nos peores momentos de crise económica quen pagou, financiou e puxo en servizo a variante de Ortigueira e o treito Celeiro-San Cibrao foi o presidente Feijóo. Foron cen millóns de euros



en plena crise económica, e foi este goberno, o Goberno do Partido Popular; aínda que lles moleste iso, e por iso ese enfado permanente, porque esta é a realidade.

E teño que confirmarlle que abordamos un plan de consenso cos alcaldes, fundamentalmente cos alcaldes de Ferrolterra e Ortegal; por iso, na provincia da Coruña, estamos con actuacións, estamos en obras. Na zona de San Sadurniño e en Ortigueira estamos en obras. Non sei se sabe que estamos a realizar unha obra de 15 millóns de euros en total nese eixe de comunicacións. Actuamos tamén en Valdoviño. Queremos e traballamos para mellorar a estrada da Gañidoira cara a Viveiro. Nós cumprimos os nosos compromisos. A vontade dun goberno reflíctese nos orzamentos. A partida orzamentaria para a VAC Costa Norte e as melloras de comunicacións son 8 millóns de euros. ¿Cal é a partida da autovía da Mariña, fundamental para a funcionalidade da VAC Costa Norte? Pois son 500.000 euros. *(Aplausos.)* Comparen; busquen e comparen: 8 millóns de euros da Xunta de Galicia no 2024 e 500.000 para cero quilómetros na autovía da Mariña, competencia do Partido Socialista por parte do Goberno de España.

Polo tanto, non se moleste tanto coa Consellería de Infraestruturas.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Quenda de réplica.

Señora Otero, ten dous minutos.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pregúntame a señora conselleira por que eu estou tan molesta coa súa consellaría. Pois, como di a canción, señora conselleira: «¿Por que será?». *(A señora Otero Rodríguez pronuncia esa frase coa entoación da canción.) (Aplausos.)* Porque, mire vostede, señora conselleira, preguntei pola VAC Costa Norte e vostede a verdade é que foi por outros derroteiros. E falaba de que as infraestruturas que son competencia do Goberno central van a un ritmo caribeño. Pois non sei eu, entón, que adxectivo lle imos poñer á VAC Costa Norte; unha obra que foi prometida hai vinte e dous anos e que só ten dous treitos en funcionamento, que lle recordo que foron licitados polo presidente Touriño.

Eu o que lle pido, señora conselleira, é menos samba e máis traballar. *(Aplausos.)* Porque, miren, tiraba e dicíame que estaban en obras na provincia da Coruña; falábame incluso da Gañidoira, que non é esta infraestrutura. Mire, o que está en obras a verdade é que é o argumentario do Partido Popular nestes últimos tempos.

Miren, vostedes durante moito tempo empregaron a escusa —hoxe non a empregou agora, na primeira quenda, pero vaina empregar na réplica, porque eu non teño ocasión de rebatela— e a lería —deixe xa esa lería— de que a alcaldesa de Viveiro está a bloquear a variante de Viveiro, que está a bloquear esta infraestrutura. Vostede sabe coma min que a Corporación de Viveiro, coa alcaldesa de Viveiro á fronte, ten adaptado o PXOM, precisamente, á proposta que vostede fixo. Polo tanto, deixe xa escusas de mal pagador,



porque, ademais, señora conselleira, eu non sabía o poder territorial que ten a alcaldesa de Viveiro porque, se fose iso unha realidade, vostede podería ir avanzando nos treitos que incluso son doutra provincia.

Mire, voulle facer unha proposta para que vostede non abandone o Goberno galego cunha débeda tan grande con estas comarcas. Acepten a nosa emenda, a emenda aos orzamentos da Xunta de Galicia; esa emenda parcial na que lle pedimos un incremento orzamentario para esta VAC. Fagan isto, incrementen o orzamento, fagan só isto, que, de executar a VAC, xa nos encargaremos nós, xunto co próximo presidente da Xunta, o señor Gómez Besteiro.

E se nin sequera vostedes... (*Murmurios.*) —si, rían, rían—. Se nin sequera vostedes...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...queren incrementar o orzamento desta infraestrutura, tampouco se preocupen, que seremos nós, os socialistas, os que modificaremos o orzamento e...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...faremos que esta infraestrutura sexa, por fin, unha realidade, como sempre fixemos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Réplica do Goberno

Señora conselleira, ten vostede tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señoría, é posible que a alcaldesa de Viveiro, como Pedro Sánchez, cambiara de opinión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero vinte anos despois... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero se cambiou de opinión, señoría, eu invito e pido que o traslade por escrito e oficialmente, porque que estea no PXOM... Tamén está no PXOM a Rolda Leste. ¡E que *pollos* me están montando coa Rolda Leste!: que está no PXOM, si, si, non, non, e antes non, pero agora si, porque está no PXOM. (*Aplausos.*)

Aclárense e que o diga oficialmente, porque que non está executado o treito da variante de Viveiro da VAC Costa Norte é evidente. Bloqueouno o Concello de Viveiro. E tamén a Deputación. Por moita artillería e palabrería que queiran trasladar, os feitos e a hemeroteca están aí. Non veña reescribir vostede a historia. Foi o Partido Socialista. E se cambiou de opinión a alcaldesa de Viveiro, que o traslade de xeito oficial e por escrito, para que quede constancia de que están de acordo con ese trazado, que durante vinte anos rexeitaron, porque antes non o querían. Propuxemos a alternativa da Ponte, e tampouco a querían. Eu insisto,



a VAC Costa Norte precisa dúas cuestións para a súa completa, dende logo, funcionalidade. É unha vía de altas prestacións que se complementa, dende logo, coa autovía da Mariña. Iso supoño que o saberá. É unha vía de comunicación de Ferrolterra, Ortegá e A Mariña para tráfico de longa distancia. Polo tanto, a autovía da Mariña é fundamental para que a VAC, a vía de alta capacidade da Costa Norte, funcione.

¿E que temos na autovía da Mariña? Nada, cero quilómetros. Nin un só quilómetro na autovía da Mariña. Polo tanto, non sei por que pon en cuestión ese compromiso incuestionable da VAC Costa Norte despois de 100 millóns de euros pagados por este goberno para executar a vía de altas prestacións da Costa Norte, e non vemos nin un só milímetro da autovía da Mariña, competencia do Goberno de España.

A funcionalidade da vía de alta capacidade da Costa Norte está condicionada pola autovía da Mariña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Que si que está! ¡Pero collan o mapa! Conecta Ferrolterra, Ortegá coa Mariña. *(Murmurios.)*

Porque, sen toda a artillería e palabrería, os feitos están aí. Nós estamos executando estas obras na zona *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra dúas fotografías.)* Pero miren, terrapléns de máis de 20 metros, miren a maquinaria e a anchura da plataforma. Estas son as obras que está a executar a Xunta de Galicia na zona de Ortegá, porque aí hai consenso. Cando hai consenso, estamos a facer as obras. ¿Na Mariña? Na Mariña, unha fochanca, un pozo-fochanca, señoría; *(Risos.)* un pozo-fochanca na autovía da Mariña. Polo tanto, sexa coherente e que polo menos se avance na autovía da Mariña. *(Murmurios.)*

Eu volvo insistir, 8 millóns de euros nos orzamentos para a vía de alta capacidade Costa Norte e a mellora das estradas; 500.000 na autovía da Mariña, onde non se avanzou nin un só milímetro.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do traballo desenvolvido polo Goberno central canto á emisión dos informes e das autorizacións para executar infraestruturas hidráulicas en dominio público marítimo-terrestre

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Permítanme darlles a benvida aos veciños e alcaldes e alcaldesas do Partido Socialista da Mariña a este Parlamento e invítalos a que queden, se queren escoitar, porque o tema que



imos tratar agora aos alcaldes e ás alcaldesas tamén lles afecta nos seus concellos. Unha vez que veñen a Santiago, sería bo tamén que leven a información de primeira man. (*Murmurios.*)

Señora conselleira, señora Vázquez, a pesar de que, como sempre, cómpre lembrar que o saneamento e o abastecemento de auga é unha competencia municipal e que corresponde, polo tanto, aos municipios a xestión e mantemento das súas infraestruturas hidráulicas, os concellos galegos saben que teñen na consellería que vostede dirixe unha aliada. De feito, a Xunta é a administración que con gran diferenza máis apoia os concellos galegos á hora de xestionar estes servizos municipais. Teñen apoio técnico, impulsando a elaboración dos proxectos, e colaboración económica, financiamento para moitas destas obras en materia de auga, achegando fondos da Xunta e fondos europeos. E todo isto tamén cun segundo obxectivo: o de preservar e mellorar a calidade da auga das nosas rías, para o que resulta esencial que funcionen en condicións óptimas instalacións como as depuradoras e toda a rede de colectores, que permite o tratamento das augas residuais. Non só é unha cuestión ambiental ou paisaxística —que tamén—, as rías son en Galicia unha fonte de riqueza e emprego a protexer e coidar.

Este esforzo da Xunta contribuíu a que todos os parámetros vinculados ao saneamento e á depuración mellorasen desde que o Partido Popular accedeu no ano 2009 ao Goberno da Xunta. ¡Lástima que este orzamento non veña acompañado do apoio doutras administracións! De feito, a xa de por si moi complexa execución das obras hidráulicas atópase cun atranco. O principal deles é o departamento de Costas do Estado, que é lento, moi lento, á hora de emitir informes e autorizacións naquelas obras que afectan o dominio público marítimo-terrestre, e con criterios cambiantes, incluso contraditorios, cando se trata de autorizar determinadas infraestruturas hidráulicas nas nosas rías e nos concellos do litoral.

E sobre esta cuestión, señora conselleira —e termino, señora presidenta—, queremos preguntarlle hoxe: ¿como valora vostede o traballo desenvolvido polo Goberno central á hora de colaborar coa execución das obras hidráulicas en Galicia? Como comprenderá, señora conselleira, por iso lles dicía ás señoras alcaldesas e aos señores alcaldes, sobre todo do litoral, que quedasen para que levasen a información que vostede vai dar

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Para darlle resposta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

O certo é que unha das prioridades da Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia, por suposto, é o saneamento das nosas rías, das rías galegas; un obxectivo estratéxico por ese valor ambiental e patrimonial que teñen, pero tamén por ese valor económico incuestionable.



A pesca, o marisqueo, a acuicultura e o turismo son actividades económicas que dependen tamén das nosas rías, e por iso, dende o ano 2009, estamos a realizar un traballo titánico, tanto dende o punto de vista técnico como dende o punto de vista económico, axudando os concellos ao saneamento das rías galegas, porque son os concellos os que teñen a competencia, pero asumimos como reto na Xunta de Galicia realizar eses investimentos, ese traballo técnico.

O certo é que ningunha administración fixo tanto como esta Xunta de Galicia por eliminar vertidos e loitar contra eles nas rías galegas: 1.100 millóns de euros nos últimos anos. Duplicamos a capacidade de depuración na nosa comunidade para mellorar a calidade das augas, e agora queremos seguir avanzando en actuacións que suman 228 millóns de euros para sanear de xeito integral as rías galegas.

O certo é que é un traballo con moitas dificultades, con moitísimas dificultades: tramitar convenios cos concellos, que son os que teñen as competencias, a dispoñibilidade dos terreos por parte dos concellos, que son os que deben conseguir os terreos; hai atrancos, moitos atrancos. Pero o maior atranco, dende logo, o atranco máis duro, o muro que temos, por suposto, que é a Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica. Coa súa interpretación —se me permite a expresión— torticeira da Lei de costas, temos requirimentos continuos, peticións de documentación desproporcionadas, extemporáneas, tamén, dende logo, requirimentos e cambios de criterio que complican o avance das intervencións previstas. Non é un caso illado. Eu lamento... Agardo que estean os alcaldes da Mariña, porque aí está o saneamento en Foz. E o alcalde de Foz, nas declaracións que fixo onte, estaba bastante errado, pero xa intentarei concretar este asunto. Tamén en Cabanas. En Viveiro, tiveron que pasar 84 meses para conseguir a concesión de Costas. Eu agardo que a alcaldesa de Viveiro recoñeza este labor e este traballo titánico da Xunta de Galicia, bloqueado durante tanto tempo pola Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio.

Asumimos como reto o saneamento das rías para axudar os concellos coas súas competencias. Son moitos os bloqueos, os paus nas rodas, e os fondos europeos están en risco de perda: un 40 por cento de fondos europeos como consecuencia deses requirimentos desproporcionados

É, dende logo, unha interpretación que non axuda nada, por parte de Costas, que impide avanzar no saneamento das rías galegas.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, o señor Balseiro. Ten vostede dous minutos.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas, señora conselleira.

Agradezo moi encarecidamente a presenza da alcaldesa de Burela e do alcalde de Foz, dado que na VAC Costa Norte–Burela–Foz non teñen competencias e si no saneamento da Xunta.



Teñen nos presupostos do ano 2024 dúas partidas moi importantes, tanto para o Concello de Foz como para o Concello de Burela: para o Concello de Foz, máis de cinco millóns de euros, e para o Concello de Burela máis de dous millóns e medio de euros, en competencias que son cen por cento municipais. Por iso eu quería que os alcaldes e alcaldesas estivesen presentes para que aproveitasen a viaxe porque, realmente, van levar unha boa noticia para os veciños de Foz e para os veciños de Burela.

Tamén aproveito encarecidamente para dicirlles, se é posible, que naquela administración onde goberna o Partido Socialista, no Goberno do Estado, lle digan, a través da Delegación de Costas, que axilicen os permisos, que a Xunta de Galicia quere investir e non pode investir porque non ten os permisos.

E voulle dar un recadiño ao alcalde de Foz —que sabe que o aprecio—: revise mellor a documentación, que é o que di hoxe nos medios de comunicación, señora conselleira. E vostede poderá confirmar o que di o alcalde de Foz hoxe; dígoos para que saiban tamén os veciños de Foz se realmente é certo.

Polo cal, señora conselleira, agradecemos moito o que vostede di. Como mariñán agradezo moito o que estamos investindo na Mariña, sobre todo —e hai que dicilo alto e claro— nos concellos nos que está gobernando o Partido Socialista. ¡Se é onde hai os investimentos máis grandes...! Non lle interesa á señora alcaldesa de Viveiro, que marchou, cando tamén está nos presupostos da Xunta de Galicia investir alí 600.000 euros. A Xunta de Galicia acaba de investir, no saneamento de Viveiro, máis de oito millóns de euros, e parece que non lle interesa. Parece que lle interesa a VAC, no que tamén coincide con vostede. ¿Sabe por que non está feito Viveiro? Porque o que estaba previsto para investir en Viveiro, despois de poñer oito propostas encima da mesa...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...houbo que investilo en Ortigueira. ¿Quen se beneficiou do bloqueo que fixo a alcaldesa de Viveiro? Os veciños de Ortigueira.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. (*Murmurios.*)

Garden silencio, por favor.

Para a réplica do Goberno, ten novamente a palabra a señora conselleira por un tempo de tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Pois o certo é que o prexuízo causado polo proceder da Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio do Goberno de España, é enorme en datos e en cifras: 35 millóns de fondos



consignados ás rías galegas que non se poden gastar polo incomprendible proceder desa Dirección Xeral da Costa do Goberno de España; o 40 por cento dos fondos destinados para sanear as rías galegas. O certo é que é o mundo ao revés: a Dirección Xeral da Costas, que debería velar por mellorar a costa, pois é o principal obstáculo para sanear a nosa costa. Dende logo que é o mundo ao revés. E se a Dirección Xeral da Costa, se o Ministerio para a Transición Ecolóxica, aplicase criterios lóxicos, eu podería afirmar e afirmo que o saneamento das rías galegas no día de hoxe estaría ao cen por cento; estarían totalmente saneadas.

As interpretacións son discrecionais, restritivas, con cambios de criterio en Madrid, despois de telo acordado cos representantes de Costas aquí, en Galicia. Polo tanto, iso o que confirma é o descoñecemento das peculiaridades de Galicia e das realidades do que son as nosas rías galegas.

O que vemos aquí non é un problema puntual nin illado, é un impedimento recorrente e reiterado por parte do Goberno central para entorpecer e para dilatar a execución de depuración das augas residuais nas nosas costas e, polo tanto, afectar a calidade das augas das rías galegas.

É imposible rematar o saneamento en Vilagarcía de Arousa. Porque si, estamos investindo en saneamento en Vilagarcía de Arousa —e non vou dicir quen goberna alí—. (*Murmurios.*) Nese saneamento en Vilagarcía de Arousa, van case dez millóns de euros nos colectores; e a depuradora non a podemos licitar porque é imposible conseguir esa documentación por parte de Costas.

Eu invitaría o candidato do Partido Socialista, cando vaia á ría de Arousa axudar e falar coas mariscadoras, que lle pida a Costas e ao Ministerio, ao Goberno de Pedro Sánchez, o desbloqueo; que lle pida desbloquear para que a Xunta poida investir na depuradora de Vilagarcía. E o mesmo lle digo na ría de Pontevedra para conseguir os informes de Costas para os bombeos que queremos facer para axudar os concellos.

E tamén invito o alcalde de Foz a que diga a verdade, vendo as declaracións que di do saneamento e depuración en Foz. A competencia é do Concello; polo tanto, súa. Dende a Xunta de Galicia invitamos para axudar e para financiar as obras na súa totalidade, pero é o Concello de Foz, o alcalde, o que debe remitir a única responsabilidade que ten un concello. Non lle pedimos cartos; pedímoslle as autorizacións e a posta á disposición dos terreos. Aínda non están resoltos.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Agardo que se remita canto antes e tamén coa autorización de Costas por parte do Concello de Foz.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, conselleira.



Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación en que se atopa o proxecto de Altri, en Palas de Rei (Lugo)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Grazas, presidenta.

E moi boa tarde, conselleira.

Dende onde está non pode ver, pero ensináballe as portadas que o día 29 de xullo do 2022 recollían os medios de comunicación: *(A señora Candia López mostra unhas portadas de xornais.)* o balance da reunión entre o presidente Rueda e o presidente Sánchez.

As noticias parecían positivas: «Boas perspectivas para a planta de Altri tras a reunión de Rueda con Sánchez». «Sánchez y Rueda acuerdan apoyar grandes inversiones». «Sánchez garantiza a Rueda vía libre al PERTE de Altri, que creará 2.500 empleos».

Pasaron máis de 480 días, e o que para nós era unha boa noticia, unha boa noticia para toda a provincia de Lugo, unha boa noticia para Galicia, unha boa noticia para todo o sector forestal e, o máis importante, para o desenvolvemento económico, teño que dicir que xa non o é. Hoxe varios compañeiros rexistramos esta pregunta porque pasaron moitos días e realmente nos interesa e preocupa como está a situación dese proxecto. Se cadra, preocúpanos incluso un pouco máis despois de varias intervencións que houbo nesta sesión plenaria por parte da voceira do Partido Socialista esta mesma mañá, cando apuntaba á situación de Alcoa, dando grandes incertezas e dúbidas na súa exposición sobre cal podería ser o futuro deste proxecto.

A realidade é que o tempo pasa e a xestión non se aborda nin con tuits nin cun vídeo de Facebook. Realmente, a xestión require outras cousas. Estase poñendo en risco un proxecto de economía circular, especialmente —como dicía— moi beneficioso para Lugo e para Galicia, cun amplo sector forestal, e que suporía un investimento de máis de oitocentos millóns de euros.

A colaboración de todas as administracións é imprescindible: o Goberno central, con eses fondos europeos, a Xunta de Galicia, axudando na súa tramitación administrativa e eu tamén hoxe quero aquí destacar a implicación do Concello de Palas.

Non parece aceptable na realidade económica e política que estamos a vivir que vexamos constantemente como o diñeiro de todos os galegos parece que se destina a outros investimentos. Non queremos máis —como din moitas veces os nosos compañeiros cando interveñen—, pero tampouco queremos menos.

E por iso hoxe, nun asunto tan importante, quería que clarificase aquí, señora conselleira: ¿ten constancia a Xunta de Galicia da situación na que se atopa o proxecto de Altri, en Palas



de Rei, no que respecta ao compromiso adquirido polo presidente do Goberno de España, que garantiu o seu acceso a fondos europeos de recuperación?

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas.

Para contestar a pregunta, ten a palabra a conselleira de Economía, Industria e Innovación, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidenta.

Señora Candia, en primeiro lugar, eu o que teño que dicir é que o futuro do proxecto de Altri, en Palas de Rei, no día de hoxe é incerto. Esta é a realidade dun proxecto un ano e medio despois de que anuncie a empresa que, efectivamente, está decidida a instalar esa biofábrica que vostede ben definiu na súa exposición.

Non sabemos que decisión vai tomar a empresa portuguesa. ¿E por que non o sabemos? Pois porque no día de hoxe faltan certezas sobre os apoios económicos, sobre as axudas que vai ter este proxecto; un proxecto que eu quero destacar que é de primeiro nivel a nivel internacional, que está absolutamente aliñado con todos os eixos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, que supón un investimento de máis de 900 millóns de euros e que supón a creación de máis de 2.500 postos de traballo. Por estas razóns, precisamente, o Consello da Xunta de Galicia cualifícao en decembro do ano 2022 como un proxecto industrial estratéxico dentro da comunidade autónoma.

Nós fixemos os deberes. A Administración galega leva traballando nos trámites, rematouse xa o estudo de impacto ambiental, que será sometido a información pública nas vindeiras semanas. Pero resulta curioso que nun proxecto destas características aínda esteamos pendentes de saber se encaixa en recibir financiamento dalgún dos PERTE.

Eu levo tempo manifestando —díxeno hai unhas semanas na comparecencia— que Galicia está sendo discriminada polo Goberno central na repartición dos fondos; por certo, ante o silencio e a pasividade do resto dos grupos que non son o Grupo Popular, que hoxe se interesa por esta cuestión.

Pedín aquí o apoio para solicitar en Madrid, precisamente, que se financie o proxecto de Altri. A realidade é que hoxe en día temos unha serie de palabras, de boas palabras, do ministro de Industria —que agora, ademais, xa non ocupa o seu posto— e moi boa disposición, pero isto non é suficiente. En primeiro lugar, precisamos saber cales son as axudas no marco dos fondos de recuperación que se van destinar ao proxecto estratéxico de Altri. E, en segundo lugar —que non é menor—, a interconexión eléctrica para Altri.



Dos oito PERTE industriais repito que soamente 455 millóns de euros chegaron a empresas galegas, pero 300 millóns de euros van directamente a un proxecto a Estremadura; 29 a Cataluña; 90 a Valencia e 450 a Valencia só un proxecto; e para todos os proxectos de Galicia, 455.

Polo tanto, simplemente quero sinalar que como Altri hai outras empresas máis esperando por ese financiamento —Stellantis, Ence, Triskelion— e que non podemos esperar máis.

É imprescindible que o Goberno de España dea certezas e dea seguridade a estes proxectos para garantir ese emprego de calidade que se vai xerar en Galicia, que se vai xerar, neste caso, na provincia de Lugo e que pode supor, polo tanto, un antes e un despois na industrialización desta zona de Galicia e de España.

Moitas grazas. Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Certezas e seguridade, vostede xa o dicía, conselleira, e efectivamente é así, para asentar investimento e para dar seguridade. A creación de postos de traballo é clave. Estamos nun momento transcendental. É un tren que non podemos perder, un tren que non pode perder Lugo e un tren que non pode perder Galicia; e moito menos por un mal acordo político que pon en perigo 2.500 postos de traballo.

E aquí, evidentemente, temos a obriga de empuxar e de reivindicar. Sei —e cónstame— do interese do presidente; cónstame o interese seu propio e o traballo que leva feito a Xunta de Galicia con esa declaración de proxecto industrial estratéxico xa en decembro de 2022. Pero temos tamén que ter ese compromiso cos galegos e contarlles a verdade. Dicíao eu na miña primeira intervención: o mundo non se arranxa con tuits ou con vídeos en Facebook. Realmente as oportunidades de emprego acórdanse precisamente coa aprobación deses PERTE, que repercutirían moi positivamente na nosa provincia. Lugo non pode perder ese proxecto tractor. Sei que polo traballo da Xunta non vai faltar.

Todo o escenario político que estamos a vivir e todos eses acordos das forzas políticas que neste momento en Galicia están na oposición —e así seguirán estando— poñen as prioridades, pero ningún deles puxo en ningún dos seus apartados unha soa palabra nin unha soa mención a un proxecto tan importante para a nosa provincia e para a nosa comunidade. Eu prégoles que sigan traballando como o saben facer; pero nós tamén, dende o grupo parlamentario e dende o Partido Popular, temos a obriga de explicarlles aos lucenses e aos galegos que realmente temos que loitar —porque non imos ser máis, pero tampouco imos permitir ser menos— para que o proxecto de Altri chegue á nosa provincia.

Contamos coa súa implicación. Agradézolle que siga impulsando ese proxecto industrial estratéxico. Nós, por suposto, dirémoslles a verdade aos lucenses. Aquí hoxe falouse de moitísimas cousas e víronse claramente as incoherencias de moitas forzas políticas que se



poñen ante unha pancarta pedindo unha cousa e mais a contraria. Pídlle que siga con esa certeza, con esa seguridade, e o grupo parlamentario axudalle a conseguilo, porque en Lugo non podemos renunciar a iso.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Candia.

Para a réplica, ten a palabra a conselleira de Economía, Industria e Innovación, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señora Candia, hai que reiterar o absoluto compromiso do Goberno de Galicia —como creo que non pode ser doutra maneira— con calquera proxecto, como pode ser o de Altri, que supón ese impulso de tal calibre para a industria —como digo—, neste caso na provincia de Lugo.

Nós garantimos que a tramitación do proxecto vai chegar a bo porto; como digo, está a piques de comezar esa información pública despois de moito traballo técnico coa empresa para poder ter unha boa documentación en canto ao proxecto e ao estudo de impacto ambiental. Estamos poñendo todos os instrumentos necesarios; temos un contacto, unha comunicación, eu diría que case unha presión constante co Ministerio de Industria. Estamos tendo reunións técnicas ao nivel que vostede dicía, por suposto, dende o propio ministro ata a última reunión que mantivemos o pasado venres, na que estiven eu mesma co subsecretario de Industria. O que digo é que segue habendo boas palabras, pero non hai unha concreción sobre o financiamento que agora mesmo necesita o proxecto.

A semana pasada tamén —o xoves, en concreto— enviei unha carta ao ministro Héctor Gómez na que lle remitiamos a relación de proxectos industriais de novo que necesitan desa interconexión eléctrica, e, entre eles, o proxecto de Altri. Ben —como dicía antes—, coñecemos esta semana que Héctor Gómez deixa esa carteira e que é substituído por Jordi Hereu. Esperamos, dende logo, que o novo ministro teña máis axilidade que os seus predecesores e que, sobre todo, cumpra esas manifestacións de boa fe e de disposición que están trasladando no nome da Moncloa por parte do Ministerio de Industria. O que si lle digo é que creo que as promesas á empresa e á Xunta de Galicia xa nos sobran.

É fundamental atender as necesidades de toda a industria. Os fondos do Mecanismo de recuperación son fondos de todos e tamén son fondos de Galicia e dos galegos. E así, dende logo, non podemos seguir. Non se poden repartir os fondos entre comunidades autónomas amigas, que é o que se está facendo. Acabo de describir proxectos concretos nos que soamente cada proxecto xa supón máis que todos os fondos que chegaron ás empresas galegas ata o de agora, e non poden seguir embalsados miles de millóns de euros nos



ministerios sen saber que facer con eles, sen coordinación de ningunha clase, coma se fose o primeiro día.

Hai máis de tres anos dende que se anunciaron os PERTE, entre eles, o de descarbonización —onde entraría Altri—. Non está nin convocado. Polo tanto, é a conta atrás para unha repartición eficiente e xusta dos fondos.

Esperemos, de verdade, que Galicia sexa tratada en igualdade de condicións e que reciba os mesmos fondos para os proxectos da mesma categoría, co mesmo impacto social, co mesmo impacto medioambiental e co mesmo impacto industrial e de emprego que todos eses fondos que recibiron as outras comunidades autónomas.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Moisés Rodríguez Pérez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións que o Goberno galego pensa realizar en defensa das persoas afectadas pola decisión da compañía Air Nostrum de denegarlles o embarque no aeroporto de Peinador o pasado 4 de novembro

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde, conselleira.

O pasado sábado, 4 de novembro, a compañía Air Nostrum denegou o embarque a preto de 80 pasaxeiros no aeroporto de Peinador; 80 pasaxeiros que pagaran os seus billetes e xa estaban preparados para embarcar, despois de pasar os filtros de seguridade; 80 persoas que viron como o avión que tiñan asignado era cedido pola compañía para dar cobertura aos xogadores e ao corpo técnico dun equipo de fútbol. Ademais do evidente trato de favor que houbo e do prexuízo causado a estes viaxeiros, a compañía incumpriu as obrigas establecidas no Regulamento 261/2004 do Parlamento Europeo, polo que se establecen as normas comúns sobre as compensacións e a asistencia aos pasaxeiros aéreos no caso de denegación de embarque ou de cancelación ou grande atraso dos voos que teñan adquiridos.

A compañía tiña a obriga de dar prioridade ás persoas con mobilidade reducida e aos seus acompañantes, así como aos menores que non viaxaban acompañados. Tiña a obriga de solicitar persoas voluntarias para renunciar ás súas reservas e de informar, con formularios e con documentos adaptados ás persoas con discapacidade, da situación, dos dereitos dos pasaxeiros —dereitos á asistencia e dereitos a unha compensación— e tamén das formas para presentar unha reclamación. O mesmo regulamento, por certo, que reconece o dereito a unha compensación económica dependendo das distancias do voo, o dereito á asistencia e o dereito ao reembolso do billete e do transporte alternativo. Isto non foi o que aconteceu



no aeroporto de Peinador, e a realidade, segundo os propios pasaxeiros, foi que a compañía non lles facilitou en ningún momento información acerca dos seus dereitos: «Solo nos dieron...» —din os pasaxeiros— «...una hoja de reclamaciones para que la rellenáramos, sin decirnos absolutamente nada más».

Conselleira, claramente houbo un incumprimento contractual por parte da aeroliña, e isto supón unha infracción da normativa de protección dos consumidores. Polo tanto, ás deputadas e aos deputados do Grupo Popular, aos afectados por este voo, pero tamén aos milleiros de galegos usuarios deste medio de transporte, interézanos saber que accións vai adoptar ou xa adoptou a Xunta de Galicia en defensa das persoas afectadas pola compañía aérea Air Nostrum, que o pasado día 5 de novembro deixou 80 pasaxeiros en Peinador sen poder subir ao avión que xa tiñan contratado.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Pérez.

Para responder, ten a palabra a conselleira de Economía e Industria e Innovación, dona María Jesús Lorenzana.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señora Pérez, tal cal acaba vostede de describir, efectivamente, esa denegación do embarque provocou unha situación de clara indefensión para as persoas usuarias dese voo, o voo da compañía Air Nostrum Vigo-Madrid. Isto xera dúbidas —que agora paso a explicar e que están sendo obxecto de análise— sobre o cumprimento das obrigas establecidas fundamentalmente nese Regulamento —do que vostede falaba— do ano 2004 do Parlamento Europeo e do Consello.

O Instituto Galego de Consumo e da Competencia ten unha serie de mecanismos que puxemos na súa totalidade á disposición destas persoas afectadas por esta situación tan anómala. En primeiro lugar, puxemos unha serie de instrumentos en materia de información e de recursos para as persoas afectadas. Por unha banda, o Instituto puxo á disposición un asesoramento e unha información precisa. Fíxoo de maneira presencial nas oficinas que temos de atención ás persoas consumidoras nas sete cidades galegas e tamén, por suposto, pola vía do teléfono gratuito 900231123. Despois, publicouse unha información específica na nosa páxina web consumo.xunta.gal, unha portada cunha ligazón directa á información sobre a denegación do embarque en voos, e puxéronse á disposición das persoas interesadas os modelos de formularios específicos precisos para presentar esas reclamacións, tanto á empresa de transporte aéreo como tamén a esa axencia estatal de seguridade aérea.

No ámbito específico dun eventual procedemento sancionador, ¿que é o que estamos facendo? Ben, pois a nosa inspección, a Inspección do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, en primeiro lugar, remitiu requirimento tanto a Air Nostrum como a Iberia —porque era a empresa operadora do voo— de información sobre o caso concreto pola



existencia —que é o que agora se está estudando no procedemento— dunha posible discriminación entre as persoas consumidoras e para valorar a existencia de infraccións administrativas ou de calquera outro tipo en materia de consumo.

Logo, estamos mantendo unha colaboración constante coa Fiscalía de Vigo, que está tamén a traballar na existencia de posibles infraccións no ámbito penal, e xa se lle remitiu á Fiscalía toda a información que temos ao dispor.

Polo momento, recibíuse unha soa reclamación dun particular que se presentou na oficina municipal de información do Concello de Vigo. Si é certo que hai que dicir que o Concello non levou a cabo a mediación que ten que facer de acordo coa Lei galega de consumo, e trasladouna directamente ao Instituto. Despois, a Asociación de Consumidores Facua presentou o 7 de novembro un documento de denuncia de feitos, pero é cando xa a Xunta de Galicia tiña realizadas todas esas actuacións, e atendemos varias consultas a través do teléfono gratuíto presentando o asesoramento preciso. Co cal, creo que atendemos con axilidade todas estas cuestións. Si hai que recalcar que temos unha normativa —cremos— en materia de consumo moi avanzada, moi eficaz, e mesmo nunha disposición adicional —na cuarta— fai unha previsión específica en materia de transporte aéreo para garantir a efectividade das indemnizacións. Co cal, cremos que temos un ordenamento xurídico adecuado para aplicar neste caso concreto.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Turno de réplica.

Ten novamente a palabra, por dous minutos, a señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, acaba de darnos vostede un dato. Eu creo que estaría ben que todas as administracións cumprisen coas súas competencias para garantir os dereitos que temos como cidadáns e como consumidores. Acaba de dicir vostede que o Concello de Vigo non executou as súas competencias ou non as puxo en marcha e que llas pasou á Xunta de Galicia. Isto non é novidade, ou sería novidade se non fose porque estamos acostumados a que o Concello de Vigo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —«fíxate», non, señora deputada do Partido Socialista, esa é a realidade—... *(Murmurios.)* Estamos acostumados a que o Concello de Vigo non faga o que ten que facer e, aínda por riba, pretenda trasladarlle a responsabilidade á Xunta de Galicia. *(Murmurios.)*

Como dicía, señora conselleira... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —estou no meu turno de palabra; se non lle importa, señora deputada, faga vostede a pregunta—, estaría ben que todas as administracións cumprisen coas súas obrigas para garantir e para defender os dereitos dos cidadáns. Mire, neste caso —como noutros aos que estamos afeitos ultimamente; por certo, máis dos que quixeramos, tamén é certo—, valórase máis —no caso do que ocorreu



coa compañía Air Nostrum — a envoltura e os intereses duns poucos que os intereses e o respecto que merecen e teñen por igual todos os cidadáns. É imposible de xustificar o que aconteceu o día 5 de novembro en Peinador, e, como lle dicía hai un momento, é imposible de xustificar o que estamos a ver tamén ultimamente no noso país, que, por complacer a uns e por intereses persoais, se prexudica a maioría; e aí o deixo, porque a bos entendedores poucas palabras bastan.

Mire, nós agradecemoslle dende o grupo do Partido Popular o traballo feito polo Instituto Galego de Consumo. E, polo tanto, para pechar gustaríanos que nos aclarase como está esta situación nestes momentos e que nos diga que garantías temos os cidadáns galegos co Instituto Galego do Consumo e da Competencia para defender os nosos dereitos como persoas consumidoras. Dende o Partido Popular cremos que este é un tema de interese xeral para todas as galegas e os galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Ten novamente tres minutos, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Ben, en primeiro lugar, quero aclarar —enlazándoo co que dicía ao final da outra intervención— que cremos que, dende logo, dende o punto de vista do réxime xurídico e da normativa, temos unha normativa completa e, polo tanto, eficaz para protexer os cidadáns. E en referencia ao que vostede dicía e aclarándoo, teño que dicir que o artigo 71 da Lei galega de consumo establece esa obrigaón de mediación, á que —é certo— o Concello de Vigo non deu cumprimento, pero a normativa é clara na súa interpretación. A Administración autonómica creo que actuou, a través do Instituto, nas dúas liñas que, neste caso, proceden con absoluta disposición. Por un lado, na primeira liña, actuou coa asistencia, en canto á información, en canto ao asesoramento —como dicía— e en canto a formularios, a todos os cidadáns que foron afectados. Por outro lado, na segunda liña —importante neste caso—, actuou requirindo toda esa información ás compañías aéreas que, efectivamente, tiveron este comportamento eventual de infracción, para empezar a valorar a existencia destas infraccións administrativas ou de calquera outro tipo en materia de consumo.

Este é o momento no que estamos. Agora mesmo estanse tramitando os correspondentes expedientes para, se é o caso, exixir posibles responsabilidades ás compañías e, por suposto, tamén para restituír os dereitos dos afectados e evitar que se repitan situacións como esta. Tamén a Fiscalía continúa —como digo— facendo o seu traballo. A partir de aquí valoraremos a concorrencia ou non das infraccións.

Quero destacar o traballo que está levando a cabo o Instituto. Levamos, soamente neste ano 2023, 994 expedientes sancionadores abertos e un importe de 7,5 millóns de euros en



sancións. No que levamos de lexislatura atendéronse 144.409 consultas e tramitáronse máis de 71.900 reclamacións. Polo tanto, creo que estamos a traballar no camiño de acompañar os consumidores e usuarios.

No ano 2024 continuamos implementando modificacións nos orzamentos. De feito, para o próximo ano incluímos, a través dun sistema de dixitalización do Instituto, a meta de reducir nun 20 por cento os tempos de tramitación das reclamacións para a cidadanía. Polo que creo que temos que seguir co compromiso de velar por garantir os dereitos de todos os consumidores, creando conciencia social, que é moi importante, informando a cidadanía e animándoa tamén, por suposto, a reclamar para facer valer os seus dereitos.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a María Cristina Fernández Davila e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante as peticións dos sindicatos relativas aos dereitos laborais do persoal docente

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Cristina Fernández.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidenta.

Boas tardes.

O pasado martes, día 14, celebráronse nas sete cidades galegas concentracións masivas, e este mesmo domingo tamén unha manifestación grande que encheu a praza de Praterías aquí mesmo, en Santiago; ambas convocadas polos representantes maioritarios do persoal docente nunha nova presión á Consellería de Educación para retomar as negociacións que foron pechadas nun nefasto acordo o pasado 11 de outubro. Un acordo que, se se tivese feito con ampla altura de miras —como vostede ben di, señor Rodríguez—, non se tería asinado, deixando fóra cuestións básicas non só para o profesorado, senón tamén para o alumnado. Porque con esta negociación plantexada polos sindicatos e unha altura de miras pola súa parte, a atención do alumnado gañaba, a diversidade gañaba, a igualdade gañaba, a convivencia tamén gañaba e as familias, por suposto, gañaban tamén. Así o reconece toda a comunidade educativa.

Co seu acordo —asinado a toda présa para que o seu presidente, camiño de Xénova, puidese sacar a foto— anulouse a posibilidade de que as ratios comezasen a baixar xa a partir do día 24 en todas as etapas educativas, porque esta demanda, en concreto, afecta todo o alumnado. É preciso para infantil, para primaria, para secundaria, para as etapas postobrigatorias de bacharelato e FP e para as ensinanzas especiais. E isto debe ser así porque é unha cuestión imprescindible para traballar a diversidade dentro das aulas. Se unha docente ten menos alumnado en cada unidade, a atención pode ser máis especializada e individual, e haberá tempo para implementar plans educativos e estratexias de prevención de todo tipo.



Segundo os parámetros que miden —segundo vostedes— a calidade educativa e a equidade, hai que dicir que o indicador está moi baixo, xa que temos un 25 por cento do alumnado sen un dereito tan básico como é o dereito a unha educación en igualdade de condicións co resto das alumnas e dos alumnos. As familias, deste xeito, ven claro que aquí non se trata de subir salarios ou de traballar menos horas, senón de que a distribución horaria se faga cun criterio diferente e de que cando entren nas súas aulas para dar clase poidan enfrontar e atender as distintas realidades de todo o alumnado.

Dúas demandas concretas, señor Rodríguez. A primeira, baixar o número de horas lectivas a 18 en infantil e primaria e a 21 horas en secundaria e nas demais etapas. A segunda, reducir as ratios a 20 alumnos en infantil e primaria, a 25 en secundaria e a 30 en bacharelato e noutras etapas. Pero isto ten que facerse escalonadamente dende o 2024; se non, non ten sentido. Para unhas peticións tan básicas, tan beneficiosas para o alumnado e os centros educativos, as súas miras, desde logo, parécennos bastante curtas. O colectivo docente, durante todo este mes, seguirá insistindo na demanda dos seus dereitos e en que melloren o ensino, con máis mobilizacións, culminando coa folga do vindeiro 28 de novembro.

É unha pena que esteamos perdendo un tempo tan valioso á espera de que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza acepte o que debera ter feito, como o resto das comunidades autónomas, hai xa moitos anos. Polo tanto, díganos, señor Rodríguez, que medidas inmediatas está a tomar o Goberno da Xunta de Galiza para atender as peticións dos sindicatos maioritarios con respecto aos dereitos laborais do persoal docente adscrito á Consellería de Educación para que mellore a calidade educativa nos centros de ensino públicos.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura e Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que, señorías, vostedes perseveran absolutamente en faltarlle ao respecto a tres das catro organizacións sindicais coas cales puidemos asinar un acordo histórico non hai demasiados días. (*Risos.*) Vostedes, ao ningunear, ao desprezar, ao ter a menos e ao non compartir este acordo histórico, o que están a facer é, en certa medida, negarlles o pan e o sal, xa non á Xunta, que iso xa vai de seu, senón fundamentalmente a tres organizacións sindicais: ANPE, UXT e Comisións, que a verdade é que, con altura de miras e con responsabilidade, se sentaron a negociar, foron capaces de ceder, igual que cedeu a Xunta, e foron capaces de asinar un acordo histórico que afecta moitísimas variables do sistema educativo e que vai ter xa efectos inmediatos a partir do 1 de xaneiro deste ano.

A verdade é que resulta moi curioso que por parte dun sindicato, igual que por parte de vostedes —o discurso é o mesmo; creo que ninguén pode negar a estas alturas que a CIG e



o BNG teñen practicamente o mesmo discurso—, se lles negue e se lles falte ao respecto a estas tres organizacións sindicais, que están sentadas as catro na mesa sectorial. A verdade é que non se pode negociar con quen non quere negociar; non se pode negociar con quen non plantexa ningunha proposta na mesa sectorial. A verdade é que como non se gana ou como non gana ninguén é con posturas de *o todo o nada*, con posturas que desprezan os outros membros da mesa, con posturas nas cales na mesa sectorial non se presenta nin unha soa proposta. Por suposto, se esa é a forma de negociar —por certo, bastante excluín-te por parte desta organización sindical, que despreza as outras organizacións— realmente é unha cuestión ben curiosa.

É obvio que, visto o visto, hai algúns que prefiren ter un mal lío a ter un bo acordo e, ao final, o tempo ponnos a cada un no seu sitio. Para acordar e negociar todos temos que ceder e non ter unha postura absolutamente maximalista, e, por certo, sen ningunha proposta na mesa sectorial. Este acordo afecta moitísimas variables: as ratios, as horas lectivas, como se computan os alumnos con necesidades educativas especiais con certificado de discapacidade; afecta tamén a formación do profesorado, os cargos directivos, tamén a redución da burocracia. Vostedes —insisto— prefiren perseverar en cuestionar e en faltarlle ao respecto a tres das catro organizacións sindicais e prefiren ter un mal lío a un bo acordo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten novamente a palabra dona Cristina Fernández.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Ben, señor Rodríguez, vostedes non se moven nin un ápice da súa postura. Así o dá a entender no seu discurso, e deste xeito non se pode avanzar. Estes dous que vostede falaba eran uns mínimos que tiñan todos os sindicatos cando se empezou a negociación, e vostede só acordou aquelas cousas que lle interesaban con tres dos sindicatos, que por encima son minoritarios. De feito, moitos dos seus afiliados están plenamente de acordo co que di non soamente ese sindicato ao que vostede se refería, senón co que din os outros dous que neste momento o acompañan tamén e que si que suman a maioría da representación dos docentes.

Deben recoñecer que o acordo do pasado 11 de outubro foi unha primeira negociación con representación sindical e que agora deben negociar un novo acordo que satisfaga de verdade todas as partes. Porque, como xa dixeran, as demandas dos docentes non ían de maior salario, nin da rebaixa da xornada de traballo; o que buscan é poder traballar nun ensino inclusivo e ter tempo para desenvolver accións directas e claras, pero tamén preventivas, co alumnado, como poden ser plans e estratexias para a diversidade e para a sensibilización contra a violencia machista; campañas de igualdade; a aplicación e o desenvolvemento do Plan de convivencia; a atención individualizada ao alumnado NEAE e con altas capacidades; maior seguimento das titorías ao alumnado e ás familias; prevención do suicidio entre a infancia e a mocidade...; cousas que agora non se poden facer por moito que vostedes se empeñen en que os docentes poden facelo todo.



Na educación —con maiúsculas— ten cabida todo o alumnado para que a inclusión sexa real. Debemos poder ofertarlles a atención que precisan todos e todas, pero, sobre todo, aqueles colectivos máis vulnerables: alumnado TDAH, TEA, alumnado con dislexia e tamén aqueles dentro da máis ampla diversidade. Non podemos esquecer avanzar en igualdade e nos dereitos das persoas. E todo isto debe nacer dentro dos centros educativos. Cada vez que dende a Consellería trazan unha nova estratexia, plan ou avaliacións do tipo que sexa, as persoas docentes arrepían. Arrepían porque os medios que vostedes despregan son sempre os mesmos: ampliarlle as funcións a todo o profesorado. E esta é unha goma que, de tanto estirar, lles vai a vostedes directa aos fociños.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Polo tanto, os...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Vale.

Aproveite, entón, esta nova ocasión que lle brindan os sindicatos maioritarios para volver sentar e facer o seu traballo, que é negociar con eles.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señoría, con todo o respecto e todo o cariño, eu xa me sentei cos sindicatos e eu xa negocieei con eles. Un non quixo negociar; non sabemos por que. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Na mesa sectorial, señor deputado, tres sindicatos. ¿E vostede que di? Vostede está aquí dicindo que UXT, Comisións Obreiras e ANPE... ¿Como os cualificaría? Case coma se estivesen prisioneiros da Xunta de Galicia. Vostedes teñen un problema de falta de respecto absoluto a estas tres organizacións sindicais, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* porque os están ninguneando...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Respeten o uso da palabra, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...absolutamente, estanlles faltando ao respecto a estas tres organizacións sindicais, que si que negociaron e que si que tiveron altura de miras.

Vostedes quedaron absolutamente fóra de xogo —e cando digo vostedes, digo tamén a CIG—, e agora intentan facer un pouco de ruído, porque —como lle dixen antes— prefiren un mal lío a un bo acordo. Falan de concentracións masivas, din que un 60 por cento; foi un 15 por cento. Falan de ensino inclusivo. Creo que este acordo vai potenciar moito un ensino xa de por si moi



inclusivo; o mellor de España, segundo datos do Ministerio nas porcentaxes de inclusión dos nenos con necesidades educativas especiais. Precisamente, a altura de miras destes tres sindicatos e da Xunta posibilita que un neno que ten un certificado de discapacidade teña un cómputo máis grande, poidan reducirse as ratios educativas e poida ter unha mellor atención. Pero iso vostedes non o din.

Vostede soltou agora unha serie de cuestións que non teñen nada que ver co acordo, un pouco para xustificar o que está a dicir. Mire, nunha negociación todos temos que ceder; agora ben, se partimos do branco ou negro e non temos capacidade de entender que hai que ceder e dunha postura maximalista, onde daba a sensación, claramente, de que non había ningún tipo de interese, porque houbo cero propostas encima da mesa, ao final, un queda retratado e queda fóra de xogo. E cando se dá conta diso, pois monta un mal lío.

¿Que vai permitir isto? Eu pódolle dicir exactamente o que supón a nivel de ratios, o que supón a nivel de horario lectivo, o que supón en atención diferenciada, o que supón en redución da burocracia, pero basicamente o que se plantexa e o que vai posibilitar e permitir este acordo é adiantarse ao futuro. E vai permitir, primeiro, estabilizar a planta territorial do sistema educativo galego, tremendamente diversificada polo territorio; vai permitir estabilizar as plantillas docentes; vai posibilitar dar unha mellor atención a todos os alumnos, pero moi especialmente aos que teñen necesidades educativas especiais; vai posibilitar reducir a burocracia; vai posibilitar potenciar aqueles profesores que máis se involucran no seu traballo a través dos complementos á dirección e aos equipos directivos, que ben merecen, polo traballo que fan, un maior recoñecemento; e vai potenciar a formación do profesorado, potenciando e financiando máis aqueles profesores que máis se formen. Todo isto, sen dúbida ningunha, vai repercutir na mellora da calidade, da equidade e da igualdade de oportunidades do noso sistema. Contra isto están aqueles que prefiren un mal lío a un bo acordo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as solucións que pensa ofrecer o Sergas para dispor dun servizo de interrupción voluntaria do embarazo e garantir este dereito

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra, por tempo de tres minutos, dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

Esta é a cuarta ocasión en tan só un ano na que esta deputada trae a este pleno e a debate con vostede a situación da práctica das interrupcións voluntarias do embarazo no noso país.



Eu non sei a vostede, pero a nós parécenos que xa son demasiadas para unha cuestión que tiña que estar máis que normalizada en Galicia. Por certo, se non é pola firme convicción dun goberno, desde logo si que o é pola lexislación.

Como xa lembramos aquí, vostede aseguraba en febreiro deste ano, do 2023, que Galicia contaba, e conta —non sabemos— cos medios para ofrecer a prestación do aborto dentro do sistema público en todas as áreas sanitarias e en todas as semanas de xestión e modalidades autorizadas pola lei. Vaiamos á hemeroteca. Isto dicíao vostede no mes de febreiro. Dicía tamén que a creación do Rexistro de Profesionais Obxectores de Conciencia aquí non facía falta porque en Galicia iso non era un problema.

Ben, cinco meses despois, con esa agusticidade á que nos teñen acostumadas, sacaban a concurso a contratación dun servizo da interrupción voluntaria do embarazo para embarazos de menos de 14 semanas de xestación, xustificándose —jollo!, comiñas—: «...na falla de recursos tanto materiais como humanos e no dereito de exercer a obxección de conciencia». Isto dicíao vostede catro meses despois. Ou sexa, basean un contrato nunhas razóns que non existían catro meses antes. ¡Claro!

O colmo chega o pasado 17 de outubro cando coñecemos que queda deserta esa licitación por non terse presentado ningunha oferta. Unha situación lamentable —pensamos nós—, para a que, ademais, a Consellería ten como resposta nos medios de comunicación que están avaliando propostas para seguir prestando este servizo, algo que se decidirá nun futuro. Nós preguntámoslle, señor conselleiro, se cre vostede que os dereitos das mulleres poden agardar á avaliación dun departamento.

Estamos falando dunha licitación que, a razón de medio millón de euros ao ano e unha duración prorrogable a cinco, se establecía para practicar na privada unha media de 800 abortos anuais, amparándose, ademais, vostedes nun xogo perverso de cifras que xa destapamos no seu día, pero que queremos hoxe lembrar aquí. Segundo os seus datos, señor conselleiro, xa hoxe a gran maioría das mulleres en determinadas áreas sanitarias —podemos falar da práctica totalidade—, con embarazos de entre 9 a 14 semanas que deciden abortar, están sendo hoxe derivadas á privada. Non é unha excepcionalidade a súa.

Así que nós, diante desta situación, o que lle preguntamos é: ¿en que situación quedan —quedamos— agora as mulleres que queren —queremos— abortar tendo en conta que o argumento da Xunta de Galicia para externalizar a práctica dos abortos era a falla de recursos materiais e humanos? ¿Hai eses recursos materiais? ¿Hai eses recursos humanos agora ou non? ¿Entende vostede realmente a nosa preocupación?

Pregúntolle, conselleiro —e xa remato—: ¿como van garantir o dereito ao aborto en Galicia? (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Díaz.

Para darlle resposta, por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor conselleiro, Julio García Comesaña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señora Díaz, vou comezar estando de acordo con vostede por unha vez. Efectivamente, catro veces este tema aquí son ocasións de máis para algo que é bastante máis sinxelo.

O pasado mes de setembro dicíalle, efectivamente, que non entendía a súa pregunta sobre as licitacións desta prestación, despois de que —como vostede ben di— en febreiro eu explicara aquí todos os datos sobre como se prestan as interrupcións voluntarias do embarazo no Sergas. Non entendía eu como podía falar de privatización cando a licitación —esa licitación que a vostede a escandaliza— estima menos intervencións concertadas coa privada para os vindeiros anos das que se teñen feito nos anos anteriores.

Eu explicáballe que o único cambio con respecto aos datos que xa lle contara no mes de febreiro era o procedemento de contratación. O que antes se contrataba de xeito directo pasaba a licitarse en aberto ou en concorrencia, basicamente por recomendación do Consello de Contas a este Parlamento. Fixo como que non entendía e trasladou unha serie de acusacións de que iamos cambiar o sistema para enriquecer as clínicas privadas, e resulta que esas clínicas privadas, das que vostede di que somos amigos, non só non se presentan a ese suposto pelotazo, senón que ademais saen na prensa dicindo que no Sergas somos uns tacaños e que non lles subimos a tarifa ata onde eles querían. ¡Vaia amigos somos da sanidade privada, señora Díaz! *(Aplausos.)*

Agora que ese procedemento de contratación se pechou, vostede volve darlle outra volta. Despois de que lles dixeramos que o contrato non cambiaba a prestación, senón unicamente o procedemento, pregunta vostede, moi preocupada, que vai pasar agora co contrato que quedou deserto. Pois a resposta é moi sinxela: non van cambiar nin a prestación nin o procedemento. Fíxese que complicado é darlle a resposta, señora Díaz. Seguiremos prestando o servizo igual que antes, como lle contaba en febreiro. Máis do sesenta por cento —e subindo— das interrupcións voluntarias do embarazo que se fan en Galicia fanse no ámbito público, exactamente igual que antes. Neste caso, o que imos cambiar é a forma de contratar —como lle dicía—; imos licitar en aberto. Para cando saia —xa lle aviso—, tampouco vai cambiar en absoluto a prestación, unicamente o procedemento de contratación.

Sei que é un aviso inútil porque aínda que eu llo conte e vostede o saiba, vostede vai volver saír a lanzarse á demagogia, cando non á mentira. Digo isto da mentira porque cando preguntou por isto en setembro e llo expliquei, dixo unha mentira que non tiven tempo a contrastar. Vostede dicía que iamos externalizar o cen por cento dos abortos de menos de 14 semanas. Ben, vostede sabe que hai unha táboa que lle demos no mes de febreiro onde di que o que licitamos son 800 procedementos, cando os que levamos feito de menos de 14 semanas son 2.400 no rango de menos de 9, e 800 no rango 9–14. Polo tanto, máis de 3.000; 800 é o 25 por cento de 3.000. Polo tanto, estamos licitando o 25 por cento, nada máis que iso, señora Díaz. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de réplica.



A señora DÍAZ VARELA: Si, señor Comesaña, vostede é unha pura contradición, de verdade. Ou sexa, o contrato xustificábase na falla de recursos tanto materiais como humanos e no dereito de exercer a obxección de conciencia. Iso era no que vostedes baseaban ese contrato. Non o estou dicindo eu, dío o papel. Ben, claro, se ese contrato que prevían licitar era o sistema polo que vostedes —tamén o di o papel— aseguraban que se garantía o servizo, ¿que me está contando hoxe aquí? ¿Que me está contando vostede hoxe aquí? (*Murmurios.*)

Agora, evidentemente, ao quedar deserto, ¿que vai pasar co exercicio do dereito ao aborto que temos as mulleres galegas? ¿Pode dicirmo? Porque non estamos inventando nada, non estamos falseando absolutamente nada. Claro, digo as mulleres galegas, evidentemente, porque hai galegas que sabe que teñen tamén nacionalidade arxentina que non o van poder facer —como ben sabe— a partir de agora, ¿non? Claro, por certo, por apoios de persoas non pouco relevantes do seu partido, que tamén fixeron por aquí campaña.

E é que é certo, e lamento dicirlllo, pero non sei por que non recoñecen dunha vez por todas que os obstáculos ao aborto na pública aquí, no noso país, teñen que ver con postulados ideolóxicos, jé así! De feito, vostedes tiveron unha boísima oportunidade de demostrar o contrario do que digo na lei que aprobaron onte só cos seus votos, á que nós presentamos emendas e non foron aceptadas, señor conselleiro.

Se vostedes non incrementan de maneira inmediata os recursos, só caben dúas posibilidades: ou antes empregaban unha mentira como escusa para xustificar un contrato coa privada, o que é moi grave, ¡moi grave!; ou que agora están recoñecendo implicitamente que non poderán garantir este dereito, o que é aínda máis grave, señor conselleiro, ¡máis grave! (*Aplausos.*)

Di vostede que vai seguir todo como ata agora e, lonxe de tranquilizarnos, preocúpanos máis, porque vostede mesmo asumía que non eran quen de facelo. É que non sei se vostede se dá conta da súa propia contradición. ¿Van incrementar os recursos na pública, que é a única solución posible?

Déixese de contratos, cumpra a lei e poña todos os medios e recursos para permitir que as mulleres galegas poidan exercer o seu dereito ao aborto no sistema público, que é posible; sabe ben que é posible.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora DÍAZ VARELA: Verán como é posible dentro duns meses, claro. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas

Réplica do Goberno.

Ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidenta.



Xa me explicará nun aparte ou cando queira iso que acaba de dicir dos arxentinos ou das arxentinas, que non sei de que fala; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non sei de que fala vostede.

Contra todo o que di vostede, a realidade é que en Galicia se realizan interrupcións voluntarias do embarazo na sanidade pública en todas as áreas sanitarias e en todos os prazos de xestación contemplados na lei. A lei en Galicia cúmprese estrictamente. Ningunha muller galega ten que saír de Galicia para facer un procedemento deste tipo, nin sequera naqueles casos de máis de 22 semanas, para os que, como vostede ben sabe, temos dous centros que o están a facer. Non é así noutras comunidades.

O que si que dixemos e seguimos dicindo é que temos que dispoñer dunha alternativa no ámbito privado, neste caso, porque, como vostede ben sabe —ou debería saber—, hai mulleres que piden expresamente facelo fóra do ámbito público; polos motivos que sexa, pero pídeno. En Vigo, tamén, onde o cen por cento se fai na pública, pero teñen a opción de pedir facelo na privada. Tamén porque, como vostede sabe, ou debería saber, a Lei de prazos é iso, unha lei de prazos, e se unha muller está na semana 14, ao día seguinte está na semana 15 e, por tanto, ás veces necesitamos ter esa flexibilidade que nos dan ata agora as clínicas privadas para poder facer iso. E iso vai seguir sendo así.

Fronte ao seu alarmismo, teño que dicir, unha vez máis —e, efectivamente, é a cuarta vez que o digo— que as mulleres galegas, as que viven en Galicia, todas elas, sobre ese risco de que aquí non se cumpre a Lei do aborto, poden estar tranquilas. A pesar do que di o Partido Socialista de Galicia, en Galicia a Lei do aborto cúmprese estrictamente, cúmprese en todos os supostos —como digo—, en todas as áreas sanitarias e en calquera tempo do embarazo. E —como digo— facíámolo dun xeito, por unha contratación directa, pero, como o Consello de Contas nos di que o temos que facer doutro xeito, e ten razón, pois facémolo doutro xeito. Queda deserto, pero volveremos licitar. Tan sinxelo como iso. Pero, insisto, que as mulleres galegas —a sociedade galega— estean plenamente tranquilas, porque no Servizo Galego de Saúde se vai poder seguir facendo a interrupción voluntaria do embarazo en todas as áreas sanitarias, en todos os períodos e en todos os supostos. E ninguén vai ter que saír de Galicia, como fai falta, precisamente, nas comunidades autónomas onde gobernan vostedes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Avanzamos na última pregunta da sesión plenaria de hoxe.

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a modificación da composición do Consello Agrario Galego a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2024

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, por tempo de tres minutos, ten a palabra don Martín Seco.



O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Imos rematar estas longas sesións de pleno cunha pregunta escabrosa, señor conselleiro. En democracia é básico respectar os resultados e a metodoloxía que damos para obter representación nos procesos electorais. O Consello Agrario, que debera de ser o máximo órgano de diálogo e consulta no sector en Galicia, aínda que vostedes o utilizan máis en beneficio propagandístico que como un espazo de debate e acordo coas organizacións agrarias, está regulado pola Lei 1/2006, do 5 de xuño, que establecía unha composición da que formaban parte 12 vogais en representación das organizacións agrarias máis representativas de Galicia; unha representación que foi froito dun proceso electoral que debera respectarse ata a celebración de novas eleccións e que daba 4 membros a Unións Agrarias, 4 membros ao Sindicato Labrego Galego e 4 a Asaja Galicia.

Fagamos memoria do sucedido no 2016 para entender o que está a suceder agora. Nese ano, a Asociación de Jóvenes Agricultores de Galicia disólvese por quebra económica, perdendo os seus catro membros no Consello Agrario e quedando este só con oito membros, á espera de novas eleccións. Unha situación derivada da fraudulenta xestión do líder de Asaja en Galicia, o señor Juan Pérez Miramontes, que agora ten unha condena de seis meses de prisión e a obriga de devolver 655.000 euros por fraude á Seguridade Social; unha sentenza que di, literalmente, que entre o 2012 e o 2015 esta persoa utilizaba as empresas nas que participaba co ánimo de defraudar os intereses da Seguridade Social.

Agora, señor conselleiro, o seu goberno utiliza a Lei de acompañamento ao orzamento de 2024 para modificar pola porta de atrás a lei que regula a composición do Consello Agrario, co único obxectivo de beneficiar os herdeiros da desaparecida organización que lideraba o dito Pérez Miramontes.

Na modificación que recentemente aprobaron reducen a representación de 12 a 8 vogais das organizacións agrarias, introducindo que se incluírán catro vogais novos, que serán para a asociación que acadase o maior número de representantes nas últimas eleccións aos consellos reguladores de Galicia; unha medida que cambia as normas de xogo no medio do partido, unha vez que saben o resultado aos consellos reguladores, no que utilizan, ademais, a representación de empresas para sumarlles representantes aos seus amigos, e nin tan sequera plantexan un equilibrio na representación cos resultados acadados nas eleccións aos ditos consellos, como se nunhas eleccións locais o partido que gañase as eleccións tivese todos os concelleiros en xogo.

Conselleiro, vostede debería explicar a vinculación do Goberno con esta organización despois do trato de favor que quere darlles aos herdeiros de Pérez Miramontes e cal é o motivo real deste cambio normativo por vía da Lei de acompañamento na composición do Consello Agrario sen terse celebrado eleccións. Sabemos que no Partido Popular non levan ben isto de aceptar os resultados electorais e que Feijóo sería o presidente do Consello Agrario ¡se quixese! (*Murmurios.*) Pero o que debería de facer vostede é respectar a quen o merece e non premiar aqueles que non o merecen.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Seco.



Para responder, e por tempo tamén de tres minutos, ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Presidenta, señorías, boa tarde a todos e a todas.

Permítame que aproveite a miña quenda, señor Seco, para calmar un pouco o ton desta cuestión, porque encontro a súa exposición de motivos certamente exacerbada, e a exacerbación, en moitos casos, é síntoma de descoñecemento.

Neste sentido, tómolle a urxencia da pregunta porque, ante o descoñecemento, máis vale proveerse dunha explicación, ¿non é? Por iso quixera arroxar un pouco de luz sobre esta materia sendo totalmente transparente, como sempre son cando estou neste Parlamento, señorías —sempre o son, pero aquí especialmente, efectivamente—. (Risos.)

Efectivamente, modificouse a Lei 1/2006, do 5 de xullo, do Consello Agrario Galego, pola vía da Lei de acompañamento; iso é certo. Preguntan por que. Eu voules trasladar uns cantos porqués, comezando polo feito de que esta nova regulación non beneficia ningunha organización en particular, senón que permite ratificar, en primeira instancia, o artigo 1 desa mesma lei, que di que o Consello Agrario é un órgano permanente de participación, asesoramento, diálogo e consulta da Administración galega en materia agraria e desenvolvemento rural. A partir de aí penso que está todo dito.

Non obstante, que quede claro que esta modificación vén para dar cabida, señorías, a aquelas asociacións que teñan maior representatividade no conxunto do sector primario galego. Polo tanto, entendemos que así aqueles que teñen maior representatividade poderán defender mellor os intereses do sector. En ningún caso, señorías, supón esta modificación unha mingua de representación; esta representación, señor Seco, mantense inmutable. Había 12 vogais e segue habendo 12 vogais, en concreto, 8 vogais para as dúas organizacións agrarias, como ata o de agora. Ademais —como dixo vostede tamén na súa pregunta—, antes existían tres organizacións agrarias e correspondían catro vogais a cada unha das organizacións.

O que fixemos agora é manter eses doce, pero como non tiñamos representación de catro deles porque non había unha organización agraria, o que entendemos era que era necesario incluír aquela asociación que ten maior representatividade no sector. ¿E cal foi a que collemos? Fóra das organizacións agrarias, aquela asociación que ten máis representantes nos consellos reguladores ou nas eleccións dos consellos reguladores, que iso é, claramente, unha demostración de representatividade no sector. Polo tanto, o que vimos facer con esta modificación é dotar de máis presenza no Consello Agrario o sector primario, precisamente, para que se poidan defender mellor os seus intereses.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten novamente a palabra o señor Seco.



O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Conselleiro, parece mentira que hai pouco, na Comisión 7ª, votasen en contra dunha iniciativa que pedía eleccións para que, precisamente, se renovase esa representación. Pero agora resulta que vostedes queren modificalo por esta vía porque no Partido Popular teñen un problema moi serio coas súas amizades e coas actividades delituosas que realizan esas amizades. Ademais, temos claro que non len os medios de comunicación nin len o Google cando non lles interesa. Seguro que vostede non viu a condena do señor Pérez Miramontes por fraude á Seguridade Social; é dicir, a todos os cidadáns. Seguramente, tampouco recordan a condena ou a causa que ten aberta pola que estivo seis meses en prisión en relación cunha rede de trata de explotación sexual de mulleres. Seguro que non teñen explicación para dicirnos cal é a convivencia deste home co seu partido, que, por certo, fora fotografado en varias ocasións navegando co expresidente do Goberno do Partido Popular, o señor Mariano Rajoy. Señor conselleiro, ¡canto lles gusta a vostedes navegar con delinquentes!

A realidade é que vostedes modifican a composición dun órgano de representación democrática ao seu antollo, collendo aquela situación máis beneficiosa para a organización á que desexan premiar. Ou sexa, cambian a lei para darlle representación a unha organización amiga —como vostede máis ou menos di sen querer dicilo—; a mesma representación que perderan eles mesmos por actitudes fraudulentas, e todo iso sen seguir, nin tan sequera, unha repartición equilibrada nas eleccións aos consellos reguladores, e cunha metodoloxía aplicada para contabilizar a representación que se amolda aos intereses dos seus amigos, contabilizando representantes de empresas do ámbito empresarial que non son do ámbito produtor, porque saben que, de non ser así, Asaga non sería a organización con maior representación.

Señor conselleiro, vostede sabía ben o que facía cando aprobaron este cambio e sabe que lles seguen a dar poder e cartos a aqueles que defraudan a Seguridade Social coas súas actividades fraudulentas, polo que vostedes son responsables do que poida suceder. Daquela, non valerá aquilo de que «había nieve» e non viron quen navegaba ao seu lado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señora presidenta.

Señor Seco, aquí está claro que vostede quería colocar a súa mensaxe; supoño que porque terá que colocarse tamén nalgún momento no seu partido. Bueno, pois xa está... (*Aplausos.*) Todo o demais, que lle deamos explicacións... (*Aplausos.*) Pero, bueno, a min esqueceume dicir antes que ¡só faltaba que estivésemos pensando no señor Feijóo para entrar no Consello Agrario! O señor Feijóo sería un grandísimo presidente do Goberno, como o foi da Xunta de Galicia, e, se non o foi, foi precisamente porque renunciou a todas... (*Murmurios.*) as concesións que vostedes tiveron que facer aos nacionalistas... (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Respecten o turno de palabra.



O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): É dicir, imos seguir. *(Aplausos.)*

Eu xa dei —penso— bastantes porqués, pero vou dar algún máis, señorías; porque fala, ademais, dun señor e fala dunha asociación, que me gustaría que vostede acredite a conexión dunha cousa coa outra. Pero eu vou seguir facendo un esforzo extra por tratar, evidentemente, de aportar os datos obxectivos, que penso que son necesarios.

En primeiro lugar —volvo repetir—, esta modificación trata de dar máis voz ao sector nun Consello Agrario que necesita, nestes momentos, de moitísima participación polos asuntos de suma importancia que están a afrontar. Polo tanto, o que temos que facer é tratar de buscar aqueles que teñan maior representación; fixémoslo noutros organismos, como no Observatorio do Sector Lácteo coas entidades que teñen maior representatividade no sector do leite. E aquí, ¿cal é unha medida obxectiva? Pois aquel que ten máis vogais nas eleccións aos consellos reguladores —que, por certo, foron un bo número de consellos reguladores de diferentes sectores económicos—. ¡Home!, se as eleccións aos consellos reguladores, señor Seco, non son un parámetro de representatividade cun procedemento regulado na Lei 2/2005 e no Decreto 4/2007, pois igual é que vostede non ten moito coñecemento ao respecto. Ese é outro dato claramente obxectivo.

Pero, mire, se afondamos algo máis na Lei 2/2005, vemos que o artigo 12.8 di que os principios que teñen que rexer as eleccións aos consellos reguladores son os principios democráticos que presiden, precisamente, este procedemento de elección. Ademais, se tomamos o capítulo VI do Decreto 5/2007, vemos que este regula o réxime electoral de eleccións aos consellos reguladores conforme a principios democráticos —outro dato obxectivo—. Señor Seco, ¿está poñendo vostede en dúbida o carácter democrático das eleccións aos consellos reguladores? ¿Está poñendo vostede en dúbida que os vogais dos consellos reguladores teñen suficiente representatividade dos sectores económicos que están neses consellos reguladores? Pois o que fixemos foi, tomando esa representación, entender que era moi bo para o Consello Agrario que houbera máis representantes do sector para poder defender mellor os intereses dese sector. E collemos aquela organización —neste caso asociación— que acreditou a maior representatividade a través das eleccións aos consellos reguladores.

Señorías, eu penso que queda suficientemente explicada esta modificación, e agardo que, canto antes, poidan apoiar o traballo do Consello Agrario coa representación non só desta asociación, senón tamén do Sindicato Labrego Galego e de Unións Agrarias. Diríalles tamén que lles pregunten un pouquiño a Unións Agrarias cal é a súa opinión a respecto desta materia.

Máis nada e moitísimas grazas. *(Aplausos.)*


A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Non quería rematar a sesión sen reiterar o agradecemento pola comprensión das señorías esta tarde.

Damos por finalizada a sesión plenaria.

Remata a sesión ás sete e dez minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

